29 Así, o artigo 65 do Regulamento de contratación das corporacións locais de 1953, que se refería ao incumprimento polo contratista das “obrigas que lles incumban”, ou o 52.1 da Lei de contratos de 1965, que vinculaba a posible resolución ao “incumprimento das cláusulas contidas nel”.

1ª. do Tribunal Supremo, xa circunscribiran, vixentes tales disposicións, a potestade administrativa resolutoria do contrato aos incumprimentos “graves e de natureza substancial”, aos relativos ás súas “cláusulas esenciais”, non aos daquelas “accesorias e complementarias”³⁰. O artigo 206.g) da Lei de contratos do sector público de 2007, 223.f) do seu texto refundido, manterá esta exigencia, aínda que dá un paso máis respecto da disposición precedente ao establecer que esas “obrigas esenciais” deben estar “cualificadas, como tales, nos pregos ou no contrato”. Un requisito co que se puña “fin ao problema interpretativo de determinar o que debía entenderse por deber esencial”³¹, pero que suscitaba, non obstante, unha interrogante importante, a de se a Administración contaba ou non coa posibilidade de romper un contrato ante a infracción polo contratista de obrigas que, podendo considerarse esenciais de acordo co réxime propio do contrato, non viñan, porén, tipificadas como tales nos seus pregos³². Unha dúbida finalmente resolta en favor desta posibilidade, pois, como manterá o Consello de Estado nunha interpretación compartida pola xeneralidade dos órganos consultivos autonómicos, “a vontade evidente do lexislador é incentivar o celo dos redactores dos documentos de contratación e moderar o emprego da potestade de resolución, pero non impedila en casos de incumprimentos groseiros e flagrantes ou que demostren unha vontade do contratista rebelde ao cumprimento”³³.

A LCSP vixente volve modificar o presuposto de feito desta causa de resolución precedente agora, como establece o seu artigo 211.1.f), cando o contratista, norma inexistente no TRLCSP de 2011, incumpra “a obriga principal do contrato”, ou, previsión que si herda desta disposición, calquera “das restantes obrigas esenciais sempre que (...) tivesen sido cualificadas como tales nos pregos ou no correspondente documento técnico descritivo”, aínda que engade dous requisitos inexistentes nese texto refundido: que a determinación das obrigas desta natureza respecte “os límites que o apartado 1 do artigo 34 establece para a liberdade de pactos”, isto é, non sexa contraria “ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración”; e “figuren enumeradas de xeito preciso, claro e inequívoco”, non sendo “admisibles cláusulas de tipo xeral”. O precepto recolle, en realidade, dúas causas de resolución

30 Neste sentido, e entre outras moitas, poden verse as Sentenzas do Tribunal Supremo do 2 de abril de 1992 (RX 1992/2994), 17 de maio de 1997 (RX 1997/3932) ou do 15 de xullo de 1998 (RX 1988/5903), ou o Ditame do Consello de Estado do 9 de xuño de 1988 (expediente número 52006).

31 En termos, por exemplo, do Ditame do Consello Consultivo de Galicia 230/2016, do 14 de setembro.

32 D. RUÍZ DAIMIEL expresárase en termos críticos a esta previsión advertindo, ademais, que a nova LCSP, en elaboración cando reflexionaba sobre o particular, “non solucionará os problemas formulados pola actual, senón que os agravará” (“La resolución del contrato por incumplimiento de las obligaciones contractuales esenciales. Una crítica a la actual regulación formalista”, *Observatorio de Contratación Pública, Sección Opinión*, outubro de 2016).

33 Ditame 47/2016, do 23 de decembro, expresivo doutros no mesmo sentido. Esta interpretación favorable, en termos do Ditame 300/2019, do 10 de outubro, da Comisión Xurídica Asesora de Cataluña, á prevalencia “da nota da esencialidade da obriga sobre o aspecto formal” será, en efecto, compartida, desde os seus primeiros pronunciamentos na materia, polos órganos consultivos de Andalucía (Ditame 926/2018, do 13 de decembro), Castela-A Mancha (Ditames 95/2018, do 15 de marzo, ou 279/2018, do 27 de xullo), a Rexión de Murcia (Ditame 217/2015, do 28 de xullo), A Rioxa (Ditames 20/2016, do 20 de xuño, ou 47/2016, do 23 de decembro), Canarias (Ditame 401/2018, do 4 de outubro), Castela e León (Ditames 282/2018, do 11 de xullo, 474/2018, do 15 de novembro, e 490/2018, do 28 de novembro) ou Madrid (Ditames 153/2018, do 27 de marzo, e 287/2018, do 21 de xuño). Outros Consellos Consultivos, como os de Aragón e Principado de Asturias, acabarán adheríndose a ela (Ditames, respectivamente, 142/2017, do 12 de xuño, e 43/2015, do 5 de marzo), aínda que inicialmente mantivesen unha posición contraria, como pode comprobarse nos Ditames 82/2012, do 29 de maio, do Consello Consultivo de Aragón, e 40/2014, do 3 de marzo, do asturiano.

contractual diferentes, aínda que, como se dixo, “estritamente imbricadas”³⁴, como teremos ocasión de comprobar. Analicemos brevemente unha e outra.

– *A obriga principal do contrato coincide coa prestación que constitúe o seu obxecto*

Cumprido o terceiro aniversario da promulgación da LCSP, pode considerarse plenamente consolidada a interpretación que sobre este específico motivo de ruptura contractual ofrecía o Consello de Estado no seu Ditame 1116/2015, do 10 de marzo de 2016, ao anteproxecto de lei, no cal identificaba esa obriga coa propia prestación obxecto, en cada caso, do contrato. Unha previsión, engadía o alto órgano consultivo, que, de aprobarse, como aconteceu, acabaría “coa dificultade interpretativa” que formulaba a Lei de 2007 e o seu texto refundido, na súa aplicación a aqueles contratos en que os pregos cualificaban “de esenciais varias das obrigas accesorias imputables ao contratista” pero omitían esa “cualificación no que atinxe ao obxecto mesmo do contrato (a realización da obra, a entrega da subministración ou a prestación do servizo) por ser evidente”³⁵. En realidade, a lei vén, neste punto, positivizar a interpretación do Consello de Estado, seguida polos órganos consultivos autonómicos³⁶, que, baixo a vixencia do réxime derogado, mantiñan que a falta de execución do contrato “pode incardinarse no ámbito do artigo 223.f)” do TRLCSP, “en canto incumprimento dunha obriga esencial, mesmo aínda cando non estivese así cualificada expresamente no prego”³⁷.

Desta forma, e desde unha análise sempre atenta ás circunstancias de cada suposto, vén considerándose que procede a resolución do contrato, ao ter incumplido o contratista coa súa “obriga principal”, nos supostos en que non executa as obras que constitúen o seu obxecto³⁸ ou as realiza en termos distintos daqueles aos cales se

34 Ditame 239/2020, do 10 de outubro, do Principado de Asturias.

35 Interpretación en que coincidirán tamén os primeiros comentaristas da lei. Así o fan J.M. FERNÁNDEZ ASTUDILLO (*El nuevo régimen de la contratación pública*, Bosch, Wolters Kluwer, Madrid, 2018, pp. 1193-1194) ou R. GUERRERO ANKERSMIT (“Comentario al artículo 211”, Recuerda Girela, M.A. (dir.), *Comentarios a la nueva Ley de Contratos del Sector público*, Civitas, Thomson-Reuters, Cizur Menor, 2018, pp. 1245-1246). Sobre a obriga, cun carácter máis xeral, do contratista de cumprir coa prestación obxecto do contrato, remítome ás consideracións de J.A. HERNÁNDEZ CORCHETE (“Capítulo XLI. Prerrogativas, derechos y obligaciones”, Gamero Casado, E. e Gallego Córcoles, I. (dirs.), *Tratado de contratos del sector público*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2018, pp. 2128-2132).

36 En efecto, os órganos consultivos autonómicos non dubidaran á hora de cualificar como “esencial a obriga central, nuclear do contrato” (Ditame da Comisión Xurídica Asesora de Madrid 153/18, do 27 de marzo), aquela que tende á “determinación e concreción” do seu obxecto “de forma que o seu incumprimento determinaría que non se alcance o fin perseguido polo contrato” (Ditames do Consello Consultivo de Canarias 374/2019, do 17 de outubro, e 457/2019, do 5 de decembro). No mesmo sentido, e entre outros moitos, poden verse os Ditames 474/2018, do 15 de novembro, do Consello Consultivo de Castela e León; ou 926/2018, do 13 de decembro, do Consello Consultivo de Andalucía.

37 Ditame 325/2015, do 29 de abril, que cita o anterior 602/2013, do 26 de xuño, en que o Consello de Estado xa se expresara en tales termos.

38 Numerosos ditames de diferentes órganos consultivos conclúen, en efecto, que o contratista incorre nun incumprimento da súa “obriga principal” causante dunha ruptura do contrato, en supostos nos cales “non executa as obras obxecto deste” (Ditame do Consello Consultivo de Canarias 443/2019, do 28 de novembro), renuncia a elas (Ditames do Consello Consultivo de Andalucía 47/2019, do 17 de xaneiro, 164/2019, do 20 de febreiro, ou 203/2020, do 25 de marzo; ou Ditame 102/2019, do 5 de abril, da Comisión Xurídica Asesora de Cataluña), parálizaa de xeito indefinido (Ditame 53/2019, do 6 de febreiro, do Consello Consultivo de Castela-A Mancha) ou, tras levantar a Administración a suspensión legalmente acordada, non as reinicia a pesar de ser emprazado para iso “en reiteradas ocasións” (Ditame 21/2020, do 29 de xaneiro, da Comisión Xurídica Asesora de Euskadi). En definitiva, en supostos en que “o seu abandono resulta, pois, patente” (Ditames do Consello Consultivo de Andalucía 639/2019, de 3 de outubro, ou 35/2020, do 23 de xaneiro), a empresa “rexeita continuar coa execución do contrato nos termos pactados nos pregos” (Ditame do Consello Consultivo de Canarias 468/2019, do 19 de decembro).

comprometera³⁹; en contratos de servizos, cando non dá cumprimento á prestación básica á que este serve⁴⁰; ou, en contratos de subministracións, non entrega en prazo os bens a que se comprometera⁴¹, ou estes non reúnen as condicións ou características estipuladas no contrato⁴². En definitiva, e en termos tomados do Ditame 24/2020, do 6 de febreiro, do Consello Consultivo do Principado de Asturias, na “nova causa legal de resolución” incardínanse “aqueles incumprimentos que materialmente frustran a consecución do obxecto do contrato”, co que xa non hai que acudir, como acontecía ao abeiro da normativa anterior, a “interpretacións, máis ou menos forzadas ou extensivas, doutras causas resolutorias” co obxecto de “superar as dificultades que formulaban os casos en que, tendo abandonado o contratista a execución do contrato, non se adoptase a precaución de recoller tal circunstancia entre as obrigas contractuais esenciais, por máis que materialmente for a de maior relevancia”.

– O incumprimento das “restantes obrigas esenciais”

O artigo 211.1.f) da LCSP non só faculta a Administración para a resolución do contrato ante o incumprimento polo contratista da súa “obriga principal”, senón que estende tamén esta posibilidade aos supostos en que ese incumprimento recae, concorrendo certos requisitos, sobre as “restantes obrigas esenciais” do contrato. Varias ideas deben destacarse na análise e interpretación desta segunda cláusula de ruptura contractual recollida neste precepto.

Ante todo, cómpre reparar en que o expreso recoñecemento do incumprimento da “obriga principal” como motivo propio de disolución do contrato exclúe deste outro suposto resolutorio aqueles incumprimentos que supoñen a non-execución do contrato, os máis claros expoñentes precisamente da violación de obrigas “esenciais” baixo a vixencia das leis de 1995 e 2007⁴³. Unha correcta interpretación da previsión

39 Por exemplo, realiza “de xeito incorrecto” as actuacións de mantemento das instalacións obxecto do contrato (Ditame 100/2020, do 17 de xuño, da Comisión Xurídica Asesora de Euskadi) ou non utiliza na execución da obra o material a que se comprometera (Ditame 186/2020, do 23 de xullo, do Consello Consultivo do Principado de Asturias).

40 Así, e nun contrato de “servizos educativos e formativos”, non atende “a oferta educativa básica prevista na cláusula quinta do PPT, así como o prazo de finalización da actividade do curso” (Ditame 492/2019, do 4 de decembro, do Consello Consultivo de Castela-A Mancha); no que ten por obxecto o “servizo de mantemento e socorrismo da piscina municipal”, non observa “as obrigas que garantan as medidas hixiénico-sanitarias para o uso da piscina en condicións axeitadas e de seguridade para os usuarios” (Ditame 833/2018, do 27 de decembro, Consello Xurídico Consultivo da Comunidade Valenciana); ou, no celebrado para a defensa xurídica dun Concello, non presenta “temporariamente o recurso de duplicación encargado (...) ao ter fixado erroneamente o *dies a quo* do cómputo do prazo de presentación do recurso coa conseguinte perda de oportunidade procesual para a casa do concello” (Ditame 386/2019, do 28 de setembro, da Comisión Xurídica Asesora de Cataluña).

41 Supostos dos que se atopan exemplos, entre outros, no Ditame do Consello de Estado 1089/2019, do 19 de marzo de 2020; ou nos Ditames 168/2019, do 13 de xuño, da Comisión Xurídica Asesora de Cataluña; 603/2019, do 30 de outubro, ou 652/2019, do 20 de novembro, do Consello Xurídico Consultivo da Comunidade Valenciana; 150/2019, do 11 de decembro, do Consello Consultivo das Illas Baleares; ou 324/2019, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Andalucía.

42 Neste sentido, poden verse os supostos analizados polos Ditames, expoñentes doutros no mesmo sentido, 185/2020, do 23 de xullo, do Consello Consultivo do Principado de Asturias; 125/2019, do 13 de febreiro, ou 551/2019, do 18 de xullo, do Consello Consultivo de Andalucía; 162/2020, do 11 de xuño, do Consello Consultivo de Castela e León; ou 54/2019, do 21 de marzo, da Comisión Xurídica Asesora de Euskadi.

43 Son moitos os ditames que nos ilustran, en efecto, sobre como a interrupción ou o abandono das obras, a suspensión da actividade sen causa que a xustifique en contratos de servizo público, ou a falta de entrega en prazo dos bens comprometidos ou a súa subministración en condicións defectuosas, en contratos desta natureza, se consideran, tanto en aplicación da Lei de 1995, como na de 2007, incumprimentos de obrigas “esenciais” que facultan a Administración para romper o contrato (Ditames, entre outros moitos, 3113/2002, do 30 de xaneiro, 742/2004, do 29 de abril, 1259/2007, do 30 de

que agora examinamos debe levarnos, pois, á conclusión de que o seu ámbito de aplicación queda circunscrito ao incumprimento de obrigas que, sen impedir que se realice a prestación obxecto do contrato, merecen ese cualificativo de “esencial” de acordo co réxime que o vincula.

Doutra parte, debe destacarse que, aínda que a nota de “esencial” que caracteriza estas obrigas nos leva, na súa clara condición de concepto xurídico indeterminado, ao terreo da necesaria valoración de cales delas son ou non merecedoras, en cada contrato, de tal condición, esa tarefa de concreción non quedou, non obstante, en mans do intérprete e aplicador do dereito, dado que o propio artigo 211.1.f) impón aos pregos do contrato a súa fixación “de xeito preciso, claro e inequívoco”, non “sendo admisibles cláusulas de tipo xeral” nas cales puidesen integrarse incumprimentos inicialmente non previstos⁴⁴. Esa enumeración ademais debe respectar, como indica tamén o precepto, “os límites que o apartado 1 do artigo 34 establece para a liberdade de pactos”; isto é, que “non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración”. Desta forma, e como expresa o Ditame 47/2019, do 19 de febreiro, do Consello Consultivo do Principado de Asturias, “o lexislador reforzou as exixencias impostas aos redactores da documentación preparatoria do contrato, sobre os que pesa a carga de anticipar de xeito “claro, preciso e inequívoco” os incumprimentos “que por afectar a obrigas esenciais poderán dar lugar á extinción do contrato”, previsión, ademais, que “deberá efectuarse con dilixencia e rigor máximos”. E é que, como sinala a propia Xunta Consultiva de Contratación con apoio na doutrina do Consello de Estado, “unha obriga non devén esencial por ser cualificada como tal no prego e no contrato, senón que esta debe o ser *ab initio*, isto é, debe estar vinculada ao obxecto do contrato e elementos dun contrato en particular, de maneira que constitúa un aspecto esencial no contexto da relación xurídica establecida entre as partes contratantes”⁴⁵. Ante a necesidade dunha correcta determinación destas “obrigas esenciais”, que, de concorreren, “serían apreciables de forma automática”⁴⁶, non debe tampouco pasar desapercibido, como apuntou o Consello de Estado no seu ditame ao anteproxecto de lei, que a listaxe de causas de resolución da LCSP non conclúe xa, a diferenza das disposicións ás cales sucede, “cunha remisión ás que se establezan expresamente no propio contrato”, polo que “para que este efecto extintivo poida modularse en función das características propias de cada contrato a única opción remanente será a identificación no prego das ditas obrigas esenciais, o que se deberá ter en conta ao confeccionarse este”⁴⁷.

setembro, e 1979/2009, do 22 de decembro, do Consello de Estado; ou Ditames 279/2018, do 27 de xullo, do Consello Consultivo de Castela-A Mancha, 20/2016, do 20 de xuño, do Consello Consultivo da Rioxa, ou 401/2018, do 4 de outubro, do órgano consultivo canario. Uns incumprimentos reconducidos hoxe, como vimos, ao da “obriga principal do contrato”.

44 En cuxa importancia insistiron xa, por exemplo, os Ditames 165/2018, do 7 de novembro, da Comisión Xurídica Asesora de Euskadi, ou 47/2019, do 19 de febreiro, do Consello Consultivo do Principado de Asturias.

45 Informe 63/11, do 17 de xullo de 2012.

46 Como mantivo a Sentenza do 10 de xuño de 2020 (XUR 2020/202714), da Audiencia Nacional, na súa interpretación do artigo 223.f) do TRLCSP.

47 Outros órganos consultivos pronúncianse, xa promulgada a lei, nos mesmos termos. Por exemplo, o de Andalucía nos seus Ditames 516/2019, de 11 de xullo, ou 296/2020, do 28 de maio.

Finalmente, e aínda que a LCSP vixente conteña unha determinación moito máis precisa desta causa de resolución que a existente en normas anteriores, entre outras razóns ao outorgar cobertura explícita aos incumprimentos que sen estaren previstos nos pregos afecten á obriga principal do contrato, non cabe excluír que se poida seguir formulando, é verdade que con menor intensidade que antes, a posible ruptura do contrato con base no incumprimento de obrigas que poidan considerarse esenciais de acordo co seu propio réxime pero que non quedaron recollidas como tales nese documento⁴⁸. Unha posibilidade, como dixemos, claramente recoñecida baixo a vixencia da norma anterior nunha interpretación que primaba a natureza da obriga fronte ao elemento puramente formal da súa cualificación, e que haberá que permanecer atentos para ver se se perpetúa ou non na aplicación da disposición de 2017. Ata a data, non atopamos ningún ditame que se formule e pronuncie abertamente sobre a cuestión, aínda que é certo que existe algún que quizais apunte en sentido contrario a esta posibilidade⁴⁹.

A análise dos ditames dos órganos consultivos que emiten informe favorable sobre propostas de resolución fundadas no artigo 211.1.f) da LCSP evidencia o carácter residual adquirido por unha ruptura contractual fundada no incumprimento desas “restantes obrigas esenciais”, fronte ao máis común, representado polo daqueloutros que “materialmente impiden a consecución do obxecto do contrato”, o da “obriga principal”. Entre os escasos exemplos que se atopan figuran a falta de pagamento do canon pactado nun contrato para a prestación do servizo de cafetería nun centro de asistencia a persoas dependentes⁵⁰, a infracción das “medidas de seguridade e saúde previstas na normativa vixente e no plan de seguridade e saúde”, nun contrato de obras de rehabilitación e ampliación dun edificio⁵¹, ou a falta de achega do programa informático que é “premisia indispensable para levar a cabo o resto das prestacións contratadas”, nun contrato que tiña por obxecto a elaboración, xestión e mantemento do inventario de bens do municipio que contrata⁵². Non obstante, é importante advertir como non son poucas as ocasións en que os órganos consultivos, no mesmo sentido que as propostas sobre as que informan, se limitan a avalar unha resolución fundada no artigo 211.1.f) aínda que sen precisar en cal das cláusulas do precepto se incardinaría concretamente o incumprimento que a xustifica⁵³, o que é comprensible xa que a distinción entre os dous motivos de ruptura do contrato que a norma recolle

48 Non obstante, non cabe esquecer que a propia LCSP establece algúns incumprimentos aos que liga un posible efecto resolutorio do contrato en aplicación do artigo 211.1.f). É o caso do artigo 215.3 en relación co incumprimento das condicións que rexen a subcontratación.

49 Ditame 47/2019, do 19 de febreiro, do Consello Consultivo do Principado de Asturias.

50 “Unha obriga de carácter esencial prevista expresamente no clausulado do contrato” no suposto que analiza o Ditame 229/2019, do 3 de outubro, do Consello Consultivo do Principado de Asturias.

51 Consideradas igualmente “obriga esencial” no Prego de cláusulas administrativas do contrato sobre cuxa resolución se pronuncia o Ditame 275/2020, do 17 de setembro, do Consello Consultivo de Castela e León. O incumprimento “das obrigas laborais e de Seguridade Social do contratista cos seus traballadores” como obriga que, prevista nos pregos, despreza un efecto resolutorio do contrato foi avalada, de acordo co texto refundido de 2011, pola Sentenza do Tribunal de Xustiza de Valencia do 21 de maio de 2020 (XUR 2020/210363).

52 É o que conclúe o Ditame 501/2019, do 11 de decembro, do Consello Consultivo de Castela-A Mancha.

53 Como pode comprobarse, entre outros, nos Ditames 456/2019, do 12 de xuño, e 789/2019, do 19 de novembro, do Consello Consultivo de Andalucía, ou no Ditame 443/2019, do 28 de novembro, Consello Consultivo de Canarias.

non pasa de constituír unha cuestión, de grande interese teórico, sen dúbida, aínda que carente de transcendencia práctica na medida en que os efectos da resolución son, nos dous casos, os mesmos.

– *Consideración final*

As regras previstas no artigo 211.1.f) da LCSP constitúen o último paso, ata agora, dun proceso de evolución marcado pola redución progresiva do ámbito de aplicación da causa de resolución vinculada ao incumprimento polo contratista das súas obrigas, así como da marxe de valoración dos que deben interpretala e aplicala. En efecto, as sucesivas leis de contratación pública, baixo a influencia, sempre, da xurisprudencia e a doutrina dos órganos consultivos desenvolvida baixo a vixencia da norma precedente, foron progresivamente acoutando a espazos cada vez máis reducidos o poder resolutorio da Administración derivado desta causa. Se a Lei de 1995 deixaba “certa marxe de apreciación das obrigas que a Administración consideraba esenciais, en virtude da prerrogativa de interpretar os contratos recoñecida no artigo 59.1 do mesmo texto legal”⁵⁴, a de 2007, ao introducir a necesaria previsión nos pregos desas obrigas determinantes, en caso de desatención polo contratista, dunha posible disolución do vínculo contractual, dará un paso decisivo a prol da redución das facultades das que tradicionalmente dispuxese a Administración na súa apreciación das obrigas desa natureza, proceso que a Lei de 2017 culmina ao tipificar expresamente o incumprimento da “obriga principal” como causa determinante da ruptura do contrato e engadir novas condicións a esas “obrigas esenciais” cuxa infracción pode tamén producir este efecto, obrigas que non só han de quedar establecidas nos pregos do contrato, senón que han de estalo ademais “dunha maneira precisa, clara e inequívoca, non sendo admisibles cláusulas de tipo xeral” e respectar os límites establecidos no artigo 34.1. En calquera caso, que unha obriga sexa “principal” ou “esencial”, cualificación que só poderá efectuarse a partir do disposto nos pregos de cláusulas administrativas particulares e atendendo, igualmente, ás características e circunstancias en que, en cada caso, se produce o incumprimento do contratista, carece de maior transcendencia, dado que os efectos da resolución son coincidentes nun e outro caso. Haberá que permanecer atentos, no entanto, á doutrina dos órganos consultivos e á xurisprudencia na materia. É aínda pronto para efectuar unha valoración máis definitiva sobre a forma en que estes supostos de resolución contractual quedaron determinados no artigo 211.1.f) da LCSP.

3.2.1.2 A demora no cumprimento dos prazos de execución do contrato

O artigo 211.1.d) da LCSP segue dando acollida expresa ao máis característico e frecuente, se se atende á doutrina dos órganos consultivos autonómicos⁵⁵ e á xurisprudencia

54 En termos tomados do Informe 12/2011, do 12 de setembro, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade de Aragón.

55 Son, en efecto, moi frecuentes os supostos en que os órganos consultivos avalan propostas de resolución fundadas no incumprimento polo contratista dos prazos contractuais. Así, e como expoñentes deles en aplicación da Lei de 2017, poden verse os Ditames 8/2020, do 15 de xaneiro, e 88/2020, do 6 de febreiro, do Consello Consultivo de Andalucía; 253/2019, do 1 de outubro, ou 74/2020, do 26 de maio, do Consello Consultivo de Aragón; 45/2020, do 20 de febreiro, e 52/2020, do 5 de marzo, do Consello Consultivo de Castela e León; 249/2019, do 26 de xuño, do Consello Consultivo de Castela-A

contencioso-administrativa⁵⁶, dos incumprimentos do contratista: “a demora no cumprimento dos prazos”⁵⁷. Agora ben, esta disposición introduce como novidade, respecto das disposicións anteriores, que, en todo caso, se considera causa de resolución “o atraso inxustificado sobre o plan de traballos establecido no prego ou no contrato, en calquera actividade, por un prazo superior a un terzo do prazo de duración inicial do contrato, incluídas as posibles prórrogas,” no que constitúe, como foi cualificado polo Consello Consultivo de Andalucía, “un suposto específico de resolución dentro do xenérico da demora no cumprimento dos prazos”⁵⁸. Un suposto, non obstante, practicamente descoñecido na doutrina dos órganos consultivos ditada ata a data, que sen dúbida se explica na súa falta de aplicación previa nas propostas de resolución sobre as que emiten informe. Varias ideas, de moi distinta natureza, merecen ser destacadas na análise da resolución fundada na infracción do prazo contractual.

Ante todo, cabe insistir en como ante ese incumprimento “superior a un terzo do prazo”, a “resolución do contrato é necesaria”⁵⁹, malia o disposto no artigo 193.3 da propia lei, que lle recoñece á Administración, sen limitación ou excepción ningunha, a posibilidade de optar, ante o incumprimento imputable ao contratista, entre a imposición de penalidades ou a resolución do contrato “atendidas as circunstancias do caso”. Unha facultade, por conseguinte, que non é tan ampla como resulta deste artigo ao atopar o límite imposto no 211.1.d) co que a dita disposición non garda a debida coherencia⁶⁰.

Doutra banda, cómpre lembrar que, a diferenza dos incumprimentos recollidos na letra f), o ligado á infracción do prazo contractual exige, coa excepción que se acaba de sinalar, dun “incumprimento a el imputable pola súa pasividade culposa ou negligente”⁶¹, pois, de non concorrer esta circunstancia, a Administración, en cumprimento do disposto no artigo 195.2, estará obrigada a outorgarlle unha prórroga que “será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise

Mancha; 154/2019, do 30 de maio, da Comisión Xurídica Asesora de Cataluña; 134/2019, do 14 de novembro, do Consello Consultivo das Illas Baleares; 76/2019, do 5 de decembro, da Comisión Xurídica Asesora de Extremadura; 265/2020, do 30 de xuño, e 403/2020, do 22 de setembro, da Comisión Xurídica Asesora de Madrid; 145/2019, do 29 de maio, do Consello Consultivo do Principado de Asturias; e 51/2020, do 29 de xaneiro, ou 293/2020, do 17 de xuño, do Consello Xurídico Consultivo de Valencia.

56 É doado, igualmente, atopar sentenzas que, en aplicación das sucesivas normas de contratación, aceptan a resolución do contrato ante a existencia constatada dunha demora inxustificada do contratista no cumprimento dos prazos a que viña obrigado. Entre outras, poden verse as Sentenzas do Tribunal Supremo do 17 de outubro de 2000 (RX 2000/8915) ou a da Audiencia Nacional do 7 de xullo de 2018 (RXCA 2018/792).

57 Recordar que a causa pode operar tanto ante o incumprimento do prazo total de execución como dos prazos parciais se, como establece o artigo 193.5 da LCSP, así “se preveise no prego de cláusulas administrativas particulares ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total”, supostos dos que se poden atopar exemplos nos Ditames 296/2020, do 28 de maio, do Consello Consultivo de Andalucía, ou 265/2019, do 20 de xuño, da Comisión Xurídica Asesora de Madrid.

58 Ditame 109/2019, do 31 de xaneiro.

59 Como destaca xa o Ditame 74/2020, do 12 de marzo, do Consello Consultivo de Castela e León.

60 Iso explícase, sen dúbida, no feito de que a previsión que impón a necesaria ruptura do contrato ante a existencia dun atraso que afecte a un terzo do prazo de duración total se introduciu no Congreso dos Deputados como consecuencia da aceptación dunha emenda do Grupo Parlamentario de Cidadáns (emenda n. 388), sen advertirse que a modificación deste precepto tería que ter suposto a do hoxe artigo 193.3, co obxecto de prever expresamente esta excepción. As emendas ao proxecto de lei poden verse no *Boletín Oficial de las Cortes Generales*, Congreso dos Deputados, XII Lexislatura, Serie A, n. 2-2, 16 de marzo de 2017.

61 En expresión do Ditame 74/2020, do 12 de marzo, do Consello Consultivo de Castela e León.

outro menor”. En definitiva, a culpa resulta “un elemento fundamental para fixar a procedencia ou non da resolución contractual” por este motivo⁶². Só o exame das circunstancias concorrentes en cada suposto permitirá determinar, en expresións que se repiten con frecuencia, se nos atopamos ante un incumprimento “revelador dunha vontade clara de non atender, dolosa ou culposamente, os compromisos contraídos” ou, pola contra, ante “un mero atraso” de “ningún xeito expresivo daquela vontade”⁶³. Será a Administración que pretenda romper un contrato por esta causa a que terá que demostrar “a existencia dunha situación obxectiva de incumprimento por parte do contratista” resultado da “ausencia de previsión de acordo coa natureza das obrigas e circunstancias concretas de tempo e lugar”. Sobre o contratista pesa, pola contra, a carga de probar as razóns que, se é o caso, xustifiquen o seu incumprimento⁶⁴.

Finalmente, non debe pasar desapercibido que, como dicíamos, a execución do contrato dentro dos prazos establecidos foi considerada sempre unha das obrigas máis importantes do contratista, e a súa violación, polo tanto, un dos incumprimentos máis graves en que pode incorrer na medida en que frustra o fin propio do contrato e, con ela, a satisfacción do interese xeral ao cal serve. O que é o mesmo, a infracción do prazo contractual sitúanos ante o incumprimento dunha “obriga esencial”, de feito, ante o máis característico e habitual na doutrina dos órganos consultivos. A conexión entre as causas de resolución das letras d) e f) do artigo 211.1 –o suposto de feito da primeira insírese no ámbito de aplicación da segunda– percíbese con claridade na frecuencia coa que os órganos consultivos admiten, ante o incumprimento do prazo de execución do contrato, a concorrencia non só do motivo de resolución da letra d), senón tamén do recollido na letra f)⁶⁵, chegándose a afirmar que a LCSP dispón, nesas apartados, como causa de resolución a demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista⁶⁶, ou que “procede a resolución contractual por incumprimento da empresa contratista da súa obriga de executar o contrato no prazo procedente, ao abeiro do establecido no artigo 211.1.d) e f) da LCSP/17”⁶⁷, sen que falten tampouco supostos que fundan exclusivamente a resolución con orixe na infracción do tempo de execución do contrato no disposto na letra f)⁶⁸. É verdade tamén que non faltan ditames, máis atentos sen dúbida ao teor literal do artigo 211.1, que, ante a constatación do incumprimento do prazo por un contratista que, por exemplo, abandona as obras, consideran, en contra mesmo do criterio mantido pola proposta de resolución, que o procedente é a resolución de conformidade co disposto na letra d), non na f), do

62 En termos do Ditame da Comisión Xurídica Asesora de Euskadi 52/2019, do 13 de marzo.

63 Como sinala o Ditame 47/2019, do 6 de febreiro, do Consello Consultivo de Castela-A Mancha, que parte da doutrina do Tribunal Supremo na materia.

64 Ditame 168/2019, do 13 de xuño, da Comisión Xurídica Asesora de Cataluña, exemplo doutros moitos tanto deste como doutros órganos consultivos, así como dunha xurisprudencia firmemente consolidada.

65 Idea da que son expresivos, entre outros, os Ditames 324/2019, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Andalucía; 168/2019, do 13 de xuño, da Comisión Xurídica Asesora de Cataluña; ou 100/2020, do 17 de xuño, da Comisión Xurídica Asesora de Euskadi.

66 Ditame 201/2019, do 23 de maio, do Consello Consultivo de Canarias.

67 Ditame 512/2019, do 28 de novembro, da Comisión Xurídica Asesora de Madrid.

68 Como o Ditame 268/2019, do 13 de novembro, do Consello Consultivo do Principado de Asturias; ou o Ditame 275/2019, do 24 de xullo, do Consello Consultivo de Aragón.

precepto⁶⁹, ou que aprecian a existencia dunha demora “xunto cun incumprimento, interconectado con aquel motivo, da obriga principal ou esencial do contrato⁷⁰. En realidade, e aínda que ante a infracción do prazo o procedente, dada a previsión expresa deste suposto de ruptura contractual, é a aplicación do artigo 211.1.d), tampouco se aprecian inconvenientes en acudir á letra f) do precepto, xa sexa conxuntamente con ese motivo específico de ruptura contractual ou, mesmo, de forma exclusiva, xa que non é discutible que a demora nos prazos de execución nos sitúa ante un incumprimento da “obriga principal” do contrato, na medida en que frustra o seu fin, ou, en calquera caso, ante o dunha “obriga esencial”. Non pode ademais esquecerse que estamos ante causas de resolución con efectos coincidentes, o que fai que a cuestión careza de calquera transcendencia práctica.

3.2.1.3 O incumprimento polo contratista das súas obrigas laborais

Sen precedente ningún nas nosas normas sobre contratación pública, o artigo 211.1.i) da LCSP, nunha previsión que introduce o Congreso dos Deputados⁷¹ no contexto dunha disposición sensible ao cumprimento polos contratistas das súas obrigas en materia laboral⁷², considera causa de resolución dos contratos administrativos “o non pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estivesen a participar nela, ou o incumprimento das condicións establecidas nos convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato”. A introdución deste motivo de disolución do vínculo contractual supón a ruptura, ou polo menos a flexibilización, dunha consolidada tradición normativa que vincula a resolución ao incumprimento das obrigas xurdidas do propio contrato, para alcanzar tamén a infracción de obrigas á marxe da relación contractual⁷³. Agora ben, non pode dicirse que a contratación pública permanecese, ata esta lei, completamente allea á preocupación por asegurar que os contratistas da Administración cumpran coas súas obrigas respecto dos traballadores ao seu cargo,

69 É o criterio que mantivo, por exemplo, o Ditame 390/2020, do 8 de xullo, do Consello Consultivo de Andalucía.

70 En tal sentido, Ditame 551/2019, do 18 de xullo, do Consello Consultivo de Andalucía. Outros ditames resultan tamén expresivos desta idea, como o Ditame deste mesmo órgano consultivo 500/2019, do 4 de xullo; ou o Ditame 275/2020, do 17 de setembro, do Consello Consultivo de Castela e León.

71 Así, no Informe do relatorio pode lerse que esta “aprobou por unanimidade un novo texto en relación con este artigo..., como consecuencia da aceptación da emenda transaccional procedente das emendas 147 do GP Confederado de Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea, 297 e 306 do GP de Esquerra Republicana, 676 do Grupo Parlamentario Socialista e 917 do GP Mixto-PDeCAT” (*Boletín Oficial de las Cortes Generales*, Congreso dos Deputados, XII Lexislatura, Serie A, n. 2-4, 2 de agosto de 2017).

72 Expresada con claridade no seu artigo 201, que determina que “os órganos de contratación tomarán as medidas pertinentes para garantir que na execución dos contratos os contratistas cumpren as obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral establecidas no dereito da Unión Europea, no dereito nacional, nos convenios colectivos ou polas disposicións de dereito internacional ambiental, social e laboral que vinculen o Estado e en particular as establecidas no anexo V”.

73 M. RUÍZ DAIMIEL reflexionou, en relación con determinados contratos, sobre as dificultades e dúbidas interpretativas que suscita esta causa (“Los incumplimientos de las obligaciones laborales por el contratista en determinados contratos de servicios”, *Observatorio de Contratación Pública, Sección Opinión*, xaneiro de 2017) que E.M.^a MENÉNDEZ SEBASTIÁN valorou “moi positivamente” e que ben se podería ter estendido, ao seu xuízo, “a outros incumprimentos, por exemplo, en canto aos dereitos de conciliación dos traballadores, aínda que non é menos certo que o precepto en cuestión, malia mencionar expresamente o non-pagamento, tamén se refire con carácter xeral ao incumprimento das condicións establecidas nos convenios colectivos, o que, sen dúbida, se irá perfilando na aplicación práctica desta causa de resolución” (“Capítulo XLV. La extinción de los contratos. La resolución”, cit., p. 2353).

pois non poden considerarse excepcionais os pregos contractuais que cualificaron estas obrigas de esenciais, atribuíndolles, desta forma, un posible efecto resolutorio do contrato en caso de incumprimento polo contratista⁷⁴.

De acordo cos datos que ofrecen os ditames dos diferentes órganos consultivos emitidos vixente xa a Lei de 2017, pódese dicir que nos atopamos ante un motivo de posible ruptura do contrato practicamente inédito na súa aplicación, pois tan só atopamos un ditame, o Ditame 498/2019, do 4 de xullo, do Consello Consultivo de Andalucía, en que se avala unha resolución fundada no artigo 211.1.i), mentres que aparecen outros casos en que o incumprimento das obrigas establecidas neste apartado se canaliza a través da letra f) do precepto, en canto incumprimento de “obriga esencial” prevista no prego do contrato⁷⁵. De feito, a LCSP exige, en determinados casos, que os pregos recollan a obriga do contratista de responder dos salarios do traballador⁷⁶. Desde logo, a incardinación destes incumprimentos concretos do contratista nunha ou outra letra, a f) ou a i), do artigo 211.1 non resulta indiferente en canto aos seus efectos xurídicos, que, no primeiro caso, serán os determinados con claridade no artigo 213.3 da propia LCSP, mentres que, no segundo, quedan un tanto indeterminados ao non dispor este precepto as consecuencias dunha resolución con orixe nesa letra i) nunha lagoa, como veremos, difícil de suplir. Tamén resulta relevante a aplicación dun motivo ou outro de ruptura do contrato no que se refire á iniciativa para o exercicio da potestade resolutoria, dado que, como dispón o artigo 212.1, de situarnos ante o suposto determinado no artigo 211.1.i), a capacidade de instar o procedemento de resolución contractual escapa ás partes contratantes, ao quedar atribuída, con carácter xeral, aos “representantes dos traballadores na empresa contratista”⁷⁷.

Aínda que, sen dúbida, parece prudente deixar transcorrer algún tempo para determinar o grao de aplicación desta causa e valorar os seus resultados, cos datos de que hoxe dispomos, non constitúe un motivo relevante, no que á súa incidencia práctica se refire, de disolución do contrato por incumprimento do contratista, permanecendo en moitos casos no ámbito do incumprimento das “obrigas esenciais” do contratista, no que tradicionalmente estivo situado. En calquera caso, o que non é discutible é que a súa previsión non foi acompañada dunha correcta regulación deste no que se refire á propia determinación dos supostos en que exactamente procede – non se ofrece un criterio que permita determinar cando, ante a falta de pagamento dos salarios aos traballadores, procede a imposición das penalidades previstas, para estes mesmos

74 En tal sentido, Ditames 7/2012, do 30 de xaneiro, do Consello Consultivo da Ríoxa, 61/2017, do 7 de xuño, do Consello Consultivo das Illas Baleares, ou 309/2018, do 11 de xullo, do Consello Consultivo de Canarias.

O incumprimento “das obrigas laborais e de Seguridade Social do contratista cos seus traballadores” que, prevista nos pregos, desprega un efecto resolutorio do contrato foi avalada, baixo a vixencia do texto refundido de 2011, pola Sentenza do Tribunal de Xustiza de Valencia do 21 de maio de 2020, ante un suposto de falta de pagamento dos salarios aos traballadores (XUR 2020/210363).

75 Por exemplo, no Ditame 275/2020, do 17 de setembro, do Consello Consultivo de Castela e León.

76 Trátase dos supostos previstos no artigo 130.6 en relación coa “información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo”.

77 Unha regra xeral que o precepto exceptúa, non obstante, “cando os traballadores afectados polo non-pagamento de salarios sexan traballadores en que procedese a subrogación de conformidade co artigo 130 e o importe dos salarios debidos pola empresa contratista supere o 5 por cento do prezo de adjudicación do contrato, caso en que poderá ser acordada directamente polo órgano de contratación de oficio”.

supostos, no artigo 201 e cando a resolución⁷⁸, o seu modo de exercicio e, sobre todo, as consecuencias que lle son propias –.

3.2.2 Os efectos da resolución

3.2.2.1 O punto de partida: a confusa regulación do réxime xurídico anterior

Singular interese suscitaron sempre os efectos da resolución dos contratos administrativos con orixe no incumprimento polo contratista das súas obrigas, non xa só pola súa importancia tanto para el mesmo e a propia garantía do interese público ao cal serve, senón tamén polos constantes cambios normativos de que foron obxecto, pois modificáronse en todas as leis da contratación pública que se suceden durante os séculos XX e XXI, incluídas a de 2017. As distintas solucións establecidas nelas non estiveron ademais exentas de problemas interpretativos, o que, sen dúbida, contribuíu a avivar o interese polo seu estudo. Non obstante, non é este o lugar para dar conta dunha historia normativa que está xa contada⁷⁹. Para os efectos que aquí interesan, podemos partir das disposicións previstas na LCSP de 2007 e o seu texto refundido posterior, o que nos permitirá determinar mellor a medida e o sentido do cambio operado nesta materia.

Os efectos da resolución contractual con base no incumprimento polo contratista das súas obrigas quedaron fixados no artigo 208.4 da lei, 225.3 do texto refundido, aplicables aínda a numerosos contratos administrativos en virtude do disposto na disposición transitoria 1.2 da lei vixente. O seu teor literal era o seguinte: “Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista, este deberá indemnizar a Administración dos danos e perdas ocasionados. A indemnización farase efectiva, en primeiro termo, sobre a garantía que, se é o caso, se tivese constituído, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista no que se refire ao importe que exceda do da garantía incautada”. O precepto suscitaba unha dúbida moi importante, a do posible dereito do contratista ao reintegro daquela parte da garantía que non fose necesaria para a compensación dos danos e perdas ocasionados á Administración pola ruptura do contrato, xa que, a diferenza das normas precedentes, non dispuña esa incautación como efecto propio e necesario da disolución do vínculo contractual, existan ou non danos que indemnizar. A previsión legal será obxecto dunha dispar interpretación polos órganos consultivos e os tribunais coa consecuencia, como denunciéi noutro lugar, de que sendo unha norma básica acabe aplicándose de forma diferente nos distintos territorios en clara contravención precisamente das exixencias

78 E é que non debe pasar desapercibido que o artigo 201 no seu último parágrafo determina que o incumprimento das obrigas referidas no primeiro “e, en especial, os incumprimentos ou os atrasos reiterados no pagamento dos salarios ou a aplicación de condicións salariais inferiores ás derivadas dos convenios colectivos que sexa grave e dolosa, dará lugar á imposición das penalidades a que se refire o artigo 192”.

79 Eu mesma a deixei exposta en *La resolución de los contratos administrativos por incumplimiento del contratista*, 2ª ed., Lex Nova, Valladolid, 2011, pp. 139-195.

derivadas desa condición⁸⁰. En efecto, na súa interpretación –en favor desa devolución operaba o teor literal da norma; en contra, a disposición que condicionaba a súa devolución a unha resolución contractual “sen culpa do contratista”– van manterse posturas diverxentes⁸¹, partidarias, unhas, do dereito do contratista á devolución da garantía naquela parte do seu importe que non sexa necesario para a indemnización dos danos causados pola ruptura do contrato –será a tese mantida polo Consello de Estado e outros órganos consultivos–, mentres que defensoras, outras, dunha incautación que fai completa abstracción do feito de que a disolución anticipada do contrato tivese podido ou non provocar danos á Administración e de cal sexa, se é o caso, a súa contía⁸². Xa derogada a norma, dítarase a Sentenza do Tribunal Supremo do 30 de setembro de 2019⁸³, que resolve, declarando non haber lugar a este, o recurso de casación interposto contra a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía

80 BARRERO RODRÍGUEZ, C., “Los efectos de la resolución de los contratos administrativos: resolución por concurso y por incumplimiento del contratista. La conveniencia de una reforma”, *Revista de Administración Pública*, n. 196, 2015, pp. 92-94.

81 Tamén doutrinalmente, a norma será obxecto de interpretacións diverxentes. En favor da perda, en todo caso, da garantía manifestáronse, entre outros, T. CANO CAMPOS (“La incautación de la garantía definitiva en la resolución de los contratos por incumplimiento culpable del contratista”, Soriano García, J.E. (dir.), *Por el Derecho y la Libertad. Libro Homenaje al Profesor Juan Alfonso Santamaría Pastor*, Iustel, Madrid, 2014, pp. 1810-1824), E. GARCÍA-TREVÍJANO GARNICA (“La resolución de los contratos en la Ley 30/2007, de Contratos del Sector Público”, *Revista Española de la Función Consultiva*, n. 14, 2010, pp. 159-161), F. CASTILLO BLANCO (“Las garantías en la contratación administrativa y las responsabilidades a que están afectas: un estado de la cuestión”, Soriano García, J.E. (dir.), *Por el Derecho y la Libertad. Libro Homenaje al Profesor Juan Alfonso Santamaría Pastor*, Iustel, Madrid, 2014, pp. 1825-1865, e “Capítulo XVIII. Garantías exigibles en la contratación del sector público”, Gamero Casado, E. e Gallego Córcoles, I. (dirs.), *Tratado de contratos del sector público*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2018, p. 940) e J.A. SANTAMARÍA PASTOR (*Principios de Derecho Administrativo General II*, 4ª ed., Iustel, Madrid, 2016, p. 281). En contra, R.M*. COLLADO MARTÍNEZ (“La bruja por la chimenea y la incautación de la fianza en caso de resolución del contrato por incumplimiento imputable al contratista”, *La contratación pública: Problemas actuales*, Consello Consultivo da Comunidade de Madrid, 2013, www.madrid.org/ccmadrid, pp. 227-247), T. BAÑO e R. MORALES (“La incautación de la garantía definitiva en la resolución del contrato administrativo por culpa del contratista. Cuestiones derivadas de la nueva Ley de Contratos del Sector público”, *Revista Española de la Función Consultiva*, n. 12, 2009, pp. 116-119), O. MIR PUIGPELAT (“Contratación administrativa en tiempos de crisis”, *Revista Española de la Función Consultiva*, n. 12, 2009, p. 112), R. DE VICENTE (“Los incumplimientos recíprocos en el contrato administrativo como causa de su resolución y de la indemnización de daños y perjuicios”, *Revista General de Derecho Administrativo*, n. 18, 2008, pp. 35-36), J. CUERDA MAS (“La renuncia contractual e incautación de la garantía definitiva”, *Revista CEMCI*, n. 12/13, 2011, p. 12), ou F.J. ESCRIBUELA MORALES (*La contratación del sector público. Especial referencia a los contratos de suministros y servicios*, 5ª ed., La Ley, Madrid, 2018, p. 1423).

82 En efecto, o Consello de Estado manterá, desde o primeiro momento, que a Lei de 2007 modifica o réxime das garantías, pois, “a diferenza do que era tradicional na contratación administrativa en España”, establece que “a resolución do contrato a causa do incumprimento do contratista non leva aparellada, a menos que así o dispuxese o prego, a incautación automática da fianza definitiva en poder da Administración contratante”, que, por conseguinte, ha de ser devolta ao contratista se non existen danos que indemnizar, o que non exclúe que o acordo de resolución decida a súa retención ata que se proceda á súa cuantificación (Ditames, entre outros, 971/2016, do 19 de xaneiro de 2017, 729/2017, do 28 de setembro, 730/2017, do 5 de outubro, 731/2017, do 5 de outubro, ou 350/2019, do 9 de maio). A súa interpretación é compartida, nalgúns casos nitidamente desde un primeiro momento e noutros tras algunhas dúbidas iniciais e, mesmo, con ditames en sentido contrario, polos órganos consultivos do Principado de Asturias (Ditame 257/2018, do 8 de novembro, ou 155/2019, do 19 de xuño); Madrid (Ditames 552/2018, do 20 de decembro, 294/2019, do 11 de xullo, 372/2019, do 3 de outubro, ou 349/2020, do 25 de agosto); Illas Baleares (Ditames 65/2018, do 11 de xullo, 82/2018, do 5 de setembro, e 134/2019, do 14 de novembro); Castela e León (Ditame, por exemplo, 566/2017, do 1 de febreiro de 2018), aínda que outros máis recentes non se manifestan en termos tan claros (Ditames 75/2019, do 7 de marzo ou 70/2020, do 12 de marzo); Galicia (Ditame 134/2018); e Cataluña (Ditames 124/2019, do 2 de maio, 301/2019, do 10 de outubro ou 225/2020, do 1 de outubro).

Otros órganos consultivos defenderán, non obstante, a incautación da garantía como efecto propio da resolución do contrato. Así o fan os da Rexión de Murcia (Ditames 296/2018, do 12 de novembro); Castela-A Mancha (Ditames 15/2018, do 16 de xaneiro, 309/2018, do 12 de setembro, e 83/2019, do 27 de febreiro), aínda que algúns dos seus ditames parezan apuntar noutra liña (Ditame 282/2018, do 27 de xullo); Andalucía, en datas recentes (Ditame 247/2020, do 30 de abril); Canarias (Ditame 457/2019, do 5 de decembro); ou Aragón (Ditame 88/2020, do 26 de maio), aínda que noutras ocasións mantivo a interpretación contraria (Ditames 71/2017, de 18 de marzo e 273/2018, do 30 de outubro).

83 RX 2019/3903.

(Sala de Sevilla) do 17 de febreiro de 2017, o cal avogaba, como o fará máis tarde a Sentenza da Sala de Málaga deste mesmo Tribunal do 13 de marzo de 2019⁸⁴, pola incautación automática da garantía como efecto necesariamente ligado á resolución contractual⁸⁵. Unha interpretación distinta mantiveron, non obstante, os Tribunais Superiores de Xustiza de Madrid, Canarias e Castela-A Mancha⁸⁶, que se decantarán polo recoñecemento ao contratista do seu dereito á devolución daquela parte de garantía que non fose necesaria para a compensación dos danos causados. A cuestión, e son aínda moitos os contratos que se extinguen en aplicación deste réxime, debe considerarse, por conseguinte, definitivamente resolta en favor da interpretación mantida polo tribunal andaluz, aínda que hai que recoñecer que a sentenza non desenvolve realmente as razóns que o levan a unha interpretación que non é a que parecía consolidarse na doutrina dos órganos consultivos e a defendida por outros tribunais superiores de xustiza. Non efectúa concretamente un pronunciamento expreso, a pesar da claridade coa que a cuestión quedara exposta no auto de admisión a trámite do recurso que resolve⁸⁷, sobre se, cubertos os danos e perdas aos cales o precepto legal adscribe a garantía, cabe ou non o seu reintegro na contía, se é o caso, sobran- te⁸⁸, posibilidade non obstante claramente excluída ao terse rexeitado o recurso de casación formulado fronte á sentenza que así o considerara. De feito, non deixa de sorprenden a ausencia, salvo en casos moi illados, de calquera referencia á sentenza do alto tribunal nos ditames dos órganos consultivos que informan, a partir da súa data, sobre procedementos de resolución en aplicación desa normativa, mesmo nos casos

Regap



ESTUDIOS

84 XUR 2019/245976.

85 XUR 2018/252212. Así resulta, en efecto, da confirmación, en todos os seus termos, da sentenza obxecto de apelación e así foi interpretado ademais polo Auto do Tribunal Supremo de admisión a trámite do recurso de casación, aínda que a sentenza, que afirma con rotundidade que do artigo 208.4 e 5 da LCSP “claramente se desprende que a incautación da garantía, ou mellor dito a súa perda, se produce de forma automática (*ope legis*) desde o acordo de resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista”, contén unha última referencia na cal afirma: “sendo cuestión distinta que tras liquidar os danos e perdas haxa un remanente que deba ser devolto”, que xera, desde logo, confusión ao respecto e que podería ter servido de base a unha interpretación diferente.

86 Sentenzas, respectivamente, do 21 de xaneiro de 2016 (RXCA 2016/123), 29 de setembro de 2017, Sala de Santa Cruz de Tenerife (RXCA 2018/355), e 15 de outubro de 2018 (XUR 2019/1627), que afirma expresamente apoiarse na do Tribunal de Murcia do 24 de febreiro de 2012.

87 O Auto do Tribunal Supremo do 11 de decembro de 2017 (XUR 2018/311857) identifica claramente a cuestión na cal “existe interese casacional obxectivo”: a de se “o artigo 225.3 do TR de 2011 habilita a Administración para a incautación automática ou *ope legis* da garantía constituída polo contratista no caso de resolución do contrato por incumprimento culpable deste, ou ben se a dita garantía queda afectada á indemnización dos danos e perdas derivados do incumprimento e ata a contía que por este concepto se fixe, procedendo a súa devolución na suma se é o caso remanente tras facerse efectiva a indemnización”.

88 Limitase a manifestar que “non pode atenderse á pretensión exercitada de que a garantía definitiva só pode quedar afectada ao pagamento do importe dos danos e perdas ocasionados á Administración contratante”, pois “a previsión normativa é xustamente contraria ao pretendido pola entidade aseguradora aquí recorrente”, dado que “a incautación constitúe unha medida da Administración a prol de garantir o pagamento do importe dos danos e perdas causados nos casos de resolución do contrato, amparada polo da Lei 30/2007, do 30 de outubro (...) e actualmente o artigo 110, d) de contratos do sector público, Lei 9/2017, do 8 de novembro (...) polo que non resulta precisa a valoración previa dos danos para acordar aquela”. Que a garantía constitúe unha medida destinada “a garantir o pagamento do importe dos danos e perdas causados nos casos de resolución do contrato” é algo do que non se dubidou nunca baixo a vixencia da LCSP de 2007 e do seu texto refundido. A cuestión, sobre a que a sentenza non efectúa un pronunciamento claro é a relativa a se, cubertos tales danos e perdas, é ou non posible a súa devolución ao contratista na contía sobran- te.

No número 265, en 2019, da *Revista de Estudios Locales* dáse conta detallada dos antecedentes e contido da sentenza polo GRUPO DE CONTRATACIÓN DO SECTOR PÚBLICO GÓMEZ-ACEBO&POMBO, baixo o título “De nuevo sobre la incautación de la garantía ante el incumplimiento culpable: La Sentencia del Tribunal Supremo 3092/2019”, pp. 91-94.

en que vén avalar a posición por eles mantida⁸⁹, así como a existencia de sentenzas de diferentes tribunais superiores de xustiza ditadas en datas posteriores á do Supremo que tampouco a citan, aínda que, certamente, resolven no sentido nela establecido⁹⁰. En calquera caso, estamos ante un réxime xa derogado e chamado á súa definitiva extinción. O que aquí interesa é analizar como quedaron determinados os efectos da resolución do contrato por incumprimento do contratista na LCSP de 2017.

3.2.2.2 As consecuencias da resolución na LCSP: o retorno ás regras da Lei de contratos das administracións públicas de 1995 e a falta de previsión da resolución con orixe no artigo 211.1.i)

– Os efectos determinados no artigo 213.3

A resolución por incumprimento culpable imponse ao contratista, á marxe do seu dereito á liquidación do realmente executado⁹¹, e da súa posible inhabilitación para contratos posteriores coa Administración⁹², os efectos previstos no artigo 213.3: “seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar a Administración dos danos e perdas ocasionados no que superen o importe da garantía incautada”. Con

89 En efecto, non son poucos os ditames de diferentes órganos consultivos ditados con posterioridade á sentenza que eluden calquera referencia á interpretación efectuada polo Tribunal Supremo. Son os casos, por exemplo, dos Ditames do Consello Consultivo de Andalucía 263/2020, do 11 de maio, e 535/2020, do 8 de outubro; do Consello Consultivo de Aragón 88/2020, do 26 de maio; do Consello Consultivo de Canarias 457/2019, do 5 de decembro; do Consello Consultivo de Castela e León 626/2019, do 16 de xaneiro de 2020, e 70/2020, do 12 de marzo; ou da Comisión Xurídica Asesora de Cataluña 225/2020, do 1 de outubro.

Tan só se fan eco dela a Comisión Xurídica Asesora de Madrid, que nalgúns ditames, é verdade que non en todos (Ditames, por exemplo, 479/2019, do 8 de novembro, e 349/2020, do 25 de agosto, que manteñen a súa postura tradicional na materia), varía a que era a súa interpretación consolidada para considerar que “esta incautación de garantía opera de xeito automático” (Ditames 447/2019, do 30 de outubro, e 556/2019, do 19 de decembro); ou o Consello das Illas Baleares, que manifesta, afirmación extraordinariamente discutible, que a súa doutrina “coincide co criterio que veu mantendo este Consello Consultivo”. Así o fai nos seus Ditames 134/2019, do 14 de novembro, e 139/2019, do 4 de decembro. A afirmación é, en efecto, discutible porque os seus Ditames 65/2018, do 11 de xullo, e 82/2018, do 5 de setembro, aos que se refire como expresivos desa doutrina que di avalada pola sentenza, defenden, en realidade, unha interpretación diferente do artigo 225.3 do texto refundido de 2011: a que postula a devolución da garantía na medida en que non sexa necesaria para a indemnización dos danos causados á Administración.

90 É o caso da Sentenza do Tribunal da Comunidade Valenciana do 21 de maio de 2020 (XUR 2020/210363), que, en termos moito máis claros que o seu homólogo andaluz e o propio Tribunal Supremo, sostén que non pode considerarse que a LCSP de 2007 introduciuse “unha variación substantiva” nesta materia “cando nin do seu teor literal nin do procedemento de elaboración e aprobación se desprende que tal fora a súa vontade”, polo que “debe concluírse que a incautación da garantía era procedente en todo caso, en aplicación dos artigos 100.c) e 225.4 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público...”. O da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 10 de febreiro de 2020 (XUR 2020/109127), cuxa posición ao respecto resulta, non obstante, máis confusa.

91 Recoñecido, por exemplo, para os contratos de obras, o suposto que con máis frecuencia adoita presentarse, no artigo 246 da LCSP. Os órganos consultivos insisten, como non podía ser doutro xeito, na importancia deste dereito. Neste sentido, e entre Ditames do Consello Consultivo de Andalucía 139/2020, do 20 de febreiro, ou 390/2020, do 8 de xullo; 74/2020, do 26 de maio, do Consello Consultivo de Aragón; 275/2020, do 17 de setembro, do Consello Consultivo de Castela e León; 68/2020, do 20 de febreiro, do Consello Consultivo de Castela-A Mancha; 154/2019, do 30 de maio, da Comisión Xurídica Asesora de Cataluña; 32/2020, do 13 de febreiro, do Consello Consultivo do Principado de Asturias; ou 293/2020, do 17 de xuño, do Consello Xurídico Consultivo de Valencia.

92 O artigo 71.2.d) da LCSP prohibelles contratar “coas entidades comprendidas no artigo 3 desta lei” aos que “desen lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado” cunha entidade, igualmente, “das comprendidas no artigo 3 da presente lei”. Unha prohibición que o apartado 3º. do precepto estende “a aquelas empresas das que, por razón das persoas que a rexen ou doutras circunstancias, puidese presumirse que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas en que concorren aquelas”. Esta prohibición, como dispoñen os artigos 72 e 73, débese declarar “segundo o procedemento que nas normas de desenvolvemento desta lei se estableza” que “non poderá iniciarse se tivesen transcorrido máis de tres anos” computados “desde a data en que fose firme a resolución do contrato”. A prohibición non poderá exceder os tres anos, contados “desde a data de inscrición no rexistro correspondente”, estendendo os seus efectos a todas “as entidades comprendidas no artigo 3 desta lei”.

esta disposición, a LCSP modifica a solución instaurada en 2007 para volver exactamente á regra recollida, con precedentes claros en disposicións máis antigas⁹³, na Lei de contratos das administracións públicas de 1995 e o seu texto refundido de 2000. O réxime da Lei de 2017, como o foi o vixente entre os anos 1995 e 2007, artículase, por conseguinte, en torno a dous principios básicos: a) A garantía incáutase, como veñen xa declarando os diferentes órganos consultivos⁹⁴, polo simple feito dunha ruptura do contrato imputable ao contratista, con enteira independencia de que existan ou non danos e perdas que indemnizar á Administración e de cal sexa, se é o caso, o seu importe⁹⁵, de aí que estes órganos se opoñan ás pretensións de contratistas ou avalistas partidarias da súa devolución se non se ocasionaron danos, unha interpretación que “non se axusta ao disposto” no precepto legal referido⁹⁶; ou por propostas de resolución en que figura a retención da garantía, non a súa incautación⁹⁷; e b) A garantía queda vinculada á indemnización dos danos e perdas derivados da ruptura anticipada do contrato e, só de non ser suficiente a súa contía, a Administración poderá exercer unha acción de responsabilidade fronte ao contratista para resarcirse dos non cubertos polo seu importe. Desta forma, e igual que ocorrera en aplicación da lei de 1995 e o seu texto refundido, a garantía cumprirá cunha función diversa dependendo de cada contrato e das características e consecuencias da súa resolución. Operará cunha función liquidatoria nos supostos en que os danos causados á Administración pola extinción do contrato superen o seu importe; e cunha finalidade total ou parcialmente punitiva naquéloutros en que non ocasione danos ou estes sexan inferiores á súa contía, desincentivando así, como sinalara o Consello de Estado no seu Ditame 1116/2015, ao anteproxecto de lei, “a inobservancia do pactado”. Desde logo, non deixa de resultar paradoxal que, mentres maior sexa o dano derivado da ruptura do contrato, máis baixa, ou mesmo inexistente, será a pena, pois toda a súa contía quedará adscrita á indemnización. De non existir danos ou situarse a súa valoración por debaixo do seu importe, o valor punitivo da súa perda será, non obstante, máis alto.

Regap



ESTUDIOS

93 Artigo 97 do Regulamento de contratación das corporacións locais de 1953.

94 Todos os órganos consultivos dan xa conta do cambio operado. A título puramente ilustrativo, poden verse os Ditames do Consello de Estado 614/2019, de 24 de xullo, ou 1089/2019, do 19 de marzo de 2020; e os Ditames, 788/2019, de 19 de novembro, ou 387/2020, do 8 de xullo, do Consello Consultivo de Andalucía; 107/2020, de 22 de xullo, ou 253/2020, do 1 de outubro, do Consello Consultivo de Aragón; 443/2019, do 28 de novembro, ou 468/2019, do 19 de decembro, do Consello Consultivo de Canarias; 413/2019, do 22 de outubro, ou 162/2020, do 11 de xuño, do Consello Consultivo de Castela e León; 53/2019, do 6 de febreiro, ou 501/2019, do 11 de decembro, do Consello Consultivo de Castela-A Mancha; 102/2019, do 5 de abril, ou 168/2019, do 13 de xuño, da Comisión Xurídica Asesora de Cataluña; 54/2019, do 21 de marzo, ou 21/2020, do 29 de xaneiro, da Comisión Xurídica Asesora de Euskadi; 76/2019, do 5 de decembro, da Comisión Xurídica de Extremadura; 209/2019, do 23 de maio, ou 74/2020, do 27 de febreiro, da Comisión Xurídica Asesora de Madrid; 268/2019, do 13 de novembro, ou 185/2020, do 23 de xullo, do Consello Consultivo do Principado de Asturias; ou 619/2019, do 30 de outubro, 727/2019, do 27 de decembro, do Consello Xurídico Consultivo de Valencia.

95 A modificación legal foi obxecto de valoracións diversas. O propio Consello de Estado, no seu ditame ao anteproxecto de lei, destacaba “o pleno acerto” do anteproxecto neste punto, valoración á que se suman autores como R. GUERRERO ANKERSMIT (“Comentario al artículo 213”, cit., pp. 1265-1267). Outros, non obstante, como é o caso M. FERNÁNDEZ ASTUDILLO, expresaron as súas reservas coa previsión legal (*El nuevo régimen de la contratación pública*, cit., pp. 1218 e 1220-1222).

96 Ditame 516/2019, do 11 de xullo, do Consello Consultivo de Andalucía.

97 Como acontecía no suposto sobre o que informa o Ditame 68/2020, do 20 de febreiro, do Consello Consultivo de Castela-A Mancha.

É importante sinalar que, ao establecerse o deber do contratista de indemnizar esa parte de danos non cuberta coa garantía incautada, resulta imprescindible proceder á súa exacta cuantificación, pois só desta forma poderá saberse se a garantía resulta suficiente para a súa compensación e a que cantidade, por enriba dela, debe facer fronte, se é o caso, o contratista. Así o puxen xa de manifesto con ocasión do estudo do réxime previsto na lei de 1995, no cal destacaba como a regra entón establecida no seu artigo 114.4 (113.4 do texto refundido de 2000), exactamente a mesma que hoxe recolle o artigo 213.3, así o impuña e como, desde este presuposto, se tería que ter reformulado esa interpretación mantida polo Consello de Estado e o Tribunal Supremo, baixo a vixencia de normas anteriores, segundo a cal a garantía resarce a Administración deses prexuízos de difícil estimación inherentes á disolución do contrato, deixando sempre a salvo a indemnización polos especificamente cuantificables⁹⁸. Non obstante, non parece que o alto órgano consultivo do Estado participe desta interpretación, dado que no seu ditame ao anteproxecto de lei, no que se felicitaba polo retorno á solución legal de 1995, non dubidaba en destacar que a perda da fianza, consecuencia inherente da resolución do contrato, desenvolverá, como dixemos, “unha función punitiva, desincentivando a inobservancia do pactado”, pero permitiralle tamén “á Administración verse resarcida dos danos e perdas que o dito incumprimento ocasiona, sen necesidade de demostrar a súa cuantificación, como agora sucede. Soamente se se estima que tales danos e perdas superan o importe da garantía definitiva incautada, a Administración terá que afrontar a xustificación do seu importe para poder exercer a súa prerrogativa de depurar a responsabilidade contractual do adxudicatario, coa conseguinte exixencia da suma excedentaria”, doutrina presente xa nalgún ditame do Consello Consultivo asturiano, concretamente⁹⁹. Agora ben, o problema estriba, precisamente, en que será moi difícil, polo menos serao na maioría dos casos, saber se o importe dos danos e perdas supera o da garantía, se non é a partir da súa previa e exacta cuantificación¹⁰⁰, que, como determina o artigo 113 do Regulamento de contratos das administracións públicas de 2001, deberá ser efectuado “polo órgano de contratación en decisión motivada logo de audiencia deste”. É pronto aínda para valorar se nesta volta ao réxime derogado pola LCSP de 2007 hai tamén un retorno á interpretación que se fixera das súas regras ou se esta sofre algún cambio ou matización neste novo tempo de vixencia dos seus mesmos principios. Por agora, pode destacarse a común posición dos órganos consultivos en defensa da necesidade de que os danos polos que a Administración deba ser resarcida e que, a xuízo do Consello

98 BARRERO RODRÍGUEZ, C., *La resolución de los contratos administrativos por incumplimiento del contratista*, cit., pp. 187-192.

99 Concretamente no seu Ditame 145/2019, do 29 de maio, no que dá conta do cambio operado coa Lei de 2017, destacando que “a garantía definitiva cumpre a función de cláusula penal ou de indemnización de carácter mínimo, ligada ao resarcimento de prexuízos xenéricos ou indeterminados; todo iso sen prexuízo de que, cando a garantía constituída non alcance a cubrir o importe dos danos ocasionados, a Administración poderá exercer unha acción de responsabilidade fronte ao contratista para resarcirse destes no que excedan o importe daquela”. En ditames posteriores desaparece, non obstante, esta afirmación.

100 Así sería reconecido, baixo a vixencia do réxime da lei de 1995, polo Informe 27/1999, do 30 de xuño, da Xunta Consultiva de Contratación, e por diferentes órganos consultivos –por exemplo, Ditames 9/2005, do 23 de febreiro, da entón Comisión Xurídica Asesora do Goberno de Aragón, 154/2004, do 1 de decembro, do Consello Consultivo de Castela-A Mancha, ou 1133/2009, do Consello Consultivo de Castela e León–, así como por Sentenzas como as do Tribunal Superior de Xustiza da Rioxo do 4 de abril de 2003 (XUR 2003/200157) ou de Murcia do 24 de febreiro de 2012 (XUR 2012/110261).

Consultivo de Castela-A Mancha, se concretan en “dous conceptos”, “os maiores gastos que para ela deriven” e “os danos derivados do atraso que xere na realización da obra prevista”¹⁰¹, queden efectivamente acreditados, pois, como sinala o seu homólogo castelán-leonés, con apoio en pronunciamentos do Tribunal Supremo, “só poderán ser tomados en consideración aqueles prexuízos efectivamente sufridos que estean suficientemente demostrados por cálculos obtidos de datos fundados en valores reais e non meramente hipotéticos de resultados posibles pero non seguros”¹⁰², ou, o que é o mesmo, os “efectivamente contrastados tras a súa oportuna xustificación”¹⁰³; de aí, segundo se extrae tamén do estudo da doutrina destes órganos, que se considere que “a proposta (de resolución) se excede a manifestarse sobre a falta de acreditación de danos e perdas sen que conste previamente un procedemento conducente a coñecer, determinar e comprobar o alcance dos posibles prexuízos durante a instrución do expediente”¹⁰⁴. Unha determinación e valoración que pode facerse tanto no propio procedemento de resolución¹⁰⁵ como, o que é moito máis habitual, no posteriormente incoado con ese específico fin¹⁰⁶. Tamén aparecen supostos, inusuais certamente, nos cales o órgano consultivo acepta propostas de resolución que, “atendidas as circunstancias concorrentes”, admiten que o “dano producido sexa nulo”¹⁰⁷, aínda que non deixan tampouco de existir ditames que parecen cuestionar que esta posibilidade poida darse, xa que a propia ruptura do contrato sen a realización do seu obxecto supón, en si mesma, un prexuízo¹⁰⁸. De novo, debemos manifestar a conveniencia de atender á doutrina dos órganos consultivos e ao que poidan determinar os tribunais co obxecto de analizar e valorar como se aplican e interpretan as consecuencias establecidas no

Regap



ESTUDIOS

101 Ditame 53/2019, do 6 de febreiro.

102 Ditames 413/2019, do 22 de outubro, 162/2020, do 11 de xuño, ou 275/2020, do 17 de setembro.

103 Ditame 293/2020, do 17 de xuño, do Consello Xurídico Consultivo de Valencia.

104 Ditame 76/2019, do 5 de decembro, da Comisión Xurídica de Extremadura.

105 Como demostran, entre outros, o Ditame do Consello de Estado 614/2019, do 24 de xullo; ou os Ditames 252/2019, do 27 de marzo, e 812/2019, do 28 de novembro, do Consello Consultivo de Andalucía, e 32/2020, do 13 de febreiro, do Consello Consultivo do Principado de Asturias.

106 O propio Consello de Estado no Ditame 1089/2019, do 19 de marzo de 2020, declarou xa, en aplicación do réxime vixente, a necesidade de iniciar un novo procedemento con tal fin se os danos e perdas non quedaron acreditados no procedemento de resolución, interpretación que conta co aval dos tribunais en contratos rexidos polo réxime xurídico derogado, pero en aplicación do citado artigo 113 (Sentenza, por exemplo, do 21 de xaneiro de 2019 do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León, Sala de Valladolid, XUR 2019/107809). Outros moitos ditames de diferentes órganos consultivos pronúncianse en termos favorables á iniciación, tras o acordo de resolución, dun posterior procedemento contradictorio destinado á verificación e cuantificación dos danos ocasionados pola ruptura do contrato e a conseguinte determinación da suficiencia ou non da garantía para a súa indemnización. Neste sentido, e entre outros moitos, Ditames do Consello Consultivo de Andalucía 789/2019, do 19 de novembro, ou 247/2020, do 30 de abril; do Consello Consultivo de Canarias 201/2019, do 23 de maio, ou 468/2019, do 19 de decembro; do Consello Consultivo de Castela-A Mancha 492/2019, do 4 de decembro, ou 68/2020, do 20 de febreiro; da Comisión Xurídica Asesora de Cataluña 154/2019, de 30 de maio, ou 386/2019, do 28 de novembro; da Comisión Xurídica Asesora de Euskadi 54/2019, do 21 de marzo; da Comisión Xurídica de Extremadura 76/2019, do 5 de decembro; do Consello Consultivo do Principado de Asturias 229/2019, do 3 de outubro, ou 186/2020, do 23 de xullo; ou do Consello Xurídico Consultivo de Valencia 713/2019, do 18 de decembro, e 293/2020, do 17 de xuño.

107 Ditame da Comisión Xurídica Asesora de Euskadi 54/2019, do 21 de marzo. Outros ditames enfrontanse, igualmente, a supostos nos cales puidese concorrer esta circunstancia, como son os casos dos Ditames 517/2018, do 29 de novembro, da Comisión Xurídica Asesora de Madrid; 501/2019, do 11 de decembro, do Consello Consultivo de Castela-A Mancha; ou 168/2019, do 13 de xuño, da Comisión Xurídica Asesora de Cataluña.

108 Neste sentido, Ditame 516/2019, do 11 de xullo, do Consello Consultivo de Andalucía.

artigo 213.3 da LCSP para os casos de resolución por incumprimento culpable das súas obrigas polo contratista.

Aínda que non podemos, para non alongar en exceso este traballo, afondar no seu desenvolvemento, non debemos, unha vez máis, deixar de denunciar a grave imprevisión en que incorre o lexislador de 2017 ao non regular os supostos en que ao incumprimento do contratista causante da resolución do contrato se suma o da Administración contratante¹⁰⁹. O propio Consello de Estado no seu ditame ao anteproxecto de lei propuña, mesmo, a solución que para estas hipóteses podería establecerse, a modulación da incautación da garantía. A súa denuncia sobre a falta de resposta legal a estes supostos non foi, porén, atendida, como non o fora tampouco a súa advertencia no mesmo sentido expresada no Ditame 1270/1993, do 2 de decembro, ao Anteproxecto da Lei de contratos de 1995. Levaba razón o órgano consultivo do Estado na súa chamada de atención sobre a necesidade de regular estas hipóteses e a oportunidade, sexa a que propuña no seu informe ao anteproxecto de lei vixente ou outra en que puidese pensarse, dunha resposta uniforme para elas ante a disparidade de solucións que tradicionalmente se viñeron ofrecendo con apoio, pola súa vez, en argumentos moi diversos¹¹⁰. Os primeiros ditames ditados en procedementos de resolución de contratos en aplicación da Lei de 2017 confirman xa que non estamos ante supostos, nin moito menos, excepcionais e que, ante a súa falta de previsión normativa, se resolven sempre en termos favorables a unha moderación, ou mesmo exclusión, dos efectos hoxe previstos no artigo 213.3 da LCSP que habería que concretar normativamente¹¹¹.

– Os efectos dunha resolución fundada no artigo 211.1.i)

A LCSP non regula as consecuencias propias dunha resolución do contrato por este motivo, polo que estas quedan na máis completa indefinición ante as dificultades existentes, ademais, para unha aplicación supletoria das regras previstas no artigo 213

109 Destaca PL. ROÁS MARTÍN como estes supostos se presentan “con moita frecuencia na práctica da xurisdición contencioso-administrativa, nos que, nunha sorte de reacción ante a desatención pola Administración das súas obrigas contractuais e dun modo análogo ao que puidese darse no ámbito privado, se paraliza a execución das obras ou a realización de traballos por parte do contratista, determinando iso en cambio a concorrencia de causa de resolución imputable a aquel” (“Capítulo VIII. El control jurisdiccional de la contratación pública: Aspectos problemáticos”, Gamero Casado, E. e Gallego Córcoles, I. (dirs.), *Tratado de contratos del sector pública*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2018, p. 514).

110 Como estudei en *La resolución de los contratos administrativos por incumplimiento del contratista*, cit., pp. 208-277.

111 Poden aquí citarse o ditame do Consello Consultivo de Andalucía 125/2019, do 13 de febreiro, que emite informe favorable sobre a resolución dun contrato de subministración en aplicación do artigo 211.f) da LCSP, pero no que declara non poder compartir “a proposta de incautación de fianza e indemnización de danos e perdas contemplada polo ente local contratante, xa que a dita Administración puido, durante os días de proba do produto, devolvelo tras os primeiros fallos de uso, en lugar de solicitar a súa reparación, reparos que se prorrogaron de forma sucesiva ante o que era unha evidente máquina defectuosa. A conclusión é que procede a resolución contractual e que cada parte se reintegre o entregado á outra parte contratante, segundo o artigo 307.1 da lei de aplicación”. Tamén o Ditame 277/2019, do 27 de xuño, da Comisión Xurídica Asesora de Madrid, considera “analizada a actuación da Administración” que “non se aprecia unha culpa exclusiva da contratista polo que, ao noso xuízo, non procede a incautación da garantía”. Na mesma liña, o Ditame 232/2020, do 8 de outubro, da Comisión Xurídica Asesora de Cataluña, “ante a renuncia unilateral do contratista”, admite a existencia da causa de resolución do artigo 211.1.f), aínda que, ao entendela xustificada, declara que “non resulta de aplicación o artigo 213.3 da LCSP”. Finalmente, o Ditame 45/2020, do 20 de febreiro, do Consello Consultivo de Castela e León, comparte que hai un incumprimento do prazo imputable ao contratista aínda que considera, en termos que non concreta pero que apunta igualmente a unha modulación no efecto de incautación da garantía, que “na determinación das consecuencias da resolución cómpre ter en conta a conduta do promotor e da dirección facultativa”, traducidas nunha serie de irregularidades das cales deixa cumprida constancia.

para outros casos de resolución contractual. En principio, e ao atoparnos ante unha resolución por incumprimento do contratista das súas obrigas, puidese pensarse na súa incardinación no apartado 3 do precepto. Agora ben, non debe ocultarse que na base da disposición establecida nesta norma, prevista para os supostos resolutorios recoñecidos nas letras d) e f) do artigo 211.1, atópanse incumprimentos de natureza moi diferente do que agora nos ocupa, pois, a diferenza dos recollidos nestes apartados, o previsto na letra i) sitúanos ante infraccións do contratista derivadas dunha relación xurídica allea á establecida coa Administración titular do contrato, non ante incumprimentos xurdidos no ámbito da relación contractual, que son aqueles para os que está previsto o artigo 213.3 da LCSP. Non obstante, o Ditame do Consello Consultivo de Andalucía 498/2019, do 4 de xullo, o único que atopamos que emita informe sobre unha proposta de resolución de acordo co artigo 211.1.i) da LCSP, parece apuntar á posible aplicación do dito precepto a estes supostos, ao considerar que, “en canto ás consecuencias da resolución, a proposta contempla a incautación da garantía para atender os danos e perdas que se lle tivesen irrogado á Administración”, consecuencias que “atopan o seu apoio nos apartados 3 e 5 do artigo 213 da LCSP, que as autorizan”, polo que “este Consello as considera procedentes”. Haberá que permanecer atentos a ver se esta interpretación se confirma. Desde logo, a correcta aplicación do artigo 213.3 a estes supostos pasa pola constatación de que o incumprimento do contratista sexa culpable e a existencia de danos causados á Administración con motivo da resolución do contrato. Confiemos en que axiña se diten novos pronunciamentos dos órganos consultivos e sentenzas que clarifiquen, ante a insuficiencia da LCSP, os efectos destes supostos de resolución do contrato, que, polo momento, poden considerarse residuais dentro do conxunto de causas legalmente previstas.

Regap



ESTUDIOS

Bibliografía

- BAÑO, T. e MORALES, R., “La incautación de la garantía definitiva en la resolución del contrato administrativo por culpa del contratista. Cuestiones derivadas de la nueva Ley de Contratos del Sector público”, *Revista Española de la Función consultiva*, n. 12, 2009.
- BARRERO RODRÍGUEZ, C., *La resolución de los contratos administrativos por incumplimiento del contratista*, 2ª ed., Lex Nova, Valladolid, 2011.
- BARRERO RODRÍGUEZ, C., “Los efectos de la resolución de los contratos administrativos: resolución por concurso y por incumplimiento del contratista. La conveniencia de una reforma”, *Revista de Administración Pública*, n. 196, 2015.
- BARRERO RODRÍGUEZ, C., “Las causas de resolución de los contratos administrativos en la nueva Ley de contratos del sector público de 2017”, *Documentación Administrativa*, n. 6, 2017.
- BARRERO RODRÍGUEZ, C., “Las causas generales de resolución de los contratos administrativos en la Ley de contratos del sector público de 2017. En particular, la resolución por incumplimiento del contratista”, *Revista Española de la Función Consultiva*, n. 28-29, 2017-2018.

- CANO CAMPOS, T., “La incautación de la garantía definitiva en la resolución de los contratos por incumplimiento culpable del contratista”, Soriano García, J.E. (dir.), *Por el Derecho y la Libertad. Libro Homenaje al Profesor Juan Alfonso Santamaría Pastor*, Iustel, Madrid, 2014.
- CASTILLO BLANCO, F., “Las garantías en la contratación administrativa y las responsabilidades a que están afectas: un estado de la cuestión”, Soriano García, J.E. (dir.), *Por el Derecho y la Libertad. Libro Homenaje al Profesor Juan Alfonso Santamaría Pastor*, Iustel, Madrid, 2014.
- CASTILLO BLANCO, F., “Capítulo XVII. Garantías exigibles en la contratación del sector público”, Gamero Casado, E. e Gallego Córcoles, I. (dirs.), *Tratado de contratos del sector público*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2018.
- CEAYALA, A., “La resolución de los contratos en la nueva a ley de Contratos del Sector público, Ley 9/2017, de 8 de noviembre”, *Gabilex, Revista del Gabinete Jurídico de Castilla-La Mancha*, n. 14, 2018.
- CODINA GARCÍA-ANDRADE, X., “La modificación objetiva de los contratos del sector público en la nueva LCSP”, *Contratación Administrativa Práctica. Revista de la contratación administrativa y de los contratistas*, n. 153, 2018.
- COLLADO MARTÍNEZ, R.M^a., “La bruja por la chimenea y la incautación de la fianza en caso de resolución del contrato por incumplimiento imputable al contratista”, *La contratación pública: Problemas actuales*, Consejo Consultivo de la Comunidad de Madrid, 2013, www.madrid.org/ccmadrid.
- CUERDA MAS, J., “La renuncia contractual e incautación de la garantía definitiva”, *Revista CEMCI*, n. 12/13, 2011.
- DE VICENTE, R., “Los incumplimientos recíprocos en el contrato administrativo como causa de su resolución y de la indemnización de daños y perjuicios”, *Revista General de Derecho Administrativo*, n. 18, 2008.
- ESCRIHUELA MORALES, F.J., *La contratación del sector público, Especial referencia a los contratos de suministros y servicios*, 5^a ed., La Ley, Madrid, 2018.
- FERNÁNDEZ ASTUDILLO, J.M., *El nuevo régimen de la contratación pública*, Bosch, Wolters Kluwer, Madrid, 2018.
- GARCÍA-TREVIJANO GARNICA, E., “La resolución de los contratos en la Ley 30/2007, de contratos del sector público”, *Revista Española de la Función Consultiva*, n. 14, 2010.
- GRUPO DE CONTRATACIÓN DEL SECTOR PÚBLICO GÓMEZ-ACEBO&POMBO, “El procedimiento de resolución contractual: Plazo, suspensión y caducidad”, *Revista de Estudios Locales*, n. 223, 2019.
- GRUPO DE CONTRATACIÓN DEL SECTOR PÚBLICO GÓMEZ-ACEBO&POMBO, “De nuevo sobre la incautación de la garantía ante el incumplimiento culpable: La Sentencia del Tribunal Supremo 3092/2019”, *Revista de Estudios Locales*, n. 265, 2019.
- GUERRERO ANKERSMIT, R., “Comentario al artículo 211”, Recuerda Girela, M.A. (dir.), *Comentarios a la nueva Ley de Contratos del Sector público*, Civitas, Thomson-Reuters, Cizur Menor, 2018.

- HERNÁNDEZ CORCHETE, J.A., “Capítulo XLI. Prerrogativas, derechos y obligaciones”, Gamero Casado, E. e Gallego Córcoles, I. (dirs.), *Tratado de contratos del sector público*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2018.
- HORGUÉ BAENA, C., “Capítulo XLIII. Modificación de los contratos”, Gamero Casado, E. e Gallego Córcoles, I. (dirs.), *Tratado de contratos del sector público*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2018.
- MENÉNDEZ SEBASTIÁN, E.M^a., “Capítulo XLV. La extinción de los contratos. La resolución”, Gamero Casado, E. e Gallego Córcoles, I. (dirs.), *Tratado de contratos del sector público*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2018.
- MIR PUIGPELAT, O., “Contratación administrativa en tiempos de crisis”, *Revista Española de la Función Consultiva*, n. 12, 2009.
- ROÁS MARTÍN, P.L., “Capítulo VIII. El control jurisdiccional de la contratación pública: Aspectos problemáticos”, Gamero Casado, E. e Gallego Córcoles, I. (dirs.), *Tratado de contratos del sector público*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2018.
- RUÍZ DAIMIEL, D., “La resolución del contrato por incumplimiento de las obligaciones contractuales esenciales. Una crítica a la actual regulación formalista”, *Observatorio de la Contratación Pública, Sección Opinión*, octubre de 2016.
- RUÍZ DAIMIEL, D., “Los incumplimientos de las obligaciones laborales por el contratista en determinados contratos de servicios”, *Observatorio de la Contratación Pública, Sección Opinión*, enero de 2017.
- SANTAMARÍA PASTOR, J.A., *Principios de Derecho Administrativo General II*, 4^a ed., Iustel, Madrid, 2016.

Regap



ESTUDIOS



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 60_xullo-decembro 2020 | pp. 37-92
Santiago de Compostela, 2020
<https://doi.org/10.36402/regap.v0i60.4634>
© Francisco Javier Sanz Larruga
ISSN-L: 1132-8371

Recibido: 10/11/2020 | Aceptado: 14/12/2020
Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

Dereito a unha información sanitaria veraz e a unha boa xestión dos datos epidemiolóxicos. Unha materia pendente en España con motivo do COVID-19

Derecho a una información sanitaria veraz y a una buena gestión de los datos epidemiológicos. Una asignatura pendiente en España con motivo del COVID-19

Right to accurate health information and good management of epidemiological data. A pending issue in Spain due to COVID-19

FRANCISCO JAVIER SANZ LARRUGA

Catedrático de Dereito Administrativo
Universidade da Coruña
<https://orcid.org/0000-0003-1045-5888>
fjsanz@udc.es

Resumo: Estudo sobre o réxime xurídico da información sanitaria vixente en España, incluídos os dereitos e obrigas dos cidadáns, así como das distintas administracións públicas. Unha vez estudado o anterior réxime, analízase de xeito crítico como se desenvolveron os principios, dereitos e procedementos do sistema de información pública durante o estado de alarma declarado en España con motivo da propagación do COVID-19. Finalmente, ofrécense algunhas propostas de reforma do grupo normativo na materia ante a experiencia desenvolvida nos primeiros meses da pandemia e baseadas nas críticas realizadas ao actual sistema de información sanitaria.

Palabras clave: dereito á información, COVID-19, información sanitaria, información epidemiolóxica.

60
Regap

Regap



ESTUDIOS

Resumen: Estudio sobre el régimen jurídico de la información sanitaria vigente en España, incluidos los derechos y obligaciones de los ciudadanos, así como de las diferentes administraciones públicas. Una vez estudiado el anterior régimen, se analiza de forma crítica cómo se han desarrollado los principios, derechos y procedimientos del sistema de información pública durante el estado de alarma declarado en España con motivo de la propagación del COVID-19. Finalmente, se ofrecen algunas propuestas de reforma del grupo normativo en la materia ante la experiencia desarrollada en los primeros meses de la pandemia y sobre la base de las críticas realizadas al sistema vigente de información sanitaria.

Palabras clave: derecho a la información, COVID-19, información sanitaria, información epidemiológica.

Abstract: Study on the legal regime of health information in force in Spain, including the rights and obligations of citizens as well as the different Public Administrations. Once the previous regime has been studied, it is critically analyzed how the principles, rights and procedures of the public information system have been developed during the state of alarm declared in Spain due to the spread of COVID-19. Finally, some proposals for reform of the regulatory group on the matter are offered in light of the experience developed in the first months of the pandemic and based on the criticisms made of the current health information system.

Key words: right to information, COVID-19, health information, epidemiological information.

SUMARIO: 1 Introducción. 2 Sistema xeral de información sanitaria no réxime xurídico vixente. En particular, a información epidemiolóxica. 2.1 Acerca da relevancia da información epidemiolóxica para a salvagarda da saúde colectiva nun contorno de incerteza científica. 2.2 O “principio de transparencia” como principio inspirador. 2.3 Os dereitos e deberes dos cidadáns relacionados coa información sanitaria. 2.3.1 Dereitos sanitarios. 2.3.2 Obrigas e deberes sanitarios. 2.4 O “Sistema de información sanitaria epidemiolóxica”: organización, funcións e obrigas das administracións públicas. 2.4.1 O “Sistema de información en saúde pública”. Organización, datos e seguridade da información. 2.4.2 A “vixilancia en saúde pública”. En particular, a “vixilancia epidemiolóxica”; as “redes de vixilancia” e a “Rede Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica”. 2.4.3 A “comunicación en saúde pública” e outras obrigas das administracións públicas. As “Directrices de comunicación de riscos” da OMS de 2018. 2.4.4 O “Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias” como centro coordinador da Rede Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica. 2.4.5 As relacións de colaboración con organizacións científicas e profesionais. Publicidade dos comités de asesoramento e garantías para a súa independencia. 3 Desenvolvemento da información sanitaria e a transparencia no estado de alarma. 3.1 Bases xurídicas do “estado de alarma”. Breve referencia á estrutura organizativa para a xestión do COVID-19. 3.2 Trabas iniciais á transparencia e suspensión de prazos procesuais e administrativos. 3.3 O acceso á información sanitaria e transparencia. 3.4 Unha comunicación pública da crise sanitaria manifestamente mellorable. 3.5 Loita contra desinformación sanitaria e “infodemia” e a protección das liberdades informativas. 3.5.1 Desinformación, “infodemia” e *fake news* sobre COVID-19. Iniciativas desde a OMS e a Unión Europea. 3.5.2 O caso de España: seguridade nacional, desinformación e liberdade de expresión. 4 Cara a un novo sistema de información sanitaria veraz, transparente e aberto, asesorado cientificamente, tecnoloxicamente avanzado e respectuoso coa privacidade. 4.1 Necesidade dunha profunda revisión do sistema de información sanitaria. 4.2 As novas propostas institucionais para a reforma do sistema de información tras o estado de alarma. 4.3 Un goberno aberto, transparente e informado na xestión da información sanitaria. 4.3.1 Un presuposto insubstituíble: a calidade e a xestión dos datos. 4.3.2 Unha comunicación veraz e transparente. 4.3.3 Un órgano independente para o asesoramento científico e técnico. 4.4 O imprescindible recurso á tecnoloxía e a innovación na loita contra o coronavirus. A ponderación entre a protección da saúde e a preservación da privacidade. 4.4.1 Ideas previas sobre a aplicación das tecnoloxías informáticas e telemáticas no control do COVID-19. Intelixencia artificial e *big data*. 4.4.2 Sobre as medidas tecnolóxicas promovidas polo Goberno español a partir do estado de alarma. Especial referencia ao “Radar COVID”. 4.4.3 Cara ao equilibrio entre as medidas tecnolóxicas e a protección da privacidade. Un enfoque desde a saúde. 5 Reflexión final: aprender da crise.

1 Introducción

Cando escribimos estas liñas hai xa case 50 millóns de contaxiados e máis de 1.230.000 falecidos en todo o mundo polo virus SARS-CoV-2 ou COVID-19; e, no caso de España, contabilízanse 1.328.832 contaxiados e 38.833 falecidos, aínda que sobre esta mesma cifra hai, como veremos, unha viva controversia acerca da súa verosimilitude¹. A nosa sociedade avanzada e tecnificada do século XXI sufriu, con motivo desta pandemia mundial –que a Organización Mundial da Saúde non tivo máis remedio que declarar o 11 de marzo de 2020–, unha cura de humildade ante as aínda abundantes incógnitas e incertezas que o coronavirus presenta na actualidade. Unha vulnerabilidade sanitaria tan estendida como inesperada.

Agora tócanos pensar –en palabras do profesor D. FARBER (da UC-Berkeley Law School)– como facer fronte á “incerteza na era do coronavirus”². Para iso, como sinala, D. INNERARITY, “coñecer e designar axeitadamente a natureza da crise é unha condición necesaria para que tomemos as mellores decisións...”, algo que, ante a complexidade da crise sanitaria, só pode facerse cun pensamento sistemático³. “É un problema máis epistemolóxico que epidemiolóxico” e a solución –se é que existe– “é cuestión de intelixencia colectiva, organización e protección pública”, segue dicindo o autor⁴. E, finalmente, o filósofo e director do Instituto Gobernance, recomenda, desde o punto de vista institucional, “un estilo de goberno máis cognitivo e menos ideolóxico”, maior “capacidade colectiva de gobernar a crise” e a “confianza” como “valor clave das institucións”⁵.

No medio de tantas perplexidades e incertezas, o obxecto do noso estudo pode parecer unha aporía: o dereito á información sanitaria nunhas circunstancias en que a información sobre o COVID-19 é abundantísima, pero aínda con moitas incógnitas por revelar. Nun sistema sanitario como o español, o dereito á información sanitaria sufriu un inusitado embate da catástrofe do coronavirus malia que, sobre o papel das normas, as garantías dos cidadáns e o deseño do sistema público de información sanitario está bastante desenvolvido no ordenamento xurídico sanitario do noso país.

-
- 1 Unha das fontes de información máis solventes a escala mundial é a Universidade Johns Hopkins a través do seu Coronavirus Resource Center. Acceso web: <https://coronavirus.jhu.edu/map.html>.
 - 2 Da súa colaboración no *Blog LegalPlanet* do 23 de marzo de 2020: “Uncertainty in the Age of Coronavirus”. Como bo experto en dereito ambiental e no dereito dos riscos, ofrece algunhas solucións do campo ambiental, como a achega dos expertos, a análise de escenarios e o recurso ao principio de precaución.
 - 3 Cfr. o seu ensaio *Pandemocracia. Una filosofía de la crisis del coronavirus*, Galaxia Gutemberg, Madrid, 2020 (edición dixital), do seu capítulo 1º sobre “complexidade da pandemia”. Sinala o autor que a maior parte das equivocacións se deron por “falta de coñecemento”, “non se fixo o esforzo correspondente” (xeración de saber experto, deliberación colectiva, previsión e estratexia).
 - 4 *Ibidem* do seu capítulo 2º sobre “o final do mundo”. Tamén insiste en que “necesitamos articular unha intelixencia distribuída de xeito disperso e formas de autoorganización coordinada (...) coñecemento compartido e a cooperación”.
 - 5 *Ibidem* do seu capítulo 3º sobre “virus contra o populismo”. Nunha colaboración do mesmo autor para o diario *El País*, titulada “Las certezas que tenemos” (12/08/2020), afirma que agora “as nosas principais controversias xiran arredor de: que ignorancia podemos permitirnos, como podemos reducilas con procedementos de previsión, ou que riscos é oportuno asumir”, “estamos ante o desafío de aprender a xestionar esas incertezas que nunca poden ser completamente eliminadas e transformalas en riscos calculables e en posibilidades de aprendizaxe”; en definitiva, conclúe, “hai que aprender a soportar a incerteza”.

Regap



ESTUDOS

Seguindo as recomendacións epistemolóxicas do profesor INNERARITY, é obrigado nestes momentos –sumidos aínda no fragor da pandemia– promover o coñecemento no campo da saúde e da sanidade públicas co obxectivo de ofrecerlles aos pacientes (sufridores, en moitos casos) cidadáns a mellor información dispoñible. E sen que para iso importe rectificar as prácticas erróneas, pois niso está en xogo recobrar a confianza nas institucións sanitarias e nas mellores orientacións posibles dos cidadáns na xestión desta crise.

Eliximos este tema de estudo non só pola importancia que a información sanitaria presenta ante unha crise sanitaria como esta do COVID-19, senón pola xeneralizada crítica –por parte de profesionais e expertos– que este aspecto concreto da xestión pública desatou desde o comezo no noso país⁶. E isto coa pretensión de analizar como está prevista a información pública no noso ordenamento xurídico e, se é preciso, emprender reformas neste capítulo da saúde pública.

*figura similar que contén o procedemento administrativo (a terminación convencional). Estamos sen ningunha dúbida ante a figura menos empregada na práctica, dado o nulo interese das administracións públicas afectadas e a escasa tradición desta figura na orde contencioso-administrativa*³².

A iso deben sumarse os impedimentos legais que ten a Administración para transixir, xa que o letrado que represente á Administración non é dono da posición desta, como sucedería cun particular, senón que require tamén da autorización da dita Administración para acceder a unha eventual mediación. Por conseguinte, as administracións públicas terán que obter dos seus órganos competentes a correspondente autorización para transixir. Concretamente, cando se trata da Administración do Estado ou dun dos seus organismos autónomos, precisarase autorización por decreto acordado en Consello de Ministros, logo de ditame do Consello de Estado en pleno, autorización que, cando se trate de administracións de comunidades autónomas ou de administracións locais, lle corresponderá a órgano de Goberno da respectiva comunidade. Por tales motivos, a figura da mediación non adoita ser un instrumento que permita liberar de carga de traballo os órganos do contencioso.

Sexa como for, e a pesar de que o dereito administrativo se presenta historicamente como un ámbito cheo de obstáculos fronte ás ADR, o certo é que os cambios sociais e a modificación das estruturas administrativas levan a procurar novas canles para a resolución dos conflitos coa Administración. Por este motivo, a mediación viuse fortemente impulsada pola Unión Europea –tal como se evidenciou– e, no ámbito interno, o Consello Xeral do Poder Xudicial propiciou a incorporación da mediación administrativa mediante proxectos piloto que impulsan o consenso³³. Estes proxectos beneficiaron o panorama nesta materia, pondo de manifesto que non só é factible, senón en moitos casos conveniente, impulsar o acordo a través da mediación, sabendo, en todo caso, que non é excluínte da vía xudicial. Polo tanto, a mediación preséntase como un complemento perfecto da vía administrativa, cubrindo aqueles espazos que estas non poden ou non alcanzan. Partindo desta configuración, enténdese que a mediación permite paliar unha situación de total colapso no ámbito da xurisdición contencioso-administrativa.

32 ARISTÓTELES MAGÁN PERALES, J.M., “La sentencia y otras formas de terminación del procedimiento contencioso-administrativo”, Oliván del Cacho, J. e Ezquerro Huerva, A. (dirs.), *Estudio de la Ley de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2014. En sentido contrario, GIMENO SENDRA entendeu que non existía impedimento para a súa aplicación, sempre e cando se observasen todos os requisitos e, especialmente, o de que se trate dunha materia litixiosa dispoñible, cuxos efectos transcorran exclusivamente entre as partes, sen que poidan estar comprometidos o interese público ou o de terceiros (GIMENO SENDRA, V., GARBERÍ LLOBREGAT, J., MORENO CATENA, V. e GONZÁLEZ-CUÉLLAR SERRANO, N., *Derecho Procesal Administrativo*, Tirant lo Blanch, Valencia, 1993).

33 Convén, en todo caso, destacar a existencia de proxectos piloto promovidos polo CXPX: o de Las Palmas de Gran Canaria implantouse en 2013 nos xulgados do contencioso-administrativo 2 e 3, en virtude dun convenio suscrito pola Fundación Valsain, o Concello de Las Palmas, o Colexio de Avogados, o Goberno de Canarias e o CXPX. Posteriormente, este foi reproducido noutras comunidades autónomas como A Rioxa, e máis recentemente en Madrid e en Valencia, sendo o primeiro xestionado desde o Concello e o segundo, desde a Corte de Arbitraje e Mediación da Cámara de Valencia. Igualmente, está a experiencia en Murcia. No marco da Orde XUS/1721/2014, do 18 de setembro, pola que se amplía a Oficina Xudicial de Murcia e se articula a creación da Unidade de Mediación Intraxudicial de Murcia.

3.4 Requisitos

Para que exista esta figura da mediación, cómpre que se cumpran, en primeiro lugar, os requisitos obxectivos. A LXCA indícanos que, unha vez formuladas a demanda e a contestación, de oficio ou por instancia de parte, o órgano xurisdiccional pode someter á consideración das partes o recoñecemento de feitos ou documentos, así como a posibilidade de lograr un acordo –de mediar– que poña fin á controversia, sempre e cando o xuízo se promova sobre materias que, pola súa natureza, sexan susceptibles de transacción³⁴ e, en particular, cando se trate de reclamacións de cantidade³⁵.

Movémonos, polo tanto, nunha indefinición no que se refire ás materias concretas que poden ser obxecto de transacción ou de mediación, deixando abertos algúns límites á eventualidade de pactar sobre certos asuntos, nos cales pode resultar máis axeitada a fórmula da transacción, como poden ser os asuntos públicos ou os actos administrativos regulados. En consecuencia, *a priori* considérase aventurado elaborar unha listaxe exhaustiva de materias ou cuestións en que resulte máis apropiada a fórmula da transacción.

En segundo lugar, tamén son precisos uns requisitos subxectivos. A este respecto, o artigo 77.1 recoñécelle unha ampla posibilidade ao órgano xudicial de someter a consideración das partes, de oficio ou por solicitude dunha delas, a opción de que estas logren un acordo sobre o obxecto do proceso. En efecto, trátase dunha facultade, non sendo obrigatorio que se acade este acordo, o cal soamente poderá ser realizado por vontade das partes, exixíndose no artigo 1713 CC poder especial para preitos para que sexa válida a transacción conseguida por elas. Polo tanto, o intento de transacción ou mediación pode ser realizado polo xuíz ou tribunal, de oficio ou por instancia de parte. En realidade, o máis normal é que a transacción teña lugar por instancia das partes litigantes, que darán conta ao órgano xudicial do acordo logrado entre elas³⁶.

Por último, existen os requisitos temporais, é dicir, os referidos ao momento procesual en que cabe a transacción. En puridade, esta debe producirse desde que se interpón a demanda e a contestación e con anterioridade ao momento en que se declara o proceso concluso para ditar sentenza. Agora ben, SANTAMARÍA PASTOR considera

34 O ATS do 3 de abril de 2001 pronúnciase acerca das materias susceptibles de transacción: “[...] *denegou a tramitación do incidente do artigo 77 da Lei xurisdiccional ao versar o dito precepto sobre as facultades da Sala para propiciar unha conciliación ou transacción entre as partes, que se exclúe cando a cuestión debatida verse sobre materias non susceptibles de transacción, como neste caso acontece; resultando, ademais diso, que os supostos feitos cuxo recoñecemento se solicita resultan irrelevantes para o axuízamento da actuación da Xunta Electoral Central, impugnada neste proceso; e non se solicita tanto o recoñecemento dun feito como a aceptación polo Concello codemandado dunha alegación xurídica, desde o momento en que o demandante, máis que pedir o recoñecemento de que non se interpuxo un recurso contra un auto ditado na xurisdición penal (o cal, insítese niso, é intranscendente para os efectos deste proceso), busca o recoñecemento das consecuencias xurídicas que une a tal aquietamento; debéndose impoñer as custas desta súplica ao demandante, por apreciarse temeridade procesual na súa formulación*” (vid. F.X.2°).

35 Tal como se prevé no F.X.4° da STSX de Andalucía, Granada, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, n. 698/2018, do 12 de abril.

36 Non obstante, o axeitado sería que, non excluíndo *a priori* ningún asunto da mediación, fose o propio tribunal o que determinase criterios flexibles e orientativos que aconsellen acudir a esta institución. Con iso lograríase unha dobre vantaxe: por un lado, para o administrado, xa que alcanza solucións pactadas áxiles e menos custosas que, pola súa vez, estarían referendadas pola propia autoridade xudicial e cuxo tempo de realización sería menor, e, polo outro, para a Administración de xustiza, xa que permite desconxestionar o número de asuntos e axuda a obter unha xustiza áxil e eficaz (GARCÍA TEJADA, D.J., “Una breve aproximación a la mediación intrajudicial en el ámbito contencioso-administrativo”, *Actualidad Administrativa*, n. 3, Sección Exercer en forma e prazo, marzo de 2019).

que a lei non é clara cando alude a este elemento temporal. Se se debe facer “*unha vez formulada a demanda e a contestación*” e ademais poderá producirse “*en calquera momento anterior ao día en que o preito fose declarado concluso para sentenza*”, estase a deixar unha marxe temporal moi estreita para a incoación do trámite –o período de proba e de vista ou conclusións–, que pode mesmo non existir en absoluto no suposto previsto no artigo 57³⁷, en que o preito é declarado concluso no mesmo momento de recibirse a contestación á demanda³⁸. En consecuencia, esta restrición temporal non sería totalmente acertada, xa que non coadxuva a incentivar o emprego deste método de finalización do proceso.

Malia iso, o precepto si é claro cando dispón que a transacción debe ter lugar “*nos procedementos en primeira ou única instancia*”, do que se infire que non resulta posible a técnica da transacción ou mediación en vía de recurso. Iso débese a que na vía de recurso se depura a corrección xurídica dunha anterior resolución xurídica –auto ou sentenza– que eliminou, coa decisión, a incerteza xurídica que constitúe o requisito ou a base fáctica para que poida falarse de transacción³⁹. Non obstante, GONZÁLEZ PÉREZ sostén que non existe motivo impeditivo para aplicar a transacción na fase de execución, mediante convenio entre as partes que poña fin ás cuestións debatidas, sempre e cando concorra o requisito da incerteza ou dificultade na solución⁴⁰.

3.5 Efectos do acordo transaccional

Como regra xeral, e de conformidade co apartado 2 do artigo 77 LXCA, o intento de conciliación –ou de mediación– non suspenderá o curso do proceso, salvo que todas as partes que comparecen o soliciten⁴¹. No caso de que as partes solicitasen tal suspensión e a ningunha delas lle interesase a prosecución do proceso, cumprirá observar o previsto no artigo 237 LAC sobre caducidade da instancia. Respecto ao prazo de suspensión, observarase de forma supletoria o artigo 19.4 LAC, no cal se prevén sesenta días. Malia iso, este prazo pode considerarse insuficiente para lograr cambiar a vontade das partes e solicitar as autorizacións de órganos superiores e informes ou ditames consultivos que a transacción adoita requirir.

Se tras as conversas levadas a cabo polas partes se lograra o acordo, entón extinguirase a controversia e o tribunal deberá ditar auto polo que declare rematado

37 Este precepto fai referencia a cando o actor pida na súa demanda que o recurso se falle sen necesidade de recibimento a proba nin tampouco de vista ou conclusións e a parte demandada non se opoña.

38 SANTAMARÍA PASTOR, J.A., *La Ley reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa. Comentario*, Iustel, Madrid, 2010, pp. 773 e 774.

39 GARCÍA MANZANO, P., “Terminación del procedimiento”, Leguina Villa, J. e Sánchez Morón, M. (dirs.), *Comentarios a la Ley de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa*, Lex Nova, Valladolid, 2001, p. 363.

40 GONZÁLEZ PÉREZ, J., “La transacción en el Proyecto de Ley de Jurisdicción Contencioso-Administrativa”, *Revista de Administración Pública (RAP)*, n. 145, xaneiro-abril de 1998, p. 23.

41 Tal como se prevé na STSX de Castela-A Mancha, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, n. 282/2017, do 23 de xuño: “*No procedemento de instancia as dúas partes solicitaron a suspensión da súa tramitación por estar en proceso de negociación, o que culminou coa presentación dun acordo transaccional que presentaron de común acordo ao abeiro do artigo 77 LXCA e 19 LAC solicitando que se acordase a súa homologación*” (FX.1ª).

o litixio⁴². Para que este efecto extintivo teña lugar, a transacción require que no convenio interviñesen todos os que compareceron como demandados, aínda cando é discutible se han de ser tamén incluír os que, malia posuíren a devandita posición procesual, interveñen non como titulares de dereitos derivados do acto contra o que se recorre, senón como lexitimados pasivamente en virtude de simple interese lexítimo⁴³. Pola contra, se non se alcanzase a transacción, o proceso continuaría con normalidade ata ditarse sentenza.

Por outra banda, mesmo cando o lexislador non delimitou cal deba ser o contido da resolución xudicial que declara finalizado o litixio, resulta lóxico considerar que, para facilitar, incluso, a execución do acordado, o auto deberá incluír a expresión literal do convido, pois desta forma cúmprese tamén o deber do órgano xurisdiccional de velar pola regularidade do seu contido. En realidade, esta precaución necesaria podería posibilitar a execución xudicial do acordado no hipotético caso de que algunha das partes mostrase unha futura resistencia a cumprir⁴⁴.

3.6 Homologación do acordo e a súa execución

A mediación pretende que o cidadán, como partícipe e xestor da solución autocompositiva do seu conflito, sinta que ademais de ser esta súa e propia, é lícita, ecuánime, axeitada e, por conseguinte, unha solución xusta. Se isto se produce, non cabe dúbida ningunha de que, a xuízo de MARTÍN DIZ, “a eficacia do acordo será máxima, os seus compromisos intocables, a súa fisionomía case perfecta. Aínda así, mesmo presente o convencemento das partes no apropiado do acordo obtido, múltiples factores poden desencadear o seu incumprimento e facer cambalear a súa eficacia”⁴⁵. Esta circunstancia pode situar a mediación en desvantaxe con respecto aos sistemas heterocompositivos. Por iso, en boa lóxica, parece conveniente regular a forma de lograr que o acordo teña forza executiva para evitar que, nos casos de incumprimentos totais ou parciais, os acordos se convertan en papel mollado, sen máis posibilidade para as partes cumpridoras que acudir á vía xudicial.

En atención ao previsto no apartado 3 do artigo 77, o acordo transaccional acadado necesita a homologación xudicial, unha vez examinada a concorrencia da capacidade procesual exixida ás partes e que se axusta á lei, e sempre que o acordado entre as partes non fose manifestamente contrario ao ordenamento xurídico nin lesivo do interese público ou de terceiros⁴⁶. Os terceiros afectados, en calquera caso, terán

42 Tal como contempla o auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo n. 1 de Guadalaxara n. 65/2017, do 2 de marzo, que sinala: “a terminación deste procedemento, por chegaren as partes a un acordo que implica a desaparición da controversia”.

43 De acordo co artigo 21.1.b LXCA, teñen a consideración de parte demandada: “As persoas ou entidades cuxos dereitos ou intereses lexítimos puidesen quedar afectados pola estimación das pretensións do demandante”.

44 GONZÁLEZ RIVAS, J.J. e ARANGUREN PÉREZ, I., *Comentarios a la Ley reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa 29/1998, de 13 de julio*, cit., p. 598.

45 MARTÍN DIZ, F., *La mediación: sistema complementario de Administración de Justicia*, Consello Xeral do Poder Xudicial, Centro Documentación, Madrid, 2010, p. 130.

46 Así tamén o entende GARCÍA VICARIO, ao sinalar que o xuíz debe negarse a admitir a validez daqueles acordos intraprosuais cuxo contido sexa “manifestamente contrario ao ordenamento xurídico” ou “lesivo do interese público ou de terceiros”, co que se lle encomenda unha tarefa de control substantivo evidente (GARCÍA VICARIO, M.C., “La mediación como sistema

que ser chamados ao proceso, e para que as consecuencias xurídicas do acordado os vinculen deberán tamén prestar a súa conformidade. Nese mesmo auto que declara rematado o proceso, ordenarase o arquivo dos autos e a remisión do expediente á Administración. Se apreciase algunha desas circunstancias, tamén se ditará auto motivado, facéndoo constar así e continuando o proceso ata ditar sentenza.

O auto ditado terá a mesma forza executiva que unha sentenza. Desta forma, estase a outorgarlle ao acordo de mediación a mesma forza que á sentenza para os efectos de execución forzosa, o que reforza o interese da lei por esta forma de terminación do proceso. A este respecto, cabe traer a colación o previsto no artigo 517.2.9º LAC, en virtude do cal o auto que aprrobe ou homologue este acordo será título executivo.

Agora ben, transcorrido o prazo de execución que se fixase no acordo a que se se refire o artigo 77.3, calquera das partes poderá instar a súa execución forzosa, en virtude do artigo 113 LXCA. Así, para conseguir do órgano xurisdiccional a execución forzosa, este precepto distingue entre o suposto de que o acordo non contivese prazo para levar a efecto as súas previsións, caso en que a parte prexudicada lle poderá requirir á obrigada o cumprimento e, se no prazo de dous meses non se produce, poderá “*instar a súa execución forzosa*”; e aquel outro suposto en que o propio convenio incorpora un prazo para o seu cumprimento, no cal calquera das partes, transcorrido este, poderá instar do xuíz ou tribunal a execución forzosa, sen actividade previa ningunha.

3.7 A mediación administrativa no dereito portugués

En Portugal, é na década dos 90 cando se nota máis claramente a apropiación progresiva da mediación en textos normativos. Esta institución é admisible en diversos ámbitos e adoptáronse medidas para incrementar o uso dos sistemas de mediación en certas áreas xurídicas: emprego, asuntos penais, mercantís, civís e de familia. E iso porque a mediación en materia familiar, laboral e penal conta coas súas propias estruturas e mediadores especializados, mentres que a mediación civil e mercantil se produce no marco dun proceso xudicial perante os xulgados de paz⁴⁷.

Polo que se refire ao ámbito administrativo, debemos acudir ao Decreto-lei n. 214-G/2015, do 2 de outubro, a través do cal, e en virtude da autorización lexislativa outorgada pola Lei n. 100/2015, do 19 de agosto, se revisa, entre outras normas⁴⁸, o Código de proceso nos tribunais administrativos que fora aprobado pola Lei n. 15/2002, do 22 de febreiro⁴⁹.

alternativo y complementario de resolución de conflictos en la Jurisdicción Contencioso-Administrativa”, *Revista Jurídica de Castilla y León*, n. 29, xaneiro de 2013, p. 19).

47 Tamén resulta posible que nos xulgados de paz se poida realizar unha mediación sobre asuntos que quedan fóra da competencia destes órganos xudiciais, o que se denomina comunmente como “mediación extracompetencial”. Malia iso, este tipo de mediación non segue as fases procesuais habituais das materias competencia dos xulgados de paz, pois, en caso de que non se logre un acordo, o proceso non pode continuar o seu curso no xulgado, tal como pode suceder no caso das mediacións civís e mercantís, nas cales os xulgados de paz son competentes.

48 Revisase tamén: “o *Estatuto dos Tribunais Administrativos e Fiscais*, o *Código dos Contratos Públicos*, o *Regime Jurídico da Urbanización e da Edificación*, a *Lei de Participación Procedimental e de Ação Popular*, o *Regime Jurídico da Tutela Administrativa*, a *Lei de Acceso aos Documentos Administrativos* e a *Lei de Acceso à Informação sobre Ambiente*”.

49 O proceso nos tribunais administrativos réxese pola Lei n. 15/2002, polo Estatuto dos tribunais administrativos e fiscais e, supletoriamente, polo disposto na Lei de proceso civil, coas adaptacións necesarias.

Nesta revisión engádese o artigo 87º-C⁵⁰, mediante o cal se incorpora unha tentativa de conciliación e mediación. En efecto, considera a posibilidade de que, en atención ao poder de disposición das partes, se poida levar a cabo en calquera momento do proceso un intento de conciliación ou mediación. Agora ben, para iso é necesario que as dúas partes o exixan conxuntamente ou sexa o xuíz quen considere que é adecuado.

Con todo, malia o precepto aludir fundamentalmente á conciliación, en canto ao desenvolvemento da mediación remítese ao establecido na propia lei de mediación, polo que, máis alá desta posibilidade que teñen as partes, o Código de proceso civil –Lei n. 41/2013, do 26 de xuño–, no seu artigo 273, fai referencia á mediación e á suspensión da instancia. Prevese que, en calquera momento do proceso, o xuíz poderá determinar, sempre que o considere oportuno, a remisión do proceso para a mediación, caso en que este se suspenderá, salvo que algunha das partes se opoña expresamente a tal remisión.

Ademais desta previsión, as partes tamén poden, conxuntamente, optar por resolver o conflito a través dunha mediación, acordando a suspensión do proceso por un período máximo de 3 meses. Esta suspensión prodúcese, de forma automática e sen necesidade dun auto xudicial, coa comunicación por algunha das partes do recurso a mediación.

No suposto de que non sexa posible lograr un acordo na mediación, o mediador debe pór en coñecemento do xuíz tal circunstancia e farao, preferentemente, por vía electrónica. Como consecuencia, cesará automaticamente e sen necesidade de ningún acto do xuíz a suspensión do procedemento. Pola contra, de se lograr un acordo na mediación, este envíase ao xuíz, tamén preferentemente por vía electrónica, seguindo o previsto na lei para a homologación do referido acordo.

En canto ao acordo, os artigos 20 da Lei n. 29/2013 e 56 da Lei n. 54/2013, do 31 de xullo⁵¹, prevén que o seu contido será fixado libremente polas partes, debe pórse por escrito e asinarse por todos os intervinientes, para a inmediata homologación polo xuíz de paz, tendo o valor de sentenza.

Máis alá desta previsión, o artigo 14 da Lei n. 29/2013 sinala que, nos casos en que a lei non determine a súa obriga, as partes teñen a facultade de solicitar a homologación xudicial do acordo obtido na mediación. A finalidade de tal homologación é verificar se se cumpren os requisitos previstos neste precepto: se o acordo respecta o asunto que poida ser obxecto de mediación; a capacidade das partes para a súa celebración; se se respectan os principios xerais do dereito; se se respecta a boa fe; e se non constitúe un

50 Artigo 87º-C: " 1. Quando a causa couber no âmbito dos poderes de disposição das partes, pode ter lugar, em qualquer estado do processo, tentativa de conciliação ou mediação, desde que as partes conjuntamente o requeiram ou o juiz a considere oportuna, mas as partes não podem ser convocadas exclusivamente para esse fim mais do que uma vez.

2. Para o efeito do disposto no número anterior, as partes são notificadas para comparecer pessoalmente ou se fizerem representar por mandatário judicial com poderes especiais.

3. A tentativa de conciliação é presidida pelo juiz, devendo este empenhar-se ativamente na obtenção da solução mais adequada aos termos do litígio.

4. Frustrando-se, total ou parcialmente, a conciliação, ficam consignadas em ata as concretas soluções sugeridas pelo juiz, bem como os fundamentos que, no entendimento das partes, justificam a persistência do litígio.

5. A mediação processa-se nos termos definidos em diploma próprio".

51 Primeira modificación á Lei n. 78/2001, do 13 de xullo (Lei de organización, competencia e funcionamento dos xulgados de paz), que desenvolve algúns aspectos de organización e funcionamento dos xulgados de paz.

abuso de dereito e o seu contido non vulnera a orde pública. Deste xeito, verificados os requisitos legais, o acordo de mediación constituirá título executivo, podendo ser executado en caso de incumprimento do previsto polas partes⁵².

A pesar disto, o artigo 9 da Lei n. 29/2013 considera uns supostos nos cales o acordo de mediación ten forza executiva, sen necesidade de homologación xudicial. Concretamente, este precepto prevé que ten forza executiva o acordo: “a) *Que diga respeito a litígio que possa ser objeto de mediação e para o qual a lei não exija homologação judicial*; b) *Em que as partes tenham capacidade para a sua celebração*; c) *Obtido por via de mediação realizada nos termos legalmente previstos*; d) *Cujo conteúdo não viole a ordem pública*; e e) *Em que tenha participado mediador de conflitos inscrito na lista de mediadores de conflitos organizada pelo Ministério da Justiça*”.

Con todo, no caso de que se denegue a homologación, o acordo non produce efectos e será devolto ás partes, as cales, no prazo de 10 días, poden someter un novo acordo para a homologación.

4 Conclusións

A dispoñibilidade que sobre o proceso contencioso-administrativo determinou o lexislador español e portugués viabiliza a súa finalización por medios distintos da sentenza. En efecto, o principio dispositivo constitúe unha peza clave na medida en que a súa configuración implica que as partes litigantes teñen á súa disposición o proceso. En consecuencia, estas poden dispor non só do inicio e do desenvolvemento, senón tamén da terminación anticipada da contenda, en concreto, cando se alcanza un acordo transaccional.

Neste sentido, no dereito español, o artigo 77 LXCA prevé a posibilidade de someter a cuestión controvertida á terminación convencional mediante transacción procesual e, xa que logo, á mediación. Polo tanto, existe a posibilidade de acudir a unha mediación administrativa para dirimir as controversias de forma pacífica entre a Administración pública e os administrados. Deste xeito, coadxúvase á diminución dos procesos contencioso-administrativos, permitindo a solución dos litixios no eido do dereito administrativo de xeito máis flexible e rápido.

Agora ben, cando a terminación anormal é resultado da transacción entre as partes do litixio, a aceptación por esa canle duns feitos controvertidos non vincula o tribunal, o cal poderá ordenar a continuación do proceso cando aprecie que o acordado é manifestamente contrario ao ordenamento ou estime que é lesivo para o interese público ou de terceiros.

No entanto, malia as potencialidades da mediación, o certo é que esta presenta un escaso alcance práctico á hora de rematar este tipo de procesos de xeito anticipado e consensuado. Ademais, a regulación que dela atopamos na lei é reducida, polo que é a xurisprudencia a que, en numerosas ocasións, tivo que concretar o seu alcance e significado. Esta realidade trae a súa causa, en maior medida, do pouco interese

52 MARQUES CEBOLA, C., “Regulamentar a Mediação: um olhar sobre a nova Lei de Mediação em Portugal”, *Revista Brasileira de Direito*, n. 11 (2), xullo-dецembro, 2015, p. 60.

das administracións públicas afectadas e da insuficiente tradición que presenta esta figura na orde contencioso-administrativa, polo que se entende que os poderes públicos deberan fomentala, máxime cando razóns non faltan para dotar este sistema autocompositivo dunha eficaz e sólida operatividade.

Polo que respecta ao dereito portugués, grazas á incorporación do artigo 87º-C na Lei n. 41/2013, poderase acudir a unha mediación para tratar de solucionar o conflito ante os tribunais administrativos, sempre que as dúas partes o exixan conxuntamente ou o xuíz considere que é axeitado. Agora ben, neste ámbito a regulación céntrase na conciliación, polo que é necesario acudir ao disposto na propia regulación da mediación.

Bibliografía

- ÁLVAREZ-CIENFUEGOS, J.M. e GONZÁLEZ RIVAS, J.J., *Análisis Teórico y Jurisprudencial de la Ley de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa. Ley 29/1998, de 13 de julio*, Aranzadi, Pamplona, 1998.
- ARISTÓTELES MAGÁN PERALES, J.M., “La sentencia y otras formas de terminación del procedimiento contencioso-administrativo”, Oliván del Cacho, J. e Ezquerra Huerva, A. (dirs.), *Estudio de la Ley de la Jurisdicción Contenciosa-Administrativa*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2014.
- ARRUDA BARBOSA, Á., *Mediação Familiar: Instrumento Transdisciplinar em Prol da Transformação dos Conflitos Decorrentes das Relações Jurídicas Controversas*, Dissertação de Mestrado, São Paulo, 2003.
- BARONA VILAR, S., *Mediación en asuntos civiles y mercantiles en España. Tras la aprobación de la Ley 5/2012, de 6 de julio*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2013.
- CARDONA FERREIRA, J.O., “Sistemas de Justiça e Mediação”, *Themis – Revista da Faculdade de Direito da Universidade Nova de Lisboa*, ano VI, n. 11, 2005.
- CASADO ROMÁN, J., “Las formas de terminación del procedimiento contencioso-administrativo”, *Diario La Ley*, n. 7077, Sección Doutrina, 16 de decembro de 2008.
- CASTALDE SAMPAIO, L.R. e BRAGA NETO, A., *O que é mediação de Conflitos*, Brasiliense, São Paulo, 2007.
- CASTILLEJO MANZANARES, R., *Del poder de disposición de las partes sobre el proceso civil y sobre sus pretensiones*, La Ley, Madrid, 2014.
- CORTÉS DOMÍNGUEZ, V. e MORENO CATENA, V., *Derecho procesal civil. Parte general*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2017.
- DE LA OLIVA SANTOS, A., *Derecho Procesal Civil. El Proceso de Declaración*, Centro de Estudios Ramón Areces, Madrid, 2001.
- DUPLÀ MARÍN, M.T., CUMELLA DE MONTSERRAT, C. e MANÉN YZAGUIRRE, M., “¿Responde la mediación a una gestión más eficiente de los conflictos en el ámbito administrativo?”, *Diario La Ley*, n. 9385, Sección Práctica Forense, 27 de marzo de 2019.
- FRANÇA GOUVEIA, M., “Mediação e Processo Civil”, *Cadernos de Direito Privado*, n. especial 1, 2010.

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

- GAMERO CASADO, E., “Iniciativas de mediación intrajudicial en el contencioso-administrativo”, *Revista española de Derecho Administrativo*, n. 198, Crónica, 2019.
- GARCÍA GARCÍA, L., “La mediación: prevención y alternativa al litigio en los conflictos familiares”, *Estudios jurídicos*, 2004.
- GARCÍA MANZANO, P., “Terminación del procedimiento”, Leguina Villa, J. e Sánchez Morón, M. (dirs.), *Comentarios a la Ley de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa*, Lex Nova, Valladolid, 2001.
- GARCÍA TEJADA, D.J., “Una breve aproximación a la mediación intrajudicial en el ámbito contencioso-administrativo”, *Actualidad Administrativa*, n. 3, Sección Ejercer en forma y plazo, marzo de 2019.
- GARCÍA VICARIO, M.C., “La mediación como sistema alternativo y complementario de resolución de conflictos en la Jurisdicción Contencioso-Administrativa”, *Revista Jurídica de Castilla y León*, n. 29, enero de 2013.
- GIMENO SENDRA, V., GARBERÍ LLOBREGAT, J., MORENO CATENA, V. e GONZÁLEZ-CUÉLLAR SERRANO, N., *Derecho Procesal Administrativo*, Tirant lo Blanch, Valencia, 1993.
- GONZÁLEZ PÉREZ, J., “La transacción en el Proyecto de Ley de Jurisdicción Contencioso-Administrativa”, *Revista de Administración Pública (RAP)*, n. 145, enero-abril de 1998.
- GONZÁLEZ RIVAS, J.J. e ARANGUREN PÉREZ, I., *Comentarios a la Ley reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa 29/1998, de 13 de julio*, Thomson, Madrid, 2008.
- LOPERENA ROTA, D., *La transacción en la nueva Ley de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa*, Oñati – Instituto Vasco de la Administración Pública, Bilbao, 2000.
- MARQUES CEBOLA, C., “Regulamentar a Mediação: um olhar sobre a nova Lei de Mediação em Portugal”, *Revista Brasileira de Direito*, n. 11(2), xullo-décembro, 2015
- MARTÍN DIZ, F., *La mediación: sistema complementario de Administración de Justicia*, Consello Xeral do Poder Xudicial, Centro Documentación, Madrid, 2010.
- PAIXÃO CAMPOS, J., *A Conciliação Judicial*, Faculdade de Direito da Universidade Nova de Lisboa, Lisboa, 2009.
- PEDROSO, J., TRINCÃO, C. e DIAS, J.P., “Percurso da informalização e da desjudicialização – por caminhos da reforma da administração da justiça (análise comparada)”, *Observatório Permanente da Justiça portuguesa. Centro de Estudos Sociais*, Coimbra, 2001.
- SALA SÁNCHEZ, P., “La mediación y su integración en el ámbito contencioso-administrativo”, *Diario La Ley*, n. 9632, Sección Doutrina, 14 de maio de 2020.
- SANTAMARÍA PASTOR, J.A., *La Ley reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativo. Comentario*, Iustel, Madrid, 2010.
- SILVA, A.M., “Mediación en Portugal: una trayectoria en construcción”, *La Trama. Revista interdisciplinaria de mediación y resolución de conflictos*, n. 41, mayo de 2014.

VALIÑO CES, A. e ALONSO SALGADO, C., “Notas en relación al acto de conciliación intrajudicial pre-procesal a la luz de la Ley 15/2015, de 2 de julio, de la Jurisdicción Voluntaria”, Areces Piñol, M.T. (coord.), *Nuevos modelos de gestión del Derecho Privado: Jurisdicción Voluntaria*, Thomson-Reuters Aranzadi, Pamplona, 2016.
VEZZULLA, J.C., *Mediação*, Agora Publicações, Barcelos, 2001.

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 60_xullo-decembro 2020 | pp. 169-181
Santiago de Compostela, 2020
<https://doi.org/10.36402/regap.v0i60.4610>
© Víctor José Barbeito Pose
© Julián Bustelo Abuín
ISSN-L: 1132-8371

Recibido: 28/10/2020 | Aceptado: 14/12/2020
Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

Os contornos de protección na Lei 5/2016 e no Plan básico autonómico

Los entornos de protección
en la Ley 5/2016 y en el
Plan básico autonómico

Settings of cultural heritage
in 5/2016 Act and the
Basic Regional Plan

60 Regap

Regap



VÍCTOR JOSÉ BARBEITO POSE

Centro Arqueolóxico do Barbanza
<https://orcid.org/0000-0001-7414-2085>
centroarqueoloxicobarbanza@gmail.com

JULIÁN BUSTELO ABUÍN

Investigador do Grupo de Estudos para a Prehistoria do NW Ibérico.
Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio
Universidade de Santiago de Compostela
julianbustelo17@gmail.com

Resumo: Neste traballo analizamos a figura de “contorno” de protección dos bens culturais, e máis concretamente aplicada ao patrimonio arqueolóxico. Facemos un percorrido pola figura de contorno desde o eido internacional, nacional e galego, para logo analizar algunhas cuestións que consideramos contraditorias xurdidas a partir da aprobación do Plan básico autonómico e a configuración de novos contornos de protección que se afastan do establecido na Lei do patrimonio cultural de Galicia, e xeran un quebranto sobre a protección efectiva ao non teren en conta a complexidade dos bens que cómpre protexer e a realidade do patrimonio arqueolóxico galego, recorrendo ao criterio de distancia para fixar o contorno de protección.

Palabras clave: urbanismo, patrimonio cultural, arqueoloxía, arte rupestre, protección.

Resumen: En este trabajo analizamos la figura de “entorno” de protección de los bienes culturales, y más concretamente aplicada al patrimonio arqueológico. Hacemos un recorrido por la figura de entorno desde el ámbito internacional, nacional y gallego, para luego analizar algunas cuestiones que consideramos

contradictorias surgidas a raíz de la aprobación del Plan básico autonómico y la configuración de nuevos entornos de protección que se apartan de lo establecido en la Ley del patrimonio cultural de Galicia, y generan un quebranto sobre la protección efectiva al no tener en cuenta la complejidad de los bienes que es preciso proteger y la realidad del patrimonio arqueológico gallego, recurriendo al criterio de distancia para fijar el entorno de protección.

Palabras clave: urbanismo, patrimonio cultural, arqueología, arte rupestre, protección.

Abstract: In this work we're analyzing the figure of "the setting of cultural heritage", and more specifically applied to archaeological site. We take a tour of the figure "the setting of cultural heritage", from the international, national and Galician sphere, to then analyze some troubles that we consider contradictory that emerge as a result of the approval of the *Plan básico autonómico* and the configuration of new setting of cultural heritage that deviate from what is established in the Law of the cultural heritage of Galicia and generate a loss on the effective protection of the heritage sites by not taking into account the complexity of those to be protected and the reality of the Galician archaeological heritage, resorting to the distance criterion to set its protection.

Key words: urbanism, cultural heritage, archaeology, rock art, protection.

SUMARIO: 1 A orixe e o desenvolvemento do concepto contorno: documentos internacionais sobre protección e conservación de bens culturais. 2 A configuración do contorno na Lei do Patrimonio Histórico Español. 3 Os primeiros contornos na lexislación galega. 4 Os contornos na actual normativa galega do patrimonio cultural. 5 O Plan básico autonómico. 6 Conclusións.

1 A orixe e o desenvolvemento do concepto contorno: documentos internacionais sobre protección e conservación de bens culturais

A figura do contorno ten un longo percorrido nos documentos internacionais sobre o patrimonio cultural; podemos atopala de forma seminal na Carta de Atenas de 1931, aínda que baixo a denominación de "ambiente", considerándoo como obxecto dun coidado especial, fundamentalmente na proximidade dos monumentos antigos, á vez que deben respectarse algunhas perspectivas particularmente pintorescas¹.

De xeito paulatino, durante a segunda metade do século XX asentárase a noción do contorno². Concretamente na Carta de Venecia de 1964 faise fincapé en que a conservación do monumento implica un marco á súa escala, establecendo que, en caso de conservarse o marco tradicional, se manterá, e que toda construción nova, toda destrución e calquera arranxo que puidese alterar as relacións entre os volumes e a gama cromática será desbotada (artigo 6 da Carta de Venecia).

Sen ánimo de ser exhaustivo, a Comisión Francischini de 1967, a Carta de Quito de 1967, a Convención da Unesco sobre Patrimonio Mundial de 1972, a Carta Europea do Patrimonio Arquitectónico de 1975 do Consello de Europa, a Recomendación de Nairobi de 1976, o Terceiro Simposio Europeo de Múnic de 1978, a Convención de Granada de 1985, a Carta de Cracovia de 2000, o Convenio de Florencia ou a Declaración de Xi'an

1 AYÚS Y RUBIO, M., *Régimen jurídico de los entornos de protección de los bienes de interés cultural*, Universidade de Alacante, Departamento de Estudos Xurídicos do Estado, Alacante, 2012, p. 51.

2 QUEROL FERNÁNDEZ, M.A., *Manual de gestión del patrimonio cultural*, Akal, Madrid, 2010.

de 2005, todas elas tratan, con maior ou menor intensidade, o que hoxe coñecemos como contorno, sendo a Declaracin de Xi'an un tratado monotemtico da relevancia deste e sobre a sa importancia para os bens culturais.

A denominacin con que aparece nos instrumentos internacionais  variada (*mbito, contexto, escenario ou ambiente*), pero todas tenen como denominador comn que o patrimonio cultural non se conciba como un elemento illado, senn no seu contexto, e, consecuentemente, ir adquirindo un estatuto xurdico propio. Estes documentos insisten en que, ademais de protexer o ben cultural, cmpre tutelar o ambiente urbano ou paisaxstico que o rodea;  dicir, existe unha simbiose ou asociacin entre o ben e o contorno.

2 A configuracin do contorno na Lei do Patrimonio Histrico Espaol³

Coa aprobacin da Lei 16/1985, do 25 de xuno, do Patrimonio Histrico Espaol (en diante LPHE), a figura do “contorno” aparece ao longo do articulado baixo distintas denominacins: contorno afectado, contorno territorial ou urbano, rea territorial ou inmediato contorno. A LPHE non o define directamente. A regulacin do artigo 17  moi concisa, ao establecer que na tramitacin dun expediente de declaracin de ben de interese cultural dun conxunto histrico debern considerarse as sas relacins coa rea territorial a que pertence, as como a proteccin de accidentes xeogrficos e paraxes naturais que conforman o seu contorno. Por iso, podemos inferir que o contorno est formado por un mbito definido por accidentes xeogrficos e elementos naturais. Ademais, o artigo 18 fixa que un inmovible declarado Ben de Interese Cultural (en diante BIC)  inseparable do seu contorno salvo que resulte imprescindible por causa de forza maior ou de interese social; e o artigo 19 determina a necesidade de autorizacin previa para realizar obras no contorno afectado pola declaracin do ben.

Sintetizando, a LPHE define indirectamente a figura de contorno, somtea a intervencin administrativa establecendo a necesidade de autorizacin previa para realizar obras nel, dispn a necesidade de fixar un contorno na declaracin dos bens inmovibles de interese cultural e determina a vinculacin fsica entre contorno e ben ao seren inseparables, salvo condicins excepcionais.

3 Os primeiros contornos na lexislacin galega

Tras a aprobacin do Estatuto de autonoma de 1981 e a posterior transferencia de competencias en materia de cultura en 1982, quedarn suxeitos a autorizacin arredor

3 “A inclusin dun espazo ou porcin do territorio relativamente independente da obra humana entre os obxectos a protexer pola lexislacin protectora do patrimonio histrico basendose en que posan algn valor de tipo cultural ten lugar por primeira vez no Real decreto-lei do 9 de agosto de 1926”. (ALONSO IBNEZ, M.R., *Los espacios culturales en la ordenacin urbanstica*, Marcial Pons, Madrid, 1994, p. 39). Posteriormente, tanto a Lei de 1933 como o Decreto do 22 de xullo de 1958 prescribirn a necesidade de autorizacin de Belas Artes para realizacin de obras no contorno dos monumentos e conxuntos histricos (ALEGRE VILA, J.M., *Evolucin y rgimen jurdico del patrimonio histrico*, tomo II. Ministerio de Cultura, Madrid, 1994, p. 45).

duns 380⁴ bens declarados de interese cultural nas súas distintas categorías (monumentos, conxuntos históricos, paraxes pintorescas ou xardíns históricos) e baixo a tutela da Administración autonómica⁵. Moitos deles carecían de contorno de protección, especialmente os arqueolóxicos, e non será ata a entrada en vigor das Normas complementarias e subsidiarias de planeamento provincial (en diante NCSPP), ditadas por resolución da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas en 1991, cando o número de bens culturais sobre os que se exercerá algunha tutela se incrementa exponencialmente.

As NCSPP viñeron cubrir un baleiro na ordenación do territorio e planeamento urbanístico nun momento en que a gran maioría dos concellos galegos carecían dalguna figura de planeamento, pero ademais incluían un inventario de bens de diversa natureza que debían ser protexidos (BIC, xacementos arqueolóxicos, elementos etnográficos, patrimonio arquitectónico e relixioso...) e unha ordenanza reguladora. Esta ordenanza regulaba os solos non urbanizables de protección de patrimonio, fixando áreas de protección (vixentes en ausencia de planeamento aprobado) onde era preceptivo o informe previo da Comisión Provincial de Patrimonio con carácter vinculante, establecendo unha franxa de 200 metros medidos desde o elemento ou vestixio máis exterior do ben cando se tratase de restos arqueolóxicos, e, cando varios elementos singulares se articulasen nun conxunto, a franxa trazaríase desde os elementos máis exteriores do conxunto e abranguería a totalidade. A partir deste momento, o número de bens aumentou de xeito cuantitativo, identificándose ao redor de 2.000 xacementos⁶; e tamén cualitativamente, ao harmonizar os contornos para todos aqueles bens que carecían deles, que eran todos agás os conxuntos históricos.

Outro fito será a aprobación do Decreto 430/1991, do 30 de decembro, polo que se regula a tramitación para a declaración de ben de interese cultural e se crea o Rexistro de Bens de Interese Cultural para Galicia⁷, no cal se transcribe e amplía o artigo 17 da LPHE, xa que agora pasan a ser preceptivas na tramitación dos expedientes de declaración de todos os inmobles como BIC, e non unicamente para os conxuntos históricos, as relacións do ben coa súa área territorial á cal pertence, así como a protección dos accidentes xeográficos e elementos naturais que conformen o seu contorno (artigo 5).

Coa aprobación da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, o contorno delimitase tanto aos expedientes de declaración dos BIC como dos bens

4 Dato tomado do arquivo denominado "Datos en formato abierto y reutilizable de los Bienes de Interés Cultural". Acceso web: <https://www.cultura.gal/es/registro-bienes-interes-cultural> (consultado o 6 de outubro de 2020).

5 Habería que ter en consideración outros bens, caso dos recollidos no Decreto 571/1963, que puña baixo control administrativo (autorización do Ministerio de Educación) o desprazamento ou a autorización de obras ou reparacións de bens, aínda que a incidencia disto non debeu ser de grande impacto.

6 O número exacto de bens é imposible cuantificar, xa que por un lado non existe cartografía asociada ao patrimonio arqueolóxico que permita identificar de que ben se trata, e, por outro, a denominación en ocasións é en plural sen facer referencia ao número de bens, por exemplo: túmulos dolménicos de Trasmonte (parroquia de Trasmonte, Ames) sen saber exactamente o número de túmulos dolménicos a que se refire. O cómputo total de bens ascende a 1.646 e, tendo en conta que en 169 casos se utiliza o plural sen discernir o número exacto de elementos a que fai referencia, estimamos como mínimo que en caso de usar o plural existen dous bens, o que dá unha cifra mínima de 1.815 xacementos. Esta cifra tampouco está exenta de problemas, dado que se relacionan unha serie de bens baixo a epígrafe patrimonio arquitectónico que presentan valores arqueolóxicos, véxase o caso das Torres do Oeste (Catoira) ou a Torre de San Sadurniño (Cambados).

7 DOG n. 14, do 22 de xaneiro de 1992.

catalogados (artigo 19). Os bens catalogados son unha categoría intermedia entre os suxeitos á máxima protección (BIC) e os inventariados. Así mesmo, seguindo o ronsel da LPHE, determina que os bens declarados de interese cultural son inseparables do seu contorno, reforza a prohibición de instalar publicidade, cables, antenas e todo aquilo que impida ou menoscabe a apreciación do ben dentro do seu contorno e amplía máis alá dos xardíns históricos e dos monumentos a sitios ou territorios históricos, zonas arqueolóxicas, lugares de interese etnográfico e zonas paleontolóxicas.

Do mesmo xeito, determínase a necesidade de autorización previa para realizar obras, sinalizacións, instalacións e cambios de usos nos contornos dos bens, e define os elementos constitutivos do contorno para os monumentos establecendo uns criterios técnicos para as actuacións que se realicen nel (volumen, tipoloxía, morfoloxía, cromatismo...); ademais, tipifica como infracción a realización de actuacións nos contornos dos bens, graduando a tipificación en función do nivel de protección dos bens.

Finalmente, recolle dúas cuestións de grande interese: a primeira está relacionada coa incorporación ao Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia daqueles bens recollidos nos catálogos das normas complementarias e subsidiarias de planeamento das provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, aprobadas pola Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 3 de abril de 1991, así como os contidos nos catálogos de calquera outra figura de planeamento (disposición adicional segunda) e que analizaremos posteriormente algunhas consecuencias a partir súa “desintegración” coa actual lei; e a segunda fixa que, no momento de entrada en vigor da lei, o contorno dun inmovible catalogado que non estea delimitado expresamente por unha figura de planeamento será determinado pola Consellería de Cultura de acordo coa incidencia do ben nas áreas afectadas por el.

Non consta que a consellería con competencias en materia de patrimonio cultural definise contornos dos bens catalogados, polo menos de natureza arqueolóxica. Certo é que, a partir de principios da década dos noventa, comeza a acelerarse a redacción de instrumentos urbanísticos e a redactarse catálogos que timidamente empezan a localizar os xacementos arqueolóxicos e posteriormente a delimitar contornos dos bens arqueolóxicos, aínda que esta delimitación se reducía a expresións xeométricas sinxelas comunmente empregadas en cartografía, tales como puntos ou círculos, e, en moi menor medida, polígonos⁸.

Con posterioridade, publicouse o Decreto 232/2008, sobre o *Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia*⁹, que dedica un artigo aos contornos de protección, establecendo dúas posibilidades: ou ben, no momento de incoación do procedemento, se podería establecer un contorno de protección específico, ou un xenérico, constituído por unha franxa de 200 metros medida desde o elemento ou vestixio máis exterior do ben para o patrimonio arqueolóxico.

8 Sirvan de exemplo o Plan xeral de ordenación urbana de 1994 de Baiona; o de Lugo de 1990, con delimitación poligonal de solos de especial protección para castros e xacementos arqueolóxicos; ou o Plan xeral de ordenación municipal da Coruña de 1998, que incorpora delimitacións específicas de xacementos arqueolóxicos.

9 DOG n. 206, do 23 de outubro de 2008.

4 Os contornos na actual normativa galega do patrimonio cultural

O 16 de agosto de 2016 entra en vigor a actual lei, Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (en diante LPCG), que vai achegar moitas novidades respecto do contorno. Vexamos algunhas desas novidades.

Na exposición de motivos argumentase que a norma proporciona unha maior seguridade xurídica en varios aspectos, e entre eles, a concreción dos contornos de protección subsidiarios, evitando a disipación e a disfunción propias do recurso a outros sectores do ordenamento, como o urbanismo, que responden a outras finalidades e a outras lóxicas. Conscientes de que a exposición de motivos non é a parte dispositiva, porén non está exenta de problemas dada a falta de claridade ao presentar incerteza, e interpretarse que estamos ante distintos tipos de contornos segundo se trate do ámbito do patrimonio cultural, urbanístico, ambiental, forestal, etcétera.

Entón xorde a seguinte cuestión: a tutela destes contornos “sectoriais” depende igualmente da intervención administrativa dos órganos sectoriais respectivos ou, pola contra, están suxeitos ao ditame da Administración con competencias en patrimonio cultural? A resposta parece clara, e polo menos así vén sendo cando a autorización sobre contornos de protección de bens culturais no relativo á tutela dos seus valores culturais a exerce a consellería competente en materia de patrimonio cultural, salvo contadas excepcións; por todo iso, resulta pouco clarificador o asunto dos contornos subsidiarios na exposición de motivos.

Mentres a LPHE establecía a necesidade de fixar un contorno nos bens inmoables de interese cultural, agora na LPCG só as categorías de monumentos, zonas arqueolóxicas e vías culturais contarán con contorno de protección, e deixa a porta aberta á posibilidade de establecelo para o resto de categorías atendendo ás súas características, pero sen fixar cales. Resulta salientable que as categorías de xardín histórico, sitio histórico e conxunto histórico, polo menos na categoría de bens de interese cultural, agora non necesiten contorno de protección, desvalorizando a tutela sobre estes bens e abrindo a porta a unha progresiva deterioración da conservación, percepción e comprensión do propio ben.

A LPCG define o contorno de protección introducindo algúns cambios; agora xa non afecta a todas as categorías de bens, senón só a algunhas, aínda que se amplía ao non afectar unicamente aos BIC, senón tamén aos bens catalogados. Introdúcese a obriga nas declaracións ou catalogacións de establecer os límites de uso e os condicionantes necesarios para salvagardar o contorno de protección sen que iso implique a cualificación como ben declarado ou catalogado. O contorno de protección está composto polo espazo e bens nas inmediacións ou arredores do ben que poidan incidir na percepción e comprensión dos valores culturais dos bens no seu contexto ou poida afectar á súa integridade, apreciación ou estudo. Como podemos observar, segue fixándose o contorno segundo a proximidade e como escenario do ben, pero afastándoo da consideración xurídica do ben, establecendo unha clara disociación entre ben e contorno.

Outra das novidades é a introdución da figura de zona de amortecemento, tomada dos instrumentos da UNESCO en relación co Patrimonio Mundial e que establece un ámbito máis amplo de protección para evitar pór en perigo o seu valor universal excepcional. No noso caso establece a posibilidade de delimitar a zona de amortecemento arredor do ben exclusivamente, ou do ben e o contorno, e cuxo obxectivo é reforzar a súa protección e as súas condicións de implantación no territorio segundo establece a norma, malia que podería darse o caso de que naqueles bens que só dispoñan de zona de amortecemento e sen contorno se procedese a unha rebaixa efectiva da protección, dado que as exigencias dentro da zona supletoria de protección son máis laxas.

Outra innovación (art. 22.1.d) é a posibilidade de establecer un novo contorno dentro do ámbito dun ben declarado, sobreenténdese que debe tratarse dun ben de ámbito territorial, ou polo menos un de maior amplitude que o outro, que unha vez declarado é posible declarar de xeito individualizado outro ben no seu interior e, se é o caso, co seu respectivo contorno e zona de amortecemento. Esta situación podería dar lugar a varios conflitos: por exemplo, que unha dobre tutela dunha mesma natureza (patrimonio cultural) sobre un mesmo espazo sometido a un dobre réxime xurídico; é dicir, o mesmo espazo forma parte dun ben declarado de interese cultural e sometido ao propio réxime xurídico dos BIC, pero á vez é contorno e está suxeito ao réxime dos contornos. Se este fose o caso, estaríamos nunha situación en que o ben de maiores dimensións se converte en escenario suxeito a un réxime xurídico máis *soft* ao transformarse en escenario doutro ben de menores dimensións e, consecuentemente, sería algo ilóxico e antixurídico. Outro dos conflitos posibles é a superposición de contornos, que necesitaría ditaminar cal é a prevalencia dun contorno sobre outro que á vez poden protexer a unha mesma categoría de ben.

É de gran relevancia en relación cos contornos ou zonas de amortecemento o artigo 24.3 da LPCG, xa que establece que a delimitación ou modificación do contorno de protección ou zona de amortecemento seguirá o mesmo procedemento previo para a declaración de ben, sen especificar se se trata dos contornos singularizados ou dos subsidiarios, polo que se entende que se refire aos dous. Isto presenta un dilema, sirvan de exemplo os gravados rupestres declarados en 1975 na provincia de Pontevedra, que no seu momento foron declarados sen contorno, pero asumen maioritaria e subsidiariamente o establecido nas NCSPP de 1991, sen entrar a valorar se as áreas de protección son outro tipo de figura allea ao contorno, e que, tras a aprobación do Plan básico autonómico en 2018¹⁰ (en diante PBA), unha parte destes gravados pasan a ter un novo contorno de BIC, saltando o establecido no artigo 24.3 da LPCG.

O artigo 30, relativo aos catálogos urbanísticos de protección de bens integrantes do patrimonio cultural, fixa que os bens inmobles que se recollan singularizados en instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio se integran no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, incluído o seu ámbito de protección, salvo que teñan a consideración de bens de interese cultural. Este precepto presenta dúbidas sobre o destino dos contornos singularizados dos bens de interese cultural

10 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG n. 162, do 27 de agosto de 2018).

que aparezan detallados nos catálogos dos instrumentos urbanísticos e de ordenación do territorio, dado que nada se di deles na LPCG, e tampouco é de aplicación o artigo 38 de contornos de protección subsidiarios.

Outra orixinalidade da norma LPCG son os contornos subsidiarios recollidos no artigo 38, non exentos de problemas na práctica por implicaren certa indefinición nalgunhas cuestións derivadas das medicións de distancias ou identificar o vestixio máis exterior do ben.

Os artigos 39 e 65 establecen que as intervencións que se pretendan realizar nos contornos ou zonas de amortecemento están suxeitas a autorización, coas excepcións previstas na lei. É dicir, hai unha serie de intervencións que non necesitan de autorización expresa, en particular as actuacións forestais suxeitas a autorización única, que só requiren dun informe preceptivo da consellería competente en materia de patrimonio cultural, que establecerá, se é o caso, as condicións a que se deberá suxeitar a intervención e substituirá as autorizacións previstas por esta lei. Trátase dun tema espiñento se temos en conta que se saltan as ordenanzas reguladoras dos instrumentos urbanísticos de multitude de concellos que regulan os solos rústicos de protección patrimonial e nos cales adoita recollese como preceptiva a autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural.

Por outra banda, a disposición adicional undécima fixa a suspensión de obras ou de calquera actuación que supoña a demolición ou destrución parcial de bens integrantes do patrimonio cultural non catalogados ou declarados de interese cultural. Esta disposición podería ser de aplicación aos contornos e zonas de amortecemento por non se tratar de “bens catalogados ou declarados” pero si considerados como elementos do patrimonio cultural, sendo esta unha das características definitorias destes bens híbridos, como son o contorno e as zonas de amortecemento.

Aparentemente, e segundo o artigo 40, no contorno de protección e zona de amortecemento son posibles actuacións de investigación, valorización, mantemento, conservación, consolidación, restauración, rehabilitación, reestruturación, ampliación e reconstrución, pero en ningún caso a construción de novos inmobles, salvo algunha excepcionalidade¹¹; isto resulta estridente en relación co réxime de intervencións no contorno (artigo 45) onde se permiten novas construcións e instalacións ou a implantación ou os cambios de uso que puidesen ter incidencia sobre a apreciación dos bens no territorio, incluídas as repoboacións forestais.

Resulta sorprendente como unha actuación nun contorno que poida perturbar a apreciación do ben cultural sexa susceptible de autorización tendo en conta as características asociadas aos contornos de protección que vimos definindo. A pesar diso, son alentadoras as suxestións que se introducen no artigo 46, relativo aos criterios específicos de intervención no contorno de protección; e vólvese un galimatías ao

11 Concretamente o artigo 44.2 establece que, en caso de que os bens protexidos sexan bens integrantes do patrimonio arquitectónico ou industrial, entón poderá ser autorizado excepcionalmente pola consellería competente en materia de patrimonio cultural outro tipo de intervencións distinto do establecido de forma xeral, nos casos en que se analicen de forma pormenorizada as características e condicións de conservación do ben e o seu contorno de protección, os valores culturais protexidos e as melloras funcionais, sempre que o proxecto de intervención xustifique a súa conveniencia a prol dun maior beneficio para o conxunto do patrimonio cultural de Galicia.

recoller a lei que se poderán expropiar por causa de interese social os inmobles situados no contorno de protección dos bens de interese cultural que atenten contra a súa harmonía ambiental, perturben a súa contemplación ou impliquen un risco para a súa conservación (artigo 51.2); é dicir, podería darse o caso de autorizar unha intervención que poida afectar á apreciación do ben, mentres se acode ao precepto constitucional da función social da propiedade para exercer a potestade expropiatoria sobre un inmovible por perturbar a contemplación dun ben cultural.

Continuando coa tradición normativa, establécese que os bens inmobles de interese cultural son inseparables do seu contorno, salvo que resulte imprescindible por causa de caso fortuíto, forza maior, utilidade pública ou interese social, despois do informe favorable da consellería competente en materia de patrimonio cultural. E establécese a posibilidade de definir cautelas no que respecta ao subsolo do ben desprazado, en consonancia coa posibilidade de estudo que define o artigo 12, xa que a integridade e observación, os outros dous criterios, son indisolubles do propio ben, por iso deixa aberta a posibilidade de que o ben desprazado poida contar cun novo contorno de protección (artigo 52.3). Existe unha excepción relacionada cos bens etnolóxicos, nos cales o desprazamento dentro do contorno de protección do ben non se considerará traslado nin implicará unha modificación da súa delimitación.

Os plans especiais de protección¹² son instrumentos que teñen por obxecto preservar o medio ambiente, as augas continentais, o litoral costeiro, os espazos naturais, as vías de comunicación, as paisaxes de interese, o patrimonio cultural e outros valores análogos. A declaración como BIC dun conxunto histórico, zona arqueolóxica, lugar de valor etnolóxico ou sitio histórico determinará a obriga para o concello onde radique o ben de redactar un plan especial de protección do ben, e que se poderá estender ao seu contorno de protección e zona de amortecemento (art. 55 LPCG). Como podemos observar, o contorno é susceptible de figurar baixo o paraugas protector dun plan especial para conservar os seus valores determinados por ser o “escenario” do ben cultural.

Da literalidade da disposición adicional segunda da LPCG extráese outra consecuencia vencellada aos contornos: no momento da entrada en vigor da LPCG desaparece o Inventario e os bens que non teñan a consideración de bens de interese cultural pasan ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, pero nada se di dos contornos; e é dubidoso que sexa de aplicación o artigo 30.1, dado o principio de irretroactividade, polo que os seus efectos só operarían despois da súa entrada en vigor e non para aqueles que formasen parte de catálogos urbanísticos previos.

A Lei de patrimonio cultural de Galicia tamén establece como medida de fomento que os investimentos destinados a mellorar as condicións de apreciación do BIC, tanto en actuacións sobre el como sobre o seu contorno de protección, terán a consideración de investimentos sobre o BIC e gozarán de beneficios fiscais.

Para rematar, a LPCG tipifica como infraccións a realización de calquera intervención no contorno de protección sen contar con autorización previa ou contravindo os termos desta, ou o outorgamento por parte das administracións locais de títulos

12 Artigo 71.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

habilitantes cando sexan contrarios ao ordenamento xurídico. Tamén está prevista, como medida de resarcimento de danos, a reparación da alteración producida nos contornos de protección.

5 O Plan básico autonómico

O PBA é un instrumento de planeamento urbanístico recollido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e que ten por obxecto delimitar as afeccións derivadas da lexislación sectorial. Será aplicable nos concellos que carezan de Plan xeral de ordenación municipal, e ten carácter complementario para aqueles outros que dispoñan del, suplindo posibles indeterminacións e lagoas do planeamento vixente.

Segundo o artigo 92.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da lei do solo galega, o PBA identificará todos os bens inmobles do patrimonio cultural, tanto os inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia como no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, e os seus contornos de protección e zonas de amortecemento, se é o caso. E o artigo 95 establece que o PBA incluírá entre os seus documentos un catálogo que aparece detallado no artigo 101. Este catálogo recollerá todos os bens inmobles do patrimonio cultural: bens de interese cultural, catalogados, así como aqueles outros que indique motivadamente a consellería competente en materia de patrimonio cultural, incluídos contornos e zonas de amortecemento, se é o caso. Unha consecuencia directa disto é que o Catálogo do PBA contén a relación máis actualizada e totalizadora dos bens do patrimonio cultural.

Coa entrada en vigor do PBA, un número non desdeñable de xacementos arqueolóxicos que carecían dun recoñecemento xurídico previo pasan a formar parte do ámbito de patrimonio cultural, quedando suxeitos a unha tutela xurídica da que carecían. Dito doutro xeito, existían varios miles de xacementos coñecidos grazas a traballos arqueolóxicos previos ou achados que forman parte de inventarios ou catálogos administrativos pero que carecían de recoñecemento xurídico e, en consecuencia, dispuñan dun grao de protección de carácter residual. Nesta situación atopábase un número cuantitativamente importante de petróglifos que, tras a aprobación do PBA, deberían quedar cualificados como BIC¹³, tal como fixan as normativas estatal e autonómica, pero sorprendentemente nin a representación gráfica nin a información recollida no seu catálogo clasifican estes bens como tales¹⁴.

13 Os bens de interese cultural poden ser declarados directamente pola lei (*ex lege*), por anotación mediante resolución administrativa ou a través dun expediente administrativo individualizado. No caso dos primeiros, non nacen da decisión administrativa, senón dun atributo do ben que é requirido por lei, pero para iso necesita da súa inclusión formal nalgún dos instrumentos oficiais que dea constancia do feito; é dicir, necesita dun acto administrativo constitutivo que confirme que o ben en cuestión presenta as características requiridas por lei, momento a partir do cal se proxeckará a tutela xurídica sobre el.

14 Salvo que consideremos que o Catálogo do PBA sexa *sensu stricto* un instrumento e que tampouco conforme unha categoría de protección, senón que o réxime xurídico de protección deriva única e exclusivamente do mecanismo establecido na LPCG, da mesma forma que o Rexistro de BIC "está configurado legalmente como un rexistro público de carácter xurídico e non meramente administrativo, que ten por obxecto a anotación e inscrición dos actos que afecten á identificación e localización dos bens integrantes do Patrimonio Histórico Español declarados expresa e formalmente de interese cultural, e que dá fe dos datos consignados neste para os efectos previstos na Lei 16/1985. Non é un instrumento que encerre actividade de catalogación en sentido estrito. Tampouco conforma unha categoría de protección. O réxime xurídico de protección dos Bens de Interese Cultural deriva única e exclusivamente da declaración formal, por ministerio da lei ou por resolución

Poderíase interpretar que, unha vez producido o acto administrativo constitutivo, pasasen directamente a ter a consideración de BIC por aplicación do artigo 94.2 LPCG, aínda que tamén se podería considerar que estes bens non alcancen os valores e as características que lles son propias ás manifestacións de arte rupestre e, consecuentemente, a súa cualificación xurídica reduciríase a bens integrantes do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia por aplicación directa do artigo 30.1 LPCG.

O recoñecemento formal prodúcese a partir do mecanismo xurídico fixado no artigo 30.1 da LPCG, ao establecer que os bens inmobles que se recollan individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio se integran no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, incluído, se é o caso, o seu contorno de protección, salvo que teñan a consideración de bens de interese cultural. Este precepto é interesante ao formular que os elementos recollidos nos catálogos e os seus contornos pasan a formar parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, é dicir, o contorno pasa a formar parte do catálogo, pero sen que iso supoña a súa cualificación como ben catalogado (art. 12.2 LPCG). Poderíamos entón entender que formando parte do catálogo existen elementos, véxase os contornos ou zonas de amortecemento, que forman parte del, pero non teñen a consideración de catalogados. Esta división interna do catálogo parece ser o resultado dunha mala configuración xurídica deste.

Como consecuencia da aprobación do PBA e do seu catálogo, prodúcese unha serie de efectos xurídicos, algúns deles xa comentados (actualización de bens ou actos de recoñecemento formal de novos bens), e doutros relacionados cos contornos de protección. Concretamente, a inmensa maioría dos bens contan agora cun contorno xeométrico de protección dependendo da natureza dos bens, para o caso arqueolóxico de 200 metros, con excepción duns poucos BIC con contornos singularizados, e, a teor do disposto no artigo 30.1 da LPCG, pasan a incorporarse ao catálogo, dándose varias curiosidades:

1) Os bens que formaban parte do Inventario do Patrimonio Cultural de Galicia previamente por figuraren en catálogos de planeamento adoitan contar cun contorno singularizado e ordenanza reguladora.

Tras a aprobación do PBA, súmaselle un novo contorno xeométrico (e non coincidente) e, salvo que sexa de aplicación o punto 2 da disposición derogatoria da LPCG e deixe sen efectos as disposicións urbanísticas (clasificación, ordenanzas e contorno), superpóñense dous contornos formalmente distintos, pero tuitivamente amparados na mesma xustificación, a protección do ben cultural.

2) Os bens que previamente formaban parte do Inventario do Patrimonio Cultural de Galicia por figuraren nas NCSPP contaban con inventario e ordenanza reguladora que fixaba unha área de protección formada por unha franxa de 200 metros de diámetro medida desde o elemento ou vestixio máis exterior do ben.

administrativa. A inscrición no Rexistro non ten, para tales efectos, eficacia constitutiva". (ALONSO IBÁÑEZ, M.R. (coord.), *Los Catálogos Urbanísticos. Aspectos jurídicos, metodológicos y de gestión*, Servizo de Publicacións da Universidade de Oviedo, Oviedo, 2004, p. 27).

En cambio, coa aprobación do PBA dispoñen dun novo ámbito de 200 metros de diámetro, pero medidos desde o punto central do ben, e como consecuencia deixa xacementos de grandes dimensións (castros ou explotacións mineiras) practicamente sen contorno efectivo de protección, á vez que proxecta o réxime de protección do contorno sobre o propio ben ao non existir unha clara diferenza formal e xurídica entre contorno e ben. Obviamente, esta situación desvaloriza a protección previa sobre os bens culturais¹⁵, e especialmente sobre os arqueolóxicos, nos cales en ocasións o contorno acaba transmutándose para converterse en xacemento.

3) Poderíamos pensar que os contornos do PBA son os sinalados no artigo 38 LPCG, pero tampouco parece ser o caso, xa que o PBA non distingue entre solos urbanos ou rústicos, nin tampouco se realizan as franxas desde o elemento máis exterior do ben, senón que se trata dun círculo trazado desde un par de coordenadas centrais cun diámetro predeterminado segundo a natureza do ben.

Coa aprobación do PBA, aqueles bens que forman parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia pola desaparición do inventario quedan sometidos a unha enorme incerteza.

Outra cuestión sen resolver e que xera inseguridade xurídica son os BIC con contornos delimitados en instrumentos urbanísticos, xa que non en todos os casos se respectaron no PBA, senón que pasan a ter un contorno xeométrico sen ter en consideración o estipulado no artigo 24.3 LPCG, que establece que a delimitación ou modificación do contorno de protección seguirá o mesmo procedemento previo para a declaración de ben.

Outro hándicap é que o PBA non clasifica solo nin altera as determinacións do planeamento que complementa, e en relación cos bens arqueolóxicos pode ter implicacións na súa conservación; pénsese nun novo xacemento que aparece sobre un espazo clasificado como rústico de especial protección forestal e, unha vez solicitada a autorización autonómica para un aproveitamento forestal, veña condicionada á prohibición de determinadas actividades, como a plantación de novas especies ou que o aproveitamento non sexa pleno; ou a presenza en solos urbanos de bens arqueolóxicos cando ten garantido un aproveitamento urbanístico da parcela abrindo a porta a posibles supostos indemnizatorios.

6 Conclusións

As características que definen o contorno son a relevancia ambiental e o carácter indisociable ou inseparable co ben, así como a tutela e o intervencionismo que exerce a Administración sobre el. Poderíamos considerar que se trata dun ben xurídico híbrido, dada a situación extravagante deste; non é un BIC nin un ben catalogado, pero pode formar parte do Catálogo do Patrimonio Cultural e está suxeito a un maior intervencionismo que os bens censados cuxa actuación sobre eles non está suxeita a autorización.

15 AMOEDO SOUTO, C.A., "La Ley 5/2016, de 4 de mayo, del patrimonio cultural de Galicia: una ley de baja calidad para un nuevo ciclo de desarrollismo", *Revista de Patrimonio Cultural y Derecho*, n. 21, 2017, p. 24.

Existe unha evidente conexión entre as normas do patrimonio cultural con outros ámbitos normativos, como o urbanístico, pero detéctanse certas incoherencias, como sucede co contorno de protección. Na nosa opinión, o tratamento dos contornos é un proceso descoidado e sobre o que se reflexionou pouco.

Os contornos de protección representados no PBA non teñen encaixe na excepcionalidade regulada no artigo 38 de contornos subsidiarios da LPCG, polo que poderíamos estar ante un ámbito tutelar pero non un contorno de protección, e, dada a prevalencia de normativa sectorial sobre o PBA, os contornos do PBA serían unha ficción. De forma similar, os contornos dos BIC recollidos no PBA estarían a representar outra ficción ao incumpriren os procedementos fixados na propia norma do patrimonio cultural.

Concluindo, deberíanse ter respectado as delimitacións específicas dos bens e dos contornos recollidos nos catálogos dos instrumentos urbanísticos ou de ordenación territorial que ademais contaron para a súa aprobación definitiva co informe favorable da consellería competente en materia de patrimonio cultural e, para o resto dos bens arqueolóxicos, deberían fixarse criterios de ponderación en relación co seu tamaño.

Bibliografía

- ALEGRE ÁVILA, J.M., *Evolución y régimen jurídico del patrimonio histórico*, tomo II. Ministerio de Cultura, Madrid, 1994.
- ALONSO IBÁÑEZ, M.R., *Los espacios culturales en la ordenación urbanística*, Marcial Pons, Madrid, 1994.
- ALONSO IBÁÑEZ, M.R. (coord.), *Los Catálogos Urbanísticos. Aspectos jurídicos, metodológicos y de gestión*, Servizo de Publicacións da Universidade de Oviedo, Oviedo, 2004.
- AMOEDO SOUTO, C.A., “La Ley 5/2016, de 4 de mayo, del patrimonio cultural de Galicia: una ley de baja calidad para un nuevo ciclo de desarrollismo”, *Revista de Patrimonio Cultural y Derecho*, n. 21, 2017.
- AYÚS Y RUBIO, M., *Régimen jurídico de los entornos de protección de los bienes de interés cultural*, Universidade de Alacante, Departamento de Estudos Xurídicos do Estado, Alacante, 2012.
- QUEROL FERNÁNDEZ, M.A., *Manual de gestión del patrimonio cultural*, Akal, Madrid, 2010.

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 60_xullo-decembro 2020 | pp. 183-203
Santiago de Compostela, 2020
<https://doi.org/10.36402/regap.v0i60.4628>
© Juan Francisco Rodríguez Ayuso
ISSN-L: 1132-8371

Recibido: 09/11/2020 | Aceptado: 14/12/2020
Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

Principio de autoría nos trámites ante as administracións públicas: adaptación á nova era dixital

Principio de autoría en los trámites ante las administraciones públicas: adaptación a la nueva era digital

Principle of authorship in procedures with public administrations: adapting to the new digital era

60 Regap

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

JUAN FRANCISCO RODRÍGUEZ AYUSO

Profesor de Dereito Administrativo
Coordinador Académico do Máster Universitario en Protección de Datos
Universidade Internacional da Rioxá (UNIR)
<https://orcid.org/0000-0003-4721-1465>
juanfrancisco.rodriguez@unir.net

Resumo: O obxectivo principal deste estudo de investigación consiste en ofrecer unha análise sistemática do consentimento naqueles tratamentos de datos persoais de menores de idade ao abeiro do Regulamento xeral de protección de datos e da Lei orgánica de protección de datos persoais e de garantía de dereitos dixitais. En concreto, ademais de afondar no consentimento como base xurídica fundamental, disecciónanse os contornos esenciais da sinatura electrónica como instrumento máis idóneo para garantir a prestación deste consentimento, facendo especial fincapé nas singularidades que iso presenta cando as que interveñen como responsables do tratamento son as administracións públicas.

Palabras clave: regulamento xeral de protección de datos, tratamento de datos persoais, menores de idade, administracións públicas.

Resumen: El objetivo principal del presente estudio de investigación consiste en ofrecer un análisis sistemático del consentimiento en aquellos tratamientos de datos personales de menores de edad al amparo del Reglamento general de protección de datos y de la Ley orgánica de protección de datos personales y

de garantía de derechos dixitais. En concreto, ademais de profundizar en el consentimiento como base xurídica fundamental, se diseccionan los contornos esenciais de la firma electrónica como instrumento máis idóneo para garantir a prestación de este consentimiento, facendo especial énfasis en las singularidades que ello presenta cuando quienes intervienen como responsables del tratamento son las administracións públicas.

Palabras clave: reglamento general de protección de datos, tratamento de datos persoais, menores de idade, administracións públicas.

Abstract: The main objective of this research study is to offer a systematic analysis of consent in the processing of personal data of minors under the General Data Protection Regulation and the Organic Law on the Protection of Personal Data and the Guarantee of Digital Rights. Specifically, besides studying consent in depth as a fundamental legal basis, we dissect the essential contours of the e-signature as the most suitable instrument for guaranteeing the provision of this consent, focusing on the special features that this presents when those who intervene as controllers are the Public Administrations.

Key words: General Data Protection Regulation, processing personal data, minors, Public Administrations.

SUMARIO: 1 Introducción. 2 Lexitimación no tratamento de datos persoais. 3 Medios de comprobación da idade do menor para garantir a correcta prestación do seu consentimiento no ámbito das administracións públicas. 3.1 Sinatura electrónica xeral. 3.2 Sinatura electrónica avanzada. 3.3 Sinatura electrónica cualificada. 4 Alusións aos menores de idade na normativa actual en materia de protección de datos.

1 Introducción

O Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE¹ (en diante, Regulamento xeral de protección de datos ou RXPDP), regula os datos persoais relativos aos menores de idade de forma novidosa, dado que esta cuestión non atopaba alusión específica na normativa precedente, emanada, en gran medida, do réxime considerado na Directiva 95/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de outubro de 1995, relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos² (en diante, DPDP).

Pola súa vez, e co obxecto de adaptar o ordenamento xurídico español ao Regulamento xeral de protección de datos e completar as súas disposicións, xorde a nova Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais³ (en diante, LOPDGDD), que, en virtude da súa disposición derogatoria única, derroga a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos persoais⁴ (en diante LOPD), e o Real decreto-lei 5/2018, do 27 de xullo, de medidas urxentes para a adaptación do dereito español á normativa da Unión Europea

1 *Diario Oficial da Unión Europea* (en diante, DOUE), Lei 119/1, do 4 de maio de 2016.

2 *Diario Oficial das Comunidades Europeas* (en diante, DOCE), Lei 281/31, do 23 de novembro de 1995.

3 *Boletín Oficial del Estado* (en diante, BOE) n. 294, do 6 de decembro de 2018.

4 BOE n. 298, do 14 de decembro de 1999.

en materia de protección de datos⁵, ademais de cantas disposicións de igual ou inferior rango contradigan, se opoñan ou resulten incompatibles co disposto no RXPDP e na LOPDGD⁶. Esta nova lei orgánica tamén se pronunciará de forma específica e relevante sobre os tratamentos especiais realizados sobre os datos persoais relativos aos menores de idade.

Se atendemos aos instrumentos internacionais máis relevantes, cando falamos de menores de idade, estamos a referirnos a aquelas persoas físicas con idade inferior aos 18 anos, xa que non se emanciparon desde un punto de vista legal con anterioridade a esa idade⁷. Ao longo dos últimos anos, gran parte da doutrina⁸ decantouse por empregar a noción *nenos*, *nenas* e *adolescentes* para facer alusión ás persoas con idade inferior aos 18 anos; non obstante, ao longo destas páxinas, utilizaremos indistintamente as nocións anteriores, igual que as nocións *menores de idade* ou, simplemente, *menor*.

Tamén o Grupo de Traballo do Artigo 29⁹ define estes como aqueles seres humanos no sentido exacto da palabra (que, ademais, teñan menos de 18 anos)¹⁰. Precisamente por iso, un menor de idade deberá gozar de todos os dereitos que lle corresponden a unha persoa, onde se inclúe, obviamente, o dereito fundamental á protección dos seus datos persoais¹¹.

A este respecto, foi o artigo 8 RXPDP o que incluíu, por primeira vez no marco normativo comunitario, unha alusión específica á protección de datos persoais de menores de idade. Neste sentido, nin a directiva derogada nin a Directiva 2002/58/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xullo de 2002, relativa ao tratamento dos datos persoais e á protección da intimidade no sector das comunicacións electrónicas (Directiva sobre a privacidade e as comunicacións electrónicas)¹², incluían mención específica ningunha ao suposto dos menores de idade. Máis alá diso, en España, e sobre a base do dito precepto do RXPDP, nacerán outros tantos que virán explicitar o contido,

5 BOE n. 183, do 30 de xullo de 2018.

6 Con carácter especial, o Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (en diante, RDLDPD) –BOE n. 17, do 19 de xaneiro de 2008–. Non obstante, este real decreto non se deroga de forma expresa, de modo que, en todo aquilo que non se opoña ou contradiga ao establecido pola normativa, nacional e comunitaria, actualmente vixente, seguirá sendo plenamente aplicable.

7 ANDREU MARTÍNEZ, B., *La protección de datos personales de los menores de edad*, Thomson Reuters Aranzadi, Cizur Menor, 2013.

8 HIDALGO CERREZO, A., "La protección de datos de los menores de edad. Especial referencia a sus excepciones en materia sanitaria y de educación", *La Ley Derecho de Familia: revista jurídica sobre familia y menores*, n. 15, 2017. PIÑAR REAL, A., "Tratamiento de datos de menores de edad", Piñar Mañas, J.L. (dir.), *Reglamento general de protección de datos: hacia un nuevo modelo europeo de privacidad*, Editorial Reus, Madrid, 2016, pp. 187–204.

9 O Grupo de Traballo do Artigo 29 (GT art. 29) é o grupo de traballo europeo independente que se ocupou de cuestións relacionadas coa protección da privacidade e os datos persoais ata o 25 de maio de 2018 (entrada en aplicación do RXPDP).

10 GRUPO DE TRABALLO DO ARTIGO 29, *Directrices sobre la transparencia en virtud del Reglamento (UE) 2016/679*, 17/ES, WP260 rev.01, do 29 de novembro de 2017.

11 DURÁN RUIZ, F.J., "El tratamiento de los datos personales de los menores de edad en la nueva normativa de protección de datos", Quesada Páez, A., Moreno Cordero, G., García Garnica, M.C. e Marchal Escalona, N. (dirs.), *Aproximación interdisciplinar a los retos actuales de protección de la infancia dentro y fuera de la familia*, Thomson Reuters Aranzadi, Cizur Menor, 2019, p. 480.

12 DOCE Lei 201/37, do 31 de xullo de 2002.

algo máis xenérico, do artigo comunitario; estes serán, en esencia, os artigos 7, 84 e 92, ademais da disposición adicional 19^a, todos eles, repetimos, da nova LOPDGDD.

De acordo con este precepto comunitario, que regula explicitamente as condicións aplicables ao consentimento do neno en relación cos servizos da sociedade da información:

“1. Cando se aplique o artigo 6, apartado 1, letra a), en relación coa oferta directa a nenos de servizos da sociedade da información, o tratamento dos datos persoais dun neno considerárase lícito cando teña como mínimo 16 anos. Se o neno é menor de 16 anos, tal tratamento unicamente se considerará lícito se o consentimento o deu ou autorizou o titular da patria potestade ou tutela sobre o neno, e só na medida en que se deu ou autorizou.

Os Estados membros poderán establecer por lei unha idade inferior a tales fins, sempre que esta non sexa inferior a 13 anos.

2. O responsable do tratamento fará esforzos razoables para verificar en tales casos que o consentimento foi dado ou autorizado polo titular da patria potestade ou tutela sobre o neno, tendo en conta a tecnoloxía dispoñible.

3. O apartado 1 non afectará ás disposicións xerais do dereito contractual dos Estados membros, como as normas relativas á validez, formación ou efectos dos contratos en relación cun neno”.

Malia que con anterioridade á nova normativa en materia de protección de datos persoais non se incluíse unha regulación específica desta cuestión, iso non nos permite afirmar que, ao longo de todo este intervalo de tempo, o tratamento dos datos persoais dos nenos estivese nunha situación de indefinición xurídica, xa que os menores de idade sempre contaron co dereito á intimidade e á protección de datos persoais na súa condición inmanente de persoas físicas, persoas ás que a normativa sempre se aplicou e aplicará, sen distinción ningunha¹³. En consecuencia, os principios xerais recollidos na regulación anterior viñeron sendo de aplicación a todos os casos en que interviñan menores de idade.

Con independencia do anterior, sobra dicir que a nova normativa en materia de protección de datos persoais será de aplicación a todos os menores de idade, sexan ou non de nacionalidade europea, con independencia de cal sexa a súa situación xurídica ou legal no ámbito da Unión Europea¹⁴. Neste sentido, o apartado primeiro do artigo 4 RXPDP¹⁵, ao facer alusión ao concepto de interesado, non establece distinción ou

13 DURÁN RUIZ, F.J., “La necesaria intervención de las administraciones públicas para la preservación del derecho fundamental a la protección de datos de los menores de edad”, Durán Ruiz, F.J. (coord.), *I Congreso sobre retos sociales y jurídicos para los menores y jóvenes del siglo XXI*, Editorial Comares, Granada, 2013. GÓMEZ-JUÁREZ SIDERA, I., “Reflexiones sobre el derecho a la protección de datos de los menores de edad y la necesidad de su regulación específica en la legislación española”, *Revista Aranzadi de derecho y nuevas tecnologías*, n. 11, 2006, pp. 71-88.

14 PALMA ORTIGOSA, A., “Ámbito de aplicación y definiciones del RGPD”, Murga Fernández, J.P., Fernández Scagliusi, M.Á. e Espejo Lerdo de Tejada, M. (dirs.), *Protección de datos, responsabilidad activa técnicas de garantía*, Editorial Reus, Madrid, 2018, pp. 25-38.

15 De acordo con este apartado, interesado será:
“[...] persoa física identificada ou identificable («o interesado»); considerárase persoa física identificable toda persoa cuxa identidade se poida determinar, directa ou indirectamente, en particular mediante un identificador, como por exemplo un nome, un número de identificación, datos de localización, un identificador en liña ou un ou varios elementos propios da identidade física, fisiolóxica, xenética, psíquica, económica, cultural ou social da dita persoa”. Polo tanto, o interesado será titular dos datos persoais obxecto de tratamento.

diferenciación ningunha en atención á nacionalidade ou situación en que se atope a persoa física obxecto de análise; isto, no caso concreto que agora analizamos, presenta unha importancia específica se atendemos ás situacións, cada vez máis frecuentes, de menores de idade procedentes de territorios non comunitarios, aspecto este de gran relevancia, aínda que se sitúa fóra do alcance deste estudo.

En calquera caso, concluiremos dicindo que, como teremos ocasión de analizar, aínda que tanto o RXPd como a nova LOPDGDD inclúan preceptos relacionados co tratamento de datos persoais de menores de idade, son numerosas as alusións efectuadas a nenos ao analizar outros asuntos. Estas alusións atopan a súa xustificación porque os ditos preceptos non perseguen realizar unha regulación íntegra do tratamento de datos persoais relativos a menores (motivo polo cal é necesario integrar as previsións deste artigo co resto da normativa en materia de protección de datos persoais), senón que, unicamente, aborda unha análise daquelas condicións que resultan de aplicación ao consentimento dos menores de idade e sempre que este se produza no ámbito concreto dos servizos da sociedade da información¹⁶.

2 Lexitimación no tratamento de datos persoais

O artigo 8 RXPd regula as condicións que resultan aplicables ao consentimento do menor de idade en relación cos servizos da sociedade da información como base xurídica para o tratamento dos datos persoais que lle corresponden.

Este precepto dispón que, cando o consentimento estea relacionado coa realización dunha oferta directa a menores de idade de servizos da sociedade da información, o tratamento dos datos persoais do neno será lexítimo sempre e cando este teña unha idade superior aos 16 anos. Se o menor de idade ten menos desta idade, ese tratamento tan só se considerará lexítimo se o consentimento en que se basea foi prestado por titular da patria potestade ou tutela sobre o menor de idade e unicamente na medida en que se deu ou autorizou. En calquera caso, isto non afectará ás disposicións xerais do dereito que rexe os contratos nos países integrantes da Unión Europea, tales como as normas relativas á validez, formación ou efectos dos contratos en relación cos menores de idade.

Polo demais, este artigo outórgalles aos Estados membros a facultade de modificar esta idade mínima a través dunha lei interna, sempre e cando esta non sexa inferior aos 13 anos. Ao abeiro desta previsión, nace o artigo 7 da nova LOPDGDD (ademais de artigos como o 84 ou o 92, así como a disposición adicional décima), que altera esta idade mínima, en termos xerais, a 14 anos¹⁷ e faino nas seguintes condicións:

“1. O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de catorce anos.

16 DE LAS HERAS VIVES, L. e BONMATÍ SÁNCHEZ, J., “Consentimiento de los menores de edad”, Arenas Ramiro, M. e Ortega Giménez, A. (dirs.), *Protección de datos: comentarios a la Ley Orgánica de Protección de Datos y Garantía de Derechos Digitales (en relación con el RGPD)*, Sepin Editorial Jurídica, Madrid, 2019, pp. 73-77.

17 Non obstante, na Proposta inicial de LOPDGDD a idade mínima prevista era de 13 anos.

Exceptúanse os supostos en que a lei exixa a asistencia dos titulares da patria potestade ou tutela para a celebración do acto ou negocio xurídico no contexto do cal se solicita o consentimento para o tratamento.

2. O tratamento dos datos dos menores de catorce anos, fundado no consentimento, só será lícito se consta o do titular da patria potestade ou tutela, co alcance que determinen os titulares da patria potestade ou tutela”.

Un aspecto importante é qué debe entenderse por *servizos da sociedade da información*. Ao contrario do que puidese pensarse, o texto normativo encargado de proporcionar unha definición de servizos da sociedade da información non é aquel que regula o seu obxecto. En efecto, a Directiva 2000/31/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 8 de xuño de 2000, relativa a determinados aspectos xurídicos dos servizos da sociedade da información, en particular o comercio electrónico no mercado interior (en diante, Directiva sobre o Comercio Electrónico ou DCE)¹⁸, no seu artigo 2.a), efectúa unha remisión ao apartado segundo do artigo 1 da Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas¹⁹, modificada, pola súa vez, pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo de 1998, que modifica a Directiva 98/34/CE, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas²⁰.

De acordo con este precepto, será servizo da sociedade da información:

“[...] todo servizo prestado normalmente a cambio dunha remuneración, a distancia, por vía electrónica e a petición individual dun destinatario de servizos”.

Entenderase que é *a distancia* aquel servizo que sexa prestado sen que as partes estean presentes de xeito simultáneo, é dicir, sen a presenza física sincrónica da persoa que presta o servizo da sociedade da información (prestadores de servizos da sociedade da información) e o seu destinatario (destinatarios de servizos da sociedade da información); *por vía electrónica*, cando sexa enviado desde a fonte e recibido polo destinatario de servizos da sociedade da información mediante equipos electrónicos de tratamento (incluída a compresión dixital) e de almacenamento de datos e que se transmite, canaliza e recibe integramente por fíos, radio, medios ópticos ou calquera outro medio electromagnético²¹, e *a petición individual dun destinatario de servizos*, cando sexa este quen solicite que o servizo lle sexa prestado. Por último, o servizo da sociedade da información terá carácter *oneroso* cando as dúas partes intervenientes obteñan algo de xeito recíproco, é dicir, cando tanto os prestadores de servizos da sociedade da información como os destinatarios de servizos da sociedade da información realicen unha prestación a favor da outra parte²².

18 DOCE, Lei 178/1, do 17 de xullo de 2000.

19 DOCE, Lei 204/37, do 21 de xullo de 1998.

20 DOCE, Lei 217/18, do 5 de agosto de 1998.

21 PLAZA PENADÉS, J., “La Ley de servicios de la sociedad de la información y comercio electrónico”, Plaza Penadés, J., Vázquez de Castro, E., Guillén Catalán, R. e Carbajo Cascón, F. (coords.), *Derecho y nuevas tecnologías de la información y la comunicación*, Thomson Reuters Aranzadi, Cizur Menor, 2013, pp. 43-102.

22 ALEMÁN MONTERREAL, A., “La protección de datos de menores en el ámbito sanitario: ¿discriminación necesaria?”, *Actualidad Civil*, n. 19, 2011.

Malia esta última afirmación, convén ter presente o contido do considerando 18 DCE, que aclara que os servizos da sociedade da información non cobren unicamente aqueles servizos que dan lugar á contratación en liña, senón que, na medida en que representen unha actividade económica, serán extensivos igualmente a servizos que non son remunerados polos seus destinatarios. En opinión dalgúns autores, é esta natureza onerosa da prestación unha nota esencial, xa que o que se inclúe é toda actividade desenvolvida por vía electrónica e que teña un significado económico, máis alá de que sexa o usuario final, ou non, o que deba pagar o servizo de que se trate²³.

Deste xeito, deberanse entender incluídos dentro da noción de prestadores de servizos da sociedade da información todos aqueles que obteñan ingresos económicos como consecuencia do servizo, xa sexa directamente (como é o caso dos servizos remunerados polos seus destinatarios) ou indirectamente (a través da inclusión de publicidade ou como consecuencia da explotación de datos persoais dos usuarios que se rexistran para acceder ao servizo). Quedarían fóra, pola contra, todos os demais supostos en que caiba apreciar unha ausencia total de actividade económica, como adoita suceder coas páxinas ou blogs de carácter persoal, que deberán ser excluídos do réxime xurídico específico dos prestadores de servizos da sociedade da información.

No noso ordenamento xurídico interno e en termos practicamente idénticos, a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico²⁴ (en diante, LSSICE), optou tamén por incluír, no apartado a) do seu anexo, unha definición de servizos da sociedade da información. Todos estes servizos, afirma o lexislador español, caracterizaranse por catro aspectos esenciais que deben concorrer acumulativamente: ser prestados a distancia, por vía electrónica, logo de petición individual do destinatario de servizos da sociedade da información e, polo menos habitualmente, a título oneroso. E é aquí onde, con base na exposición de motivos, o apartado terceiro inclúe, dentro do concepto de servizos da sociedade da información, o comercio electrónico, no cal se integrarían dúas actividades fundamentais que agrupan o resto: dun lado, o envío de comunicacións comerciais previas á contratación, que agrupa a subministración de información vía telemática, e, doutro, a contratación electrónica propiamente dita, na cal se subsume tanto a organización e xestión de paxas por medios electrónicos ou de mercados e centros comerciais virtuais como a xestión de compras na Rede por grupos de persoas. Os medios a través dos cales poderá canalizarse esta contratación serán, entre outros, o correo electrónico, a páxina web, a videoconferencia ou o chat.

A eles deberían engadirse, como veremos, aqueles servizos da sociedade da información de intermediación relativos á provisión de acceso á Rede (*Internet service providers*), os que permiten a transmisión de datos por redes de telecomunicacións (*mere conduit* ou *routing*), os concernentes á realización de copia temporal das páxinas de Internet solicitadas polos usuarios (*proxy caching* ou memoria tampón), os que posibilitan o aloxamento, nos propios servidores, de información, servizos ou aplicacións facilitados por outros (aloxamento), os que provén instrumentos de

23 RODRÍGUEZ AYUSO, J.F., *Ámbito contractual de la firma electrónica*, Editorial Bosch, Barcelona, 2018.

24 BOE n. 166, do 12 de xullo de 2002.

procura ou de ligazóns a outros sitios de Internet (*searching and linking*), os que fan posible tanto a creación, verificación e validación de sinaturas electrónicas, selos electrónicos, selos de tempo electrónicos, servizos de entrega electrónica certificada, certificados relativos a estes servizos e certificados para a autenticación de sitios web como a preservación de sinaturas, selos ou certificados electrónicos relativos a estes servizos (*trust services* –servizos da sociedade da información de intermediación–) ou calquera outro servizo que se preste a petición individual dos usuarios (como a descarga de arquivos ou audio), sempre que representen unha actividade económica para os prestadores de servizos da sociedade da información de intermediación:

Así as cousas, e volvendo ao consentimento do menor de idade, o Regulamento xeral de protección de datos fai unha distinción entre os seguintes posibles supostos²⁵:

1) Aqueles casos en que o menor de idade ten menos de 18 anos e máis de 16 anos, casos en que poderá outorgar o seu consentimento, de tal maneira que, de prestalo, o tratamento que dos seus datos persoais realice o responsable do tratamento será lexítimo.

La exención que nos viene ocupando no ha sido sustituida por el beneficio fiscal previsto en apartado 2 bis del artículo 74 del TRLRHL, introducido por la Disposición final cuarta la Ley Orgánica 4/2007, de 12 de abril, por la que se modifica la Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades, consistente en una bonificación –potestativa para los ayuntamientos– de hasta el 95 por ciento a favor de los organismos públicos de investigación y los de enseñanza universitaria. Si reparamos en esa Ley Orgánica veremos que ninguno de sus preceptos suprime ni modifica lo dispuesto en el citado artículo 80 de la L.O. 6/2001. El mencionado apartado 2 bis del artículo 74 del TRLRHL es fruto de la tramitación parlamentaria de la Ley Orgánica 4/2007, de 12 de abril, puesto que en el proyecto publicado en el Boletín Oficial del Congreso del día 8 de septiembre de 2016 no se contenía un precepto de ese tenor. A lo largo del trámite parlamentario se sucedieron varias redacciones, pero al final prevaleció la que hemos reseñado, fruto de una enmienda transaccional, de la que se desprende que la voluntad del legislador no es la de suprimir los beneficios fiscales previstos en el indicado artículo 80 de la L.O. 6/2001, sino la de añadir una bonificación potestativa –de carácter subjetivo– para bienes inmuebles de organismos públicos de investigación y los de enseñanzas universitarias».

8.2 Imposto sobre construccions, instalaciones e obras. Base imponible: conceptos excluidos

O TSXG, na súa sentenza do 13 de outubro de 2020 (rec. 15011/2020, relator: Rivera Frade), incide en que:

«La jurisprudencia es pacífica sobre la no inclusión de los gastos generales y del beneficio industrial en la base imponible del ICIO. Respecto de los gastos generales, como dice la

REGAP



COMENTARIOS E CRÓNICAS

jurisprudencia, están compuestos por una heterogénea serie de elementos que sólo de un modo indirecto incrementan el coste de la correspondiente obra. Y en cuanto a la no inclusión del porcentaje calculado como beneficio industrial del contratista, su gravamen significaría sujetar tanto la riqueza representada por la obra como el volumen de negocios del constructor».

8.3 Imposto sobre a renda das persoas físicas. Non suxeición de axudas de custo por desprazamentos do traballador para a súa actividade laboral. Carga da proba

A sentenza do TS do 3 de decembro de 2020 (rec. 6784/2019, relator: Aguallo Avilés) consolida a recente xurisprudencia que rectifica o criterio do TSXG sobre a carga da proba da vinculación coa actividade laboral das axudas de custo percibidas polo traballador exentas do IRPF. Incide o Alto Tribunal en que:

«(...) corresponde a la Administración la carga de la prueba dirigida a acreditar la sujeción de dichas asignaciones –siempre que se haya cumplimentado por retenedor y perceptor los deberes formales a los que vienen obligados–; que pasa, entre otras circunstancias, por acreditar la inexistencia del desplazamiento o que este se debió a una razón o motivo ajeno a la actividad económica o trabajo que se presta –lo cual resulta de suma facilidad para la Administración, en tanto que, en su poder deben estar la totalidad de los documentos al efecto, le basta con el simple cotejo de los documentos en su poder con la acreditación que le corresponde al pagador, sin perjuicio de que se pueda valer de cuantos medios de prueba se autorizan–.

Es el reglamento el que advierte, como se ha dejado dicho, que es el pagador el que debe acreditar el día y lugar del desplazamiento, en definitiva, su realidad, así como su razón o motivo, esto es su vinculación con la relación laboral de la que se obtiene los rendimientos. Por tanto, no pudiendo exigir la Administración al contribuyente documentos que ya estén en su posesión –ni aquellos respecto de gastos que no precisan justificación conforme al art. 9 del reglamento–, y haciendo recaer normativamente el deber del pagador de acreditar el día y lugar del desplazamiento, así como su razón o motivo, a estos efectos el contribuyente no asume más deber que cumplimentar su declaración aportando los certificados expedidos por la empresa, que de no resultar suficientes para la Administración para discernir sobre la sujeción o no de asignaciones y dietas deberá dirigirse al empleador para hacer prueba sobre dichos extremos a los efectos de la exclusión prevista en el art. 17 de la LIRPF, pues es al pagador al que se le impone reglamentariamente dicho deber. Todo ello en el buen entendimiento que siendo necesaria en todo caso la intervención del pagador para dicha acreditación, que supone en definitiva acreditar la realidad del desplazamiento, de no alcanzarse dicho objetivo por imposibilidad o insuficiencia de la acreditación, en modo alguno queda perjudicado el derecho del contribuyente de valerse de cuantos medios probatorios se autorizan legalmente para hacer prueba sobre dichos extremos; y sin perjuicio de que habiéndose producido la acreditación por parte del pagador de día y lugar del desplazamiento y de su razón o motivo, esto es acreditada la realidad del

desplazamiento, se perjudique el derecho de la Administración de determinar si estamos o no ante gastos o asignaciones excluidos, en tanto que el fundamento y fin de la exclusión no es otro que cubrir los gastos que el trabajador–perceptor tiene necesidad de hacer en el desarrollo de su actividad laboral, lo que exige la correlación entre gastos necesarios y desplazamientos realizados para el desarrollo de la actividad.

Hechas las anteriores matizaciones, ha de concluirse que no es al empleado al que corresponde probar la realidad de los desplazamientos y gastos de manutención y estancia a los efectos de su no sujeción al IRPF, sino que la Administración para su acreditación deberá dirigirse al empleador en cuanto obligado a acreditar que las cantidades abonadas por aquellos conceptos responden a desplazamientos realizados en determinado día y lugar, por motivo o por razón del desarrollo de su actividad laboral».

9 Universidades

9.1 Correspondencia dos títulos universitarios anteriores ao “sistema Bolonia” co marco español de cualificacións para a educación superior (MECES)

O TS confirma na súa sentenza do 1 de xullo de 2020 (rec. 6682/2018, relator: Picó Lorenzo) unha resolución dunha universidade galega que excluíu á actora do programa de doutoramento de ciencias da saúde por non acreditar estar en posesión, polo menos, de 300 créditos ECTS, superados en estudos universitarios, tal como exige o artigo 15.1 do Regulamento interno de estudos de doutoramento. O Alto Tribunal fixa nesta sentenza, como criterio xurisprudencial, que:

«la determinación por Acuerdo del Consejo de Ministros del nivel de correspondencia entre los títulos universitarios oficiales obtenidos con la normativa anterior al “sistema Bolonia” al nivel del marco español de cualificaciones para la educación superior (MECES), no supone una completa homologación con el título de grado (MECES 2) sino una correspondencia a efectos académicos y profesionales no permitiendo el acceso a programas oficiales de posgrado salvo que se trate de un grado al que se atribuyan 300 créditos ECTS».

E iso partindo das seguintes consideracións:

«(...) no está de más añadir la existencia –aunque carezca de valor jurídico– de la nota aclaratoria de noviembre 2013 (a que hace mención la reciente sentencia de esta Sala de 15 de junio de 2020, casación 5767/2018 en un recurso sobre la incorporación a la fase de investigación del doctorado) sobre la interpretación del art. 6.2.a) del Real Decreto 99/2011 de la Secretaría General de Universidades del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Esa nota decía:

“Por tanto, podrán acceder a un programa oficial de doctorado aquellos estudiantes que estén en posesión de una titulación universitaria oficial española obtenida conforme a



anteriores ordenaciones universitarias, es decir, los Licenciados, Arquitectos, Ingenieros, Diplomados, Arquitectos Técnicos e Ingenieros Técnicos (títulos que habilitan para el acceso a enseñanzas de Máster universitario), que hayan superado en el conjunto de estudios universitarios oficiales un mínimo de 300 créditos ECTS, de los cuales, al menos 60 habrán de ser de nivel de Máster.

De acuerdo con lo anterior, corresponde a cada Universidad, de acuerdo con su normativa específica, determinar tanto las equivalencias entre los créditos LRU (propios de las anteriores titulaciones) y los créditos ECTS, como los criterios de valoración de los 60 créditos ECTS que, al menos, deban ser considerados como créditos de nivel de Master, a los efectos de que estos titulados accedan a los estudios de doctorado”.

La resolución de la Universidad de la Coruña confirmada primero por el juzgado de lo contencioso-administrativo y posteriormente por el TSJ de Galicia no desactiva la potestad del Estado para determinar la correspondencia de la equivalencia entre antiguas y nuevas titulaciones fijando los efectos académicos de las titulaciones pre-Bolonia.

Cuestión distinta es que del art. 6 del RD 99/2011 se concluye inequívocamente la facultad de las Universidades para determinar las equivalencias entre los créditos de las antiguas titulaciones (Ley de Reforma Universitaria, LRU) y créditos ECTS (European Credit Transfer System) en razón de su duración o carga horaria.

Tiene razón la Sala de la Coruña cuando declara la distinta regulación del acceso a los cursos del Doctorado y de los estudios conducentes a obtener el Grado y la Maestría por lo que los pretendidos efectos del RD 1393/2007 sobre el Doctorado que reclama la recurrente no tienen lugar dada la redacción del RD 99/2011.

La recurrente no ostenta un MECES-3 que le permita el acceso directo al Doctorado, conforme a la legislación más arriba reflejada, sino un MECES-2 valorado en 180 horas al que adiciona un Master de 60 horas ECTS por lo que no alcanza los 300 créditos ECTS necesarios para poder acceder a los estudios de Doctorado».

Regap

Recensiones

3



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 60_xullo-decembro 2020 | pp. 261-264
Santiago de Compostela, 2020
<https://doi.org/10.36402/regap.v0i60.4652>
© Verónica Piñeiro Soliño
ISSN-L: 1132-8371

Recibido: 12/11/2020 | Aceptado: 14/12/2020
Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

Una propuesta legislativa para modernizar las oposiciones

60 Regap

Regap



RECENSIONES

VERÓNICA PIÑEIRO SOLIÑO

Boleira de investigación en Dereito Administrativo
Escola Galega de Administración Pública
veronica.pineiro.solino@outlook.com

VILLAMERIEL PRESENCIO, L.P.: *Una propuesta legislativa para modernizar las oposiciones*, Ediciones Endymion, Madrid, 2020, 128 pp. ISBN: 978-84-7731-653-4.

O termo oposición emprégase para facer referencia a unha das vías que, xunto co concurso-oposición e, excepcionalmente, o concurso, dan acceso á función pública tras superar unha serie de probas, avaliadas por un tribunal, nas cales cómpre demostrar os coñecementos exixidos no correspondente temario.

O acceso á función pública é un tema de gran relevancia; non en van, diso dependerá non só seleccionar os mellores aspirantes, senón atraer bos candidatos. Non obstante, malia que se discutiu en diversas ocasións sobre a necesidade de modificar un sistema en que prima unha concepción expositivo-memorística da demostración

de coñecementos, polo momento, non se acadou un consenso que permitise materializar reformas ao respecto.

Nesta obra –cuxo contido foi presentado e debatido na Xornada sobre Función Pública e Bo Goberno, celebrada en Barcelona o día 28 de febreiro de 2020– Luis P. Villameriel Presencio, funcionario de carreira do Corpo Superior de Administradores Cívís do Estado cunha dilatada traxectoria na Administración pública, aborda a modernización das oposicións dunha forma clara, concisa e exhaustiva, pero, sobre todo, construtiva. Ofrécelle ao lector un percorrido guiado pola dinámica destes procesos selectivos, centrándose no sistema de selección dos funcionarios dos corpos superiores da Administración xeral do Estado para, finalmente, achegar unha proposta articulada de *lege ferenda*.

Así, non estamos ante un mero estudo que se limite a indicar e enumerar as virtudes ou deficiencias do sistema, senón ante unha proposta de mellora que presenta unha alternativa precisa, concreta e detallada, co seu correspondente plan de implementación.

No índice da obra resúmense perfectamente os aspectos clave do traballo e, ao longo dos seus once capítulos e 128 páxinas, analízase e explícase a situación actual dos procesos selectivos dos corpos superiores para, a continuación, argumentar por que cómpre reformar o sistema, achegando solucións ao respecto.

No primeiro capítulo o autor contextualiza o seu traballo e reflexiona sobre os obxectivos que se deben perseguir para modernizar a Administración pública e, tamén, sobre os intentos falidos e oportunidades perdidas.

Neste sentido, para o autor resulta fundamental revisar en profundidade os procesos selectivos e modernizar o sistema de oposicións a través dunha norma, necesariamente con rango de lei, de tal forma que se consiga captar talento xove e innovador na función pública.

Precisamente «atraer o talento, en especial o talento xove» é o título seleccionado para o segundo capítulo da obra. Nel, centrando a análise na oposición, como sistema que, con carácter xeral, selecciona os funcionarios dos corpos superiores, o autor cuestiona a súa efectividade á hora de atraer ese talento.

Sorprende que, tras a profunda reforma realizada na educación superior co plan Bolonia e a súa metodoloxía, na selección de funcionarios dos corpos superiores, necesariamente titulados universitarios, se prescindira de elementos como as características persoais do candidato, aptitudes, experiencia profesional ou historial académico para avaliar a súa capacidade, reducindo a técnica de selección á comprobación de que o aspirante coñece de forma memorística o contido do temario.

O autor realiza unha análise comparada das experiencias doutros países como Francia e destaca positivamente que, no país galo, partise do presidente da República a iniciativa transformadora que está previsto que culmine nunha lei que reforme a función pública superior, baseándose nas propostas recollidas no Informe Thiriez, froito do encargo realizado polo Goberno francés a unha comisión de expertos, en contraste co desinterese dos responsables políticos españois pola selección de funcionarios.

Os capítulos terceiro a quinto dedícanse a analizar a regulación dos sistemas selectivos, a técnica de selección do persoal e os corpos e escalas de funcionarios, axudándolle ao lector a comprender a necesidade de modernizalos.

Como indica o autor, o EBEP limitábase a ofrecer diversas posibilidades sen concretar axeitadamente os procedementos de selección. A ausencia de concreción legal provocou, en palabras do autor, unha dispersión de prácticas selectivas, consecuencia de que sexan as “autoridades administrativas de segundo rango” e non o Parlamento ou o Goberno os que se encarguen de determinar cuestións clave dos procesos.

Así, segundo sinala, en España non existe unha política pública de selección de funcionarios superiores dirixida a atraer o talento á Administración pública, e deste xeito o enuncia, literalmente, no capítulo seis, no cal, así mesmo, expón razóns que avalan a súa afirmación. En tal sentido, retoma o exemplo francés, onde se traza a función pública superior como unha política de Estado e lamenta que en España se considere “meras cuestións de persoal”.

No capítulo sétimo, tras preguntarse que se debe facer ao respecto, propón unha modernización das oposicións incidindo no contido do programa e no deseño do proceso selectivo. En concreto, nos capítulos oitavo a décimo expón e explica as interesantes recomendacións que se concretan no que o autor denomina «proposta de lei de modernización dos sistemas selectivos dos corpos e escalas do Grupo A da Administración xeral do Estado», que se recolle no anexo da obra.

Para o autor é fundamental que os procesos selectivos sexan máis sustentables e atractivos, e, para conseguilo, propón unha serie de cuestións necesarias e urxentes.

Sen ánimo de ser exhaustivos, podemos destacar as seguintes: acabar con temarios sobredimensionados e configuralos a semellanza dos programas universitarios, en créditos ECTS, tendo en conta as horas de dedicación necesarias para adquirir os coñecementos que inclúen; transformar a configuración dos cursos de formación de potestativa a preceptiva; fixar por lei, para todos os corpos e escalas, os puntos clave do proceso selectivo, denominado polo autor como itinerario de ingreso con dúas fases, ambas as dúas selectivas, obrigatorias, diferenciadas e complementarias: unha primeira onde se realizarán probas tendentes a comprobar as capacidades do aspirante e unha segunda que pivotará arredor do curso de formación; supresión de probas orais expositivo-memorísticas; limitación e concreción do número de exercicios; posibilidade de conservar a nota dos exercicios realizados cando se supere o 60% da cualificación máxima; convocatoria de procesos selectivos conxuntos; celebración de convenios con universidades, como xa sucede nalgúns corpos, que proporcionen rango de máster ao curso de formación; ou implicar a ANECA, o INAP e os demais institutos ou centros de formación na configuración dos itinerarios de ingreso.

Para concluír, antes do anexo final, que recolle a proposta articulada do autor, no capítulo once propónse un marco temporal de dezaioito meses desde a entrada en vigor da lei suxerida para que se confeccionen e aproben os itinerarios de ingreso, de tal forma que poidan aplicarse á primeira oferta de emprego público que se convoque tras a entrada en vigor da nova regulación.

regap



RECENSIONES

Este traballo, de lectura sumamente aconsellable, incorpora a experiencia do autor como opositor, membro de tribunais de oposición e funcionario de carreira que ocupou postos de gran responsabilidade e é consciente das necesidades da Administración. O feito de coñecer os procesos selectivos desde todas as perspectivas é un valor engadido á hora de plasmar os puntos clave da reforma que se precisa e ofrecer unha proposta verdadeiramente completa.

Por todo o sinalado, trátase dunha obra recomendable para calquera xurista interesado no estudo dos sistemas de selección de funcionarios, na cal atopará unha interesante proposta de reforma.



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 60_xullo-dецembro 2020 | pp. 265-269
Santiago de Compostela, 2020
<https://doi.org/10.36402/regap.v0i60.4693>
© Noelia Betetos Agrelo
ISSN-L: 1132-8371

Recibido: 11/12/2020 | Aceptado: 14/12/2020
Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

Los servicios sociales en el S. XXI: nuevas tipologías y nuevas formas de prestación

60 Regap

Regap



RECENSIONES

NOELIA BETETOS AGRELO

Investigadora da Área de Dereito Administrativo
Universidade de Santiago de Compostela
noelia.betetos.agrelo@usc.es

GARRIDO JUNCAL, A.: *Los servicios sociales en el S. XXI: nuevas tipologías y nuevas formas de prestación*, Thomson Reuters-Aranzadi, Cizur Menor, 2020, 313 pp. ISBN: 978-84-91352-95-2.

Esta monografía constitúe a continuación do estudo acerca da configuración do réxime xurídico dos servizos sociais no ordenamento xurídico español. O dito traballo foi iniciado pola autora con ocasión da súa tese de doutoramento, culminada con grande éxito no ano 2015. O labor efectuado na súa monografía é encomiable, pois existen poucos estudos que se decanten por abordar como tema central a análise do réxime xurídico actual dos servizos sociais, dada a súa enorme complexidade e a escasa preocupación que o lexislador prestou a esta cuestión ata épocas recentes.

O volume estrutúrase en catro capítulos nos cales se acomete de xeito sistemático o estudo da evolución histórica no que respecta á configuración xurídica dos servizos sociais para confrontala *a posteriori* co estado actual da disciplina. No capítulo segundo, é posible atopar unha elaborada construción dogmática en que a profesora Garrido Juncal trata de introducir o lector na conceptualización do termo “servizos sociais”, así como definir cal é a natureza xurídica que reviste esta modalidade de servizo público. No capítulo terceiro, analízase o marco xurídico en que se enmarcan os servizos sociais, desde o seu encadramento no réxime xurídico constitucional, pasando pola análise da repartición competencial en materia de servizos sociais entre os diferentes niveis de goberno, con especial referencia ás leis autonómicas que regulan esta tipoloxía de servizos. Finalmente, o último capítulo, en consonancia co anterior, remata coa exposición detallada do réxime xurídico do concerto social a través dun exame transversal dos elementos obxectivos, subxectivos e procedementais que caracterizan esta institución.

Cómpre comezar esta recensión sinalando que a investigación, que neste sentido chega nun momento moi pertinente, afronta a análise crítica dos principais desafíos a que se enfrontan os servizos sociais na actualidade. Todo iso examinado desde unha óptica que permite establecer unha visión global acerca de como se desenvolveu o proceso evolutivo da institución dos servizos sociais, o que sen dúbida é esencial para comprender cales foron os factores decisivos no que ao atraso da súa consolidación se refire.

Certamente, tal como se logra albiscar no traballo, o carácter cíclico que constitúe a esencia das recesións económicas como a acaecida no ano 2008 de cuxos efectos aínda non estamos completamente repostos, así como a frustración no obxectivo de recuperación financeira lograda ata a actualidade que se viu dificultada a causa das secuelas que xa se empezan a manifestar a consecuencia da pandemia do COVID-19, fan que a implementación dun sistema de servizos sociais sólido sexa todo un reto para o conxunto das nosas administracións públicas. Así, a premisa que se extrae desta primeira aproximación pódese sintetizar baixo a idea de que os períodos de dificultade económica son unha das principais causas que inciden no grao de protección que se lles dispensa aos dereitos fundamentais socioeconómicos, coa conseguinte afectación negativa ao ámbito dos servizos sociais.

Da argumentación exposta despréndese que o núcleo central que rodea a construción dunha teoría solvente que teña como obxecto os servizos sociais se ve, a miúdo, frustrado pola posición que se lle outorga a esta tipoloxía de servizos públicos dentro do conxunto de prestacións garantidas no marco do Estado de benestar. Resulta evidente, polo tanto, que os servizos sociais viñeron ocupando tradicionalmente o lugar menos evolucionado do cuarteto que conforma xunto á sanidade, á educación e á seguridade social. O certo é que, en contraposición á fortaleza e á estabilidade que caracterizan os servizos públicos anteriormente citados, as prestacións asistenciais, por outro lado, dependen en gran medida da situación económica e da dispoñibilidade orzamentaria existente en cada momento, de tal forma que veñen resignándose a

ocupar unha sorte de categoría secundaria cuxo fin busca cubrir as necesidades que non atopan cabida na educación, na sanidade e na seguridade social.

O estudo do primeiro capítulo permitiralle ao lector, tal como o fai a autora, cuestionarse acerca do feito de se, e en que medida, o réxime xurídico dos servizos sociais se ve afectado polas tendencias políticas e sociais preeminentes na actualidade que se decantan pola destrución do sistema existente ou ben se debe avogar por unha axeitada reestruturación do modelo de Estado de benestar. A profesora fai fincapé no feito de que os servizos sociais, e máis especificamente no tocante ao nivel de garantía asistencial que se vai reclamar a través deste tipo de prestacións, vén innegablemente ligado ao contexto social, político e económico presente en cada momento, o que exige un esforzo constante por parte das institucións públicas, que teñen que adaptarse á situación cambiante. Neste sentido, aínda que resulta innegable que a dispoñibilidade orzamentaria é un elemento clave na fixación do alcance dos servizos sociais que se lles van brindar aos cidadáns en cada momento histórico, tamén convén destacar que lles corresponde aos poderes públicos garantir, en calquera caso, un contido prestacional mínimo que vén ligado á declaración constitucional do Estado social e que se deberá manter con independencia da situación financeira das arcas públicas. Finalmente, dentro do contido da primeira parte da obra, resta destacar as interesantes observacións formuladas nas que se teoriza sobre o valor que se lle debe dar á recente proliferación de disposicións normativas ditadas neste ámbito, mediante a análise dos motivos a que responde a centralidade que esta materia tivo en épocas recentes e se con ela se está a tratar de paliar as insuficiencias estruturais que presentaba o sistema ata a actualidade.

O capítulo segundo aborda unha tarefa arduamente complexa, como é sempre o conceptualización das institucións xurídicas¹, acrecentada esta dificultade no caso dos servizos sociais polo feito de estarmos ante unha acepción polisémica, o que supón que nela atopen cabida diferentes modalidades de prestacións asistenciais. Ao longo do capítulo, a autora avoga pola necesidade de restrinxir o concepto de servizos sociais, afirmando que, a miúdo, o termo se emprega para describir unha realidade tan ampla que practicamente atopan acomodo nela calquera tipo de política pública de orde social, laboral, cultural, educativa ou calquera outra de análoga natureza, o que resulta contraproducente cando se trata de materializar estas políticas ou directrices en verdadeiras prestacións en favor dos cidadáns. Pola súa vez, o lector poderá beneficiarse do labor de clasificación sempre de grande utilidade para organizar algúns dos conceptos esenciais arredor da configuración do réxime xurídico dos servizos sociais.

Efectuada a antedita tarefa de sistematización e conceptualización, a autora culmina o capítulo abordando dúas cuestións que incitan á reflexión. Por unha banda, analiza cal é a posición xurídica que ocupa o cidadán nas relacións que o unen coa Administración pública, como destinatario o primeiro e responsable a segunda na

1 Especial mención no ámbito da formación de conceptos xurídicos propios do dereito público merece a monografía de DÍEZ SASTRE, S., *La formación de conceptos en el Derecho Público. Un estudio de metodología académica: definición, funciones y criterios de formación de los conceptos jurídicos*, Marcial Pons, Madrid, 2018. Neste sentido, a mesma autora destaca a complexidade inherente á construción dogmática no ámbito xurídico, dificultada pola imposibilidade de abranguer a totalidade das fontes dispoñibles, pero tan necesaria para o progreso da ciencia xurídica.

prestación dos servizos sociais. E, por outra banda, na última epígrafe o lector pode afondar nas observacións formuladas pola profesora Garrido Juncal sobre a natureza xurídica que cómpre recoñecerlles aos servizos sociais, así como os argumentos esgrimidos pola doutrina en relación coa súa eventual cualificación como servizo público.

Seguidamente, o capítulo terceiro dedícase á revisión do marco normativo en que se encadra a regulación dos servizos sociais. Pola súa parte, este atópase dividido en dúas epígrafes diferenciadas nas cales se aborda o estudo da constitucionalización dos servizos sociais a partir da Carta Magna de 1978, para a continuación examinar na segunda epígrafe as disposicións autonómicas vixentes que regulan esta cuestión, así como as tensións competenciais que se produciron tras as iniciativas do lexislador estatal nun ámbito cuxa competencia corresponde en exclusiva ás comunidades autónomas (art. 148.1.20º CE).

Certamente, en España a configuración constitucional do Estado social non é unha cuestión exenta de dificultades. Con carácter xeral, a lectura da nosa Carta Magna permite individuar numerosas ordes dirixidas aos poderes públicos cuxo contido incorpora verdadeiros mandatos destinados á tutela daqueles sectores da poboación que se atopan máis desfavorecidos ou en situación de vulnerabilidade. Non obstante, a redacción ambigua e as cuantiosas remisións fan que estas obrigas impostas a poderes públicos se dilúan, quedando reconducida a meros principios programáticos que deben inspirar o ordenamento xurídico, sen recoñecérselles un contido obrigatoriedade concreto. No que respecta ao estudo da regulación vixente, a totalidade das nosas comunidades autónomas asumiron, en réxime de exclusividade, a aprobación de disposicións cuxo obxectivo principal se centra na construción dun réxime xurídico completo en materia de servizos sociais. Porén, debe salientarse a tendencia crecente do lexislador nacional de “invadir” este marco competencial propio das autonomías, que, pola súa vez e de forma sorprendente, adoptaron unha actitude pasiva respecto a estas intrusionas, limitándose a adaptar a súa normativa propia ás novas directrices consagradas nas disposicións estatais².

O último capítulo céntrase no estudo das formas de xestión dos servizos sociais. Como xa resulta de sobra coñecido, no ámbito específico desta tipoloxía de servizos conflúen a iniciativa pública coa erogación privada das prestacións e demais beneficios de carácter asistencial que integran o contido da institución xurídica obxecto de análise. A conciliación das dúas formas de prestación non presenta neste sector de actividade ningunha problemática desde o punto de vista do respecto ao principio de libre competencia, fortemente implementado a partir do proceso de liberalización

2 Con carácter xeral, a base competencial a que recorre o lexislador nacional cando desexa acometer algunha intervención lexislativa en materia de servizos sociais é a sinalada no artigo 149.1.1.º da CE, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para a “regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes”; así o fixo, por exemplo, con ocasión da aprobación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Este feito parece denotar a vontade do lexislador estatal de irromper nun ámbito de actuación que tradicionalmente veu desenvolvido polas comunidades autónomas, sen prexuízo das eventuais transferencias de fondos proporcionadas para financiar esta actividade prestacional. O feito de que se recorra a esa habilitación constitucional tan abstracta e pouco conectada, *a priori*, cos servizos sociais pode ser un elemento a tomar en consideración para testemuñar que o Estado invadiu competencias propias das autonomías, xa que se se atopase formalmente lexitimado para abordar este labor se ampararía nalgunha outra base de entre as expresamente previstas no artigo 149 da Carta Magna.

económica instado polas autoridades europeas. En concreto, a compatibilidade dos dous réximes, o privado, suxeito ás regras de mercado, e o público, financiado con cargo ás dispoñibilidades orzamentarias das administracións, xustifícase na relevancia social que subxace á prestación destes servizos.

Así, a normativa actual que regula as formas de xestión dos servizos sociais é o resultado dun conxunto de acontecementos que influíron de forma significativa na normativa vixente. O primeiro deles non pode ser outro que a aprobación polas institucións europeas do Cuarto Paquete de Directivas sobre contratación pública, cuestión intimamente ligada ao segundo elemento, que vén marcado polo xeito de transposición das mencionadas disposicións ao ordenamento xurídico español. Respecto a este punto, debo limitar as miñas reflexións a apuntar que a incorporación das anteriores previsións implica a eliminación do contrato de xestión de servizos públicos e, dentro deste, da modalidade do concerto, ferramenta que tradicionalmente lles daba forma aos contratos que tiñan como obxecto a prestación dos servizos sociais. Finalmente, o último fito que caracteriza esta nova regulación é a supervivencia da figura do concerto social nas lexislacións das comunidades autónomas, aspecto este último que é analizado con plena solvencia na obra, á cal nos remitimos para afondar máis sobre o tema.

Por todo o exposto, cabe concluír que a lectura do libro analizado resulta sumamente recomendable a todo tipo de público que desexe formarse na materia, xa que lles proporciona aos lectores unha visión global acerca do panorama xurídico vixente e dos retos a que se enfrontan os servizos sociais na actualidade. Todo iso analizado cun enfoque exhaustivo que garante ao lector a certeza de adquirir o coñecemento necesario sobre os sucesivos cambios que acaeceron neste eido durante a paulatina evolución da institución xurídica.

En definitiva, a obra resulta destacable non só pola gran brillantez expositiva da súa redacción, senón tamén pola accesibilidade con que se expón unha cuestión de tanto calado como a é a construción dogmática dos servizos sociais. Iso fai da monografía un instrumento sumamente aconsellable para aqueles que desexen acometer o estudo do réxime xurídico dos servizos sociais a través da análise da súa evolución histórica e da normativa vixente, así como dos desafíos e perspectivas que cómpre superar no futuro para o progreso nesta disciplina.

Regap



RECENSIONES



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 60_xullo-decembro 2020 | pp. 271-274
Santiago de Compostela, 2020
<https://doi.org/10.36402/regap.v0i60.4593>
© María Victoria Álvarez Buján
ISSN-L: 1132-8371

Recibido: 29/07/2020 | Aceptado: 14/12/2020
Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

Guía práctica para la interposición del recurso especial en materia de contratación

60 Regap

Regap



RECENSIONES

MARÍA VICTORIA ÁLVAREZ BUJÁN

Doutora en Dereito
Universidade de Vigo
Avogada
<https://orcid.org/0000-0001-5858-8984>
victoriaalvarezbujan@gmail.com

ORTIZ ESPEJO, D.: *Guía práctica para la interposición del recurso especial en materia de contratación*, Wolters Kluwer, Madrid, 2019, 349 pp. ISBN: 978-84-9090-410-7.

A monografía obxecto de comentario é da autoría individual de D. Daniel Ortiz Espejo, doutor en Dereito e profesor asociado de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade Rey Juan Carlos (URJC), ao mesmo tempo que avogado en exercicio, que desenvolve a súa actividade especialmente no marco do dereito administrativo e financeiro. O autor presenta, á vista da súa traxectoria profesional, un perfil académico e, asemade, práctico, e xustamente nesa liña de conxunción entre a investigación e a praxe está elaborada a obra en cuestión, de singular utilidade.

Para contextualizar este traballo ou facer unha composición de lugar acerca del, debemos sinalar que toma como eixe central a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014\23\UE e 2014\24\UE, do 26 de febreiro de 2014, que implicaron relevantes novidades no que atinxe ao réxime xurídico da contratación pública. En síntese, podemos indicar que nos atopamos ante un recurso gratuíto para as persoas que decidan facer uso de tal instrumento, cuxa interposición é potestativa, de xeito que o/a recorrente pode escoller entre presentar este ou acudir directamente á xurisdición contencioso-administrativa¹, xa que contra as actuacións susceptibles de ser impugnadas mediante este recurso especial non cabe a interposición de recursos ordinarios (de alzada ou reposición). En definitiva, este recurso supón un mecanismo, á disposición dos licitadores, para controlar que a actuación administrativa se axuste á legalidade e, máis en particular, á observancia das previsións e exixencias establecidas na mencionada LCSP.

En canto ao deseño e contido do traballo, debemos sinalar que, tras a compilación de abreviaturas utilizadas ao longo del e das consideracións efectuadas a xeito de introdución, se atopa estruturado en cinco capítulos perfecta e estratexicamente organizados. Ao final inclúe, en epígrafes separados, unha guía de formularios tipo e un decálogo para a preparación dun recurso especial en materia de contratación. Así mesmo, recolle o conxunto de resolucións citadas, o glosario de termos de contratación pública e as referencias bibliográficas empregadas como apoio e soporte para a redacción da obra, ademais dun directorio con información práctica dos tribunais administrativos de contratación. En suma, trátase dun traballo completo, que toca todos os aspectos importantes e de interese teórico e práctico relativos ao recurso especial en materia de contratación.

Afondando xa no contido de cada capítulo, debemos salientar que o primeiro de se titula “Aproximación ao recurso especial en materia de contratación”. Este capítulo posúe un corte preliminar ou introdutorio, que comeza abordando os antecedentes existentes en relación con este particular tema obxecto de estudo, para proseguir coa análise dos motivos que xustifican este recurso especial, a súa incorporación e regulación no noso ordenamento. Neste contexto, examínase tamén a natureza xurídica e as características que reviste o referido recurso, ademais da delimitación do seu ámbito de aplicación (que se viu ampliado pola nova Lei de contratos do sector público), tanto subxectivo como obxectivo.

O segundo capítulo céntrase nos “Aspectos orgánicos dos tribunais administrativos (TACRC, tribunais autonómicos, provinciais e municipais)”. Aquí, tras realizar unha exposición de cuestións previas, dedícanse dúas epígrafes individualizadas a examinar as particularidades do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais e dos tribunais autonómicos de contratación pública. Deseguido, afóndase no estudo dos órganos competentes para a resolución do recurso especial en materia de contratación

1 Non obstante, cómpre precisar que, se se opta por interpor o dito recurso, non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que este sexa resolto de xeito expreso ou se producise a súa desestimación presunta (por silencio administrativo).

nas entidades locais, pondo o acento loxicamente, por un lado, na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, e, por outro lado, nos tribunais propios das deputacións provinciais e municipais, punto en relación co cal se resaltan os problemas sobre a determinación da competencia. Como peche do capítulo, analízase o Estatuto dos membros, debullando o significado e o alcance da independencia do órgano, a competencia para o nomeamento, os requisitos dos membros, a súa inamovibilidade e a duración do mandato.

Pola súa banda, o terceiro capítulo abunda nos aspectos procedementais do recurso especial en materia de contratación, sendo esta, quizais, ao noso xuízo, a parte máis práctica da obra, de singular utilidade para profesionais da avogacía, xa que, ademais de examinar en detalle os fundamentos xurídicos relativos ás partes, a súa capacidade, representación e lexitimación, desenvolve todos os aspectos clave das distintas fases en que se compón este recurso especial, isto é, a interposición, tramitación (con instrución, remisión do expediente e proba) e resolución. Márcanse aquí, dun xeito ilustrativo, didáctico e rigoroso, as pautas relativas á forma, lugar, efectos e prazos de interposición, aludindo ademais á posibilidade de solicitar e adoptar medidas cautelares, as causas de inadmisión e os supostos de acumulación. En relación coa resolución, trátanse aspectos concernentes ao prazo máximo para resolver, ás formas anormais de terminación anticipada (desistencia, extinción por imposibilidade e conformidade), ás aclaracións sobre o recurso, á indemnización de danos e perdas, á fixación de garantías e á súa devolución, ademais de á execución das resolucións e á revisión das decisións dos tribunais. Reflicte aquí o autor un pleno dominio das figuras e institutos procesuais, así como dos conceptos propios do dereito administrativo.

O capítulo cuarto, que leva por título “O réxime de invalidez dos contratos administrativos”, iníciase coa realización dunha aproximación aos cambios e novidades introducidos pola LCSP, para afondar seguidamente no réxime de invalidez dos contratos administrativos, examinando con detalle os supostos de invalidez, as causas de nulidade, as cales se distinguen das causas de anulabilidade, a revisión de oficio e a invalidez no dereito civil.

Por último, o capítulo V recompila, a xeito de guía, a principal doutrina dos tribunais administrativos de recursos contractuais. Con iso preténdese sistematizar a inxente e variada casuística que continuamente se formula respecto da resolución dos recursos especiais en materia de contratación. Clasifícase así a doutrina existente e que en moitos aspectos é cambiante, por bloques temáticos, fundamentalmente atinentes aos pregos de contratación, ao procedemento de licitación, á admisión de ofertas, á exclusión de licitadores, á adxudicación e aos criterios de valoración, á marxe doutras cuestións que tamén poden suscitarse no marco da resolución desta clase de recurso especial. Sen lugar a dúbidas, este apartado en particular facilítalles notoriamente o estudo da temática aos operadores xurídicos que necesiten empaparse da regulación, funcionamento e efectos deste recurso na práctica.

Chegados a este punto e unha vez que reflectimos sinteticamente o contido global desta obra, como broche ou peche a esta recensión, non podemos facer outra cousa máis que recomendar a súa lectura, de contido non só académico e investigador,

Regap



RECENSIONES

senón tamén práctico (como o seu propio título xa prognostica) e rica no manexo de fontes bibliográficas polo seu autor. En efecto, a obra, que resulta notablemente amena, preséntase apta e de sumo interese para todos os operadores xurídicos, ao tratar un tema que cada día se atopa máis en voga no marco do dereito administrativo e do funcionamento práctico da Administración pública e, por conseguinte, do noso Estado, e que suscita –e continuará suscitando– desafíos, polémicas e controversias.

Revista Galega de Administración Pública

ISSN-L: 1132-8371

Núm. 60, julio-diciembre 2020 \ Number 60, July-December 2020

Sumario/Summary

1 ESTUDIOS / STUDIES

Concepción Barrero Rodríguez

Las causas generales de resolución de los contratos administrativos.
En particular, el incumplimiento del contratista: una puesta al día. 279
*General causes of termination of administrative contracts. In particular,
contractor breach: an update*

Francisco Javier Sanz Larruga

Derecho a una información sanitaria veraz y a una buena gestión de
los datos epidemiológicos. Una asignatura pendiente en España con
motivo del COVID-19 311
*Right to accurate health information and good management of
epidemiological data. A pending issue in Spain due to COVID-19*

José Antonio Rodríguez Míguez

Pandemia, ayudas de Estado y ayudas a los Estados: el reto de la
eficiente asignación de recursos públicos en tiempos de crisis. 369
*Pandemic, State aid and aid to the States: the challenge of efficient allocation
of public resources in times of crisis*

Fernanda Paula Oliveira

La ordenación del territorio y los retos que plantean las áreas de baja
densidad de población: breves notas sobre la realidad portuguesa. 401
*Spatial planning and the challenges posed by low population density areas:
brief notes on the Portuguese reality*

2 COMENTARIOS Y CRÓNICAS / COMMENTS AND CHRONICLES

Almudena Valiño Ces

La mediación en el proceso contencioso-administrativo. Una perspectiva comparada entre el derecho portugués y el derecho español. . . . 425
Mediation in the contentious-administrative process. A comparative perspective between Portuguese and Spanish law

Víctor José Barbeito Pose y Julián Bustelo Abuín

Los entornos de protección en la Ley 5/2016 y en el Plan básico autonómico. . . . 445
Settings of cultural heritage in 5/2016 Act and the Basic Regional Plan

Juan Francisco Rodríguez Ayuso

Principio de autoría en los trámites ante las administraciones públicas: adaptación a la nueva era digital. 459
Principle of authorship in procedures with public administrations: adapting to the new digital era

Patricia Iglesias Rey

La integridad en la contratación pública. El papel del Consello de Contas de Galicia en la prevención de la corrupción y en la gestión de riesgos en la contratación pública. 481
Integrity in public procurement. The role of the Consello de Contas de Galicia in the prevention of corruption and risk management in public procurement

Francisco de Cominges Cáceres

Jurisprudencia contencioso-administrativa. 495
Contentious-administrative jurisprudence

3 RECENSIONES / REVIEWS

Verónica Piñeiro Soliño

Una propuesta legislativa para modernizar las oposiciones. 539

Noelia Betetos Agrelo

Los servicios sociales en el S. XXI: nuevas tipologías y nuevas formas de prestación. 543

María Victoria Álvarez Buján

Guía práctica para la interposición del recurso especial en materia de contratación 549

Proceso de selección e avaliación dos orixinais

Normas de publicación 555

Proceso de selección y evaluación de los originales

Normas de publicación 559

Selection and evaluation process of originals

Publication requirements 563

Regap

Estudios

1



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 60_julio-diciembre 2020 | pp. 279-310
Santiago de Compostela, 2020
<https://doi.org/10.36402/regap.v0i60.4687>
© Concepción Barrero Rodríguez
ISSN-L: 1132-8371

Recibido: 26/11/2020 | Aceptado: 14/12/2020
Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

As causas xerais de resolución dos contratos administrativos. En particular, o incumprimento do contratista: unha posta ao día

Las causas generales de resolución de los contratos administrativos. En particular, el incumplimiento del contratista: una puesta al día

General causes of termination of administrative contracts. In particular, contractor breach: an update

60 Regap

Regap



ESTUDIOS

CONCEPCIÓN BARRERO RODRÍGUEZ

Catedrática de Derecho Administrativo
Universidad de Sevilla
<https://orcid.org/0000-0002-5500-8662>
barrero@us.es

Resumo: Este estudo ten por obxecto o exame das novidades introducidas nas causas xerais de resolución dos contratos administrativos pola Lei de contratos do sector público de 2017, con especial atención á doutrina dos órganos consultivos e á xurisprudencia xa existente co fin de expor en que sentido se puidesen ter aclarado as dúbidas que a norma presenta, pero tamén co de determinar, o que é igualmente importante, que outros problemas suscitados pola regulación legal de 2017 seguen pendentes.

Palabras clave: contrato administrativo, resolución, incumprimento do contratista, garantía, indemnización de danos e perdas.

Resumen: El presente estudio tiene por objeto el examen de las novedades introducidas en las causas generales de resolución de los contratos administrativos por la Ley de contratos del sector público de 2017, con especial atención a la doctrina de los órganos consultivos y a la jurisprudencia ya existente con el fin de exponer en qué sentido hayan podido aclararse las dudas que la norma presenta, pero también

con el de determinar, lo que es igualmente importante, qué otros problemas suscitados por la regulación legal de 2017 siguen pendientes.

Palabras clave: contrato administrativo, resolución, incumplimiento del contratista, garantía, indemnización de daños y perjuicios.

Abstract: The purpose of this study is to examine the novelties introduced in the general causes of termination of administrative contracts by the Public Sector Contracts Law of 2017 with special attention to the doctrine of the advisory bodies and the existing jurisprudence in order to explain in what sense the doubts brought up by the regulation presents have been clarified, but also, in order to determine, which is equally important, which other problems raised by the 2017 legal regulation remain pending.

Key words: administrative contract, termination, contractor breach, warranty, compensation for damages.

SUMARIO: 1 El objeto de estudio. 2 Consideraciones generales sobre la resolución del contrato administrativo. 3 Las causas generales de resolución de los contratos administrativos. 3.1 Su determinación y algunas ideas sobre los diferentes motivos de resolución establecidos en el artículo 211.1 de la LCSP. 3.2 En particular, el incumplimiento del contratista. 3.2.1 Los incumplimientos del contratista determinantes de una posible resolución del contrato. 3.2.1.1 El incumplimiento por el contratista de la obligación "principal" y de las restantes "obligaciones esenciales". 3.2.1.2 La demora en el cumplimiento de los plazos de ejecución del contrato. 3.2.1.3 El incumplimiento por el contratista de sus obligaciones laborales. 3.2.2 Los efectos de la resolución. 3.2.2.1 El punto de partida: la confusa regulación del régimen jurídico anterior. 3.2.2.2 Las consecuencias de la resolución en la LCSP: el retorno a las reglas de la Ley de contratos de las administraciones públicas de 1995 y la falta de previsión de la resolución con origen en el artículo 211.1.i).

1 El objeto de estudio

